# GALICIA. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS 2021

# A CORUÑA - SECTOR. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15000295011982 | COMERCIO DE ALIMENTACIÓN | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2021 (BOP nº 50,16/03/2021)<br>Artigo 2. Vixencia<br>A duración do presente convenio será de dous anos, contados desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro do ano 2021. Entrará en vigor o día da súa sinatura, aínda que os seus efectos económicos pactados terán efecto retroactivo ao 1 de xaneiro de 2021, nos conceptos especificados no art. 28.<br>O presente convenio colectivo prorrogarase tacitamente de ano en ano, independentemente da súa denuncia, mentres non se chegue a un acordo entre as partes sobre un novo convenio.<br>Se tras dar inicio a negociación dun novo convenio transcorrese o prazo máximo de negociación, sen alcanzar un acordo, adquírese o compromiso de acudir aos mecanismos de mediación do AGA para chegar a un acordo.<br>Artigo 3. Denuncia e os seus efectos<br>A denuncia do convenio entenderase validamente efectuada por calquera das partes sempre que medie comunicación por escrito á outra parte antes do 31 agosto do 2021.<br>Producida a denuncia do convenio, nos termos establecidos no parágrafo primeiro, as partes comprométense a constituír a comisión negociadora antes do 30 de setembro do 2021, e a iniciar a negociación efectiva inmediatamente.<br>Disposición Transitoria. Normas supletorias<br>Consideraranse normas supletorias deste convenio as de carácter xeral, o "Acordo para a Substitución da Ordenanza de Comercio" asinado o 6 de marzo de 1996 pola Confederación Española de Comercio e os Sindicatos CCOO e UXT (segundo resolución do 21/marzo/1996, da dirección Xeral de Traballo; BOE número 86, do 9/abril/1996), o acordo Marco de Comercio así como os regulamentos de réxime interior daquelas empresas que o teñan en vigor, máis todo o que en materia laboral teña plena vixencia, e non vaia en contra do pactado neste convenio colectivo. | 2,75 | Artigo 28. Condicións económicas<br>Durante a vixencia do presente convenio establécense o seguinte incremento salarial aplicable sobre o salario base de cada nivel profesional:<br>Para o ano 2021, sobre as táboa de 2019: 2,75% sen que se xeren atrasos en 2020.<br>Este incremento será de aplicación tamén ao plus de transporte e axuda escolar.<br>Durante a vixencia do convenio non haberá revisión salarial de ningún período ou concepto.<br>Recóllese como Anexo II táboas salariais anos 2020 e 2021.<br>PRIMA SINATURA DE CONVENIO.- Aboarase unha prima de sinatura de convenio, non consolidable e aboable tan só por unha vez o 31 de decembro do 2020, a todas as persoas traballadoras que estean de alta a esa data na empresa. A contía será de 200€ para as persoas traballadoras a xornada completa e que estivesen todo o ano de alta, cobrando o resto en proporción á xornada e ao tempo traballado. | Non | 2,75 |
| 15000945011981 | LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2023 (BOP nº 2, 04/01/2022)<br>Artigo 3º.-Vixencia e Duración.<br>Con independencia da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia ou Diario Oficial de Galicia, este Convenio terá unha vixencia de catro anos dende o 1 de xaneiro de 2020 ó 31 de decembro do 2023.<br>Artigo 4º.-Denuncia.<br>O presente Convenio deberá denunciarse, por calquera das partes antes dos tres meses últimos do 2023.<br>Artigo 5º.-Prórroga e ultraactividade.<br>1.- O presente Convenio prorrogarase tacitamente de ano en ano, se ningunha das partes o denunciase ó seu termo ou ó dalgunha das súas prórrogas.<br>No caso de prorrogarse por un ano, efectuarase un aumento salarial, equivalente ó incremento porcentual do IPC no seu conxunto estatal nos doce meses anteriores.<br>No caso de ser denunciado, prorrogarase indefinidamente a totalidade do convenio namentres non se chegue a un novo acordo que substitúa a este convenio.<br>Artigo 40º.-Normas Supletorias.<br>Serán normas subsidiarias do establecido neste Convenio, o I Convenio sectorial de limpeza de edificios e locais ou norma equivalente. | 1,7 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística e calculado: 1,70%<br>Artigo 17º.-Salarios.<br>Os salarios serán os que se reflicten nas táboas salariais anexas. | Non | 1,70 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15001235011982 | REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA | Convenio colectivo | CONVENIO 2019 - 2021 (BOP nº 14, 22/01/2021)<br>Modificación do convenio (rectificación dos artigos 27, 28, 29 e 33) publicada no BOP nº 156, 18/08/2021<br>Calendario laboral 2021 no BOP nº 5, 11/01/2021<br><br>Art. 3.-Ámbito temporal e denuncia.<br>1.-A duración do presente convenio será desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro do 2021.<br>2.-Unha vez chegada a data de finalización, o convenio prorrogarase anualmente, de non terse producido a denuncia expresa do mesmo por calquera das partes con polo menos dous meses de antelación á referida data de finalización da duración pactada ou de calquera das súas prórrogas, no seu caso.<br>3.-Non obstante, no suposto de ter sido denunciado e co obxecto de evitar situacións de baleiro normativo, continuará sendo de aplicación na súa totalidade o seu contido normativo deica a sinatura dun novo convenio. A estes efectos, entenderase que todos os conceptos salariais teñen carácter normativo.<br>Art.-54.-Aplicación subsidiaria do convenio estatal.<br>En todas aquelas materias non reguladas expresamente será de aplicación o establecido no Convenio Estatal do Sector da Madeira vixente durante a duración do presente convenio, todo elo sen prexuízo da reserva prioritaria establecida en favor dos convenios colectivos de empresa ou grupos de empresa no artigo 84.2 do Estatuto dos Traballadores. | 0 | Art. 33.-Revisión salarial. *(Texto segundo modificación publicada no BOP nº 156, 18/08/2021)*<br>1.-As táboas salariais para o ano 2019 figuran incorporadas no Anexo I deste convenio, supoñen un incremento do UN COMA CINCOENTA POR CENTO (1,50 %) sobre as táboas salariais do ano 2018, e considéranse definitivas a todos os efectos.<br>2.-As táboas salariais para o ano 2020 figuran incorporadas no Anexo II deste convenio e considéranse definitivas a todos os efectos.<br>3.-As táboas salariais para o ano 2021 figuran incorporadas no Anexo III deste convenio.<br>4.-Ao remate da vixencia do presente convenio procederase á revisión das táboas salariais fixadas para o ano 2021, tendo en conta a variación acumulada do índice de prezos ao consumo (IPC) durante os tres anos de vixencia do convenio, segundo os seguintes criterios:<br>4.1.-No caso de que a variación acumulada do IPC no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2021 sexa cero ou negativa, non procederá a aplicación de revisión algunha e as táboas salariais para o ano 2021 consideraranse definitivas a todos os efectos.<br>4.2.-No caso de que a variación acumulada do IPC no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2021 sexa superior ao UN COMA CINCOENTA POR CENTO (1,50%), aplicarase unha revisión salarial nunha porcentaxe igual á suma da diferencia positiva entre a variación acumulada do IPC no devandito período e o referido 1,50%, máis 0,5 puntos.<br>A porcentaxe así determinada, de ser procedente, aplicarase sobre as táboas salariais do ano 2021 incorporadas no Anexo III deste convenio, e as contías dos salarios do ano 2021, unha vez actualizadas, consideraranse definitivas a todos os efectos.<br>4.3.-O importe da revisión salarial, de resultar procedente, aboarase nun pago único co concepto "Atrasos de convenio 2019-2021". | Si | 5,8 |

# LUGO - SECTOR. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27000245011982 | INDUSTRIA DA EBANISTERÍA E AFÍNS | Revisión Salarial | CONVENIO 2014-2021 (BOP nº 60, 13/03/2019)<br>Revisión salarial 2020 e días inhábiles 2020 no BOP nº 123, 30/05/2020<br>Revisión salarial 2021 e días inhábiles 2021 no BOP nº 24, 30/01/2021<br><br>ARTIGO 2º.- VIXENCIA E DURACIÓN: O presente Convenio terá vixencia dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2021, con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.<br><br>ARTIGO 4º.- DENUNCIA: A denuncia do Convenio deberá presentarse cunha antelación mínima de 30 días á data de finalización do Convenio por calquera das partes. Denunciado o Convenio e unha vez rematada a duración pactada, o Convenio quedará prorrogado no seu conxunto por termo de como máximo catro anualidades.<br><br>A ausencia de denuncia deste Convenio, significará, en todo caso, a prórroga do mesmo por un ano, en iguais termos, salvo no referente a táboa salarial que se verá incrementada en igual contía ao IPC anual.<br><br>ARTIGO 30º.- NORMAS SUPLETORIAS: En todo o non previsto no presente Convenio Colectivo, estarase ó disposto no IV Convenio Colectivo Estatal para as Industrias da Madeira e demais lexislación vixente. | 2,5 | Na acta de acordo da revisión salarial 2021 indica: ACORDOS: Primeiro.- Aprobar as táboas salariais para o ano 2021 do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo de conformidade co previsto no artigo 10 do Convenio en vigor, para o que as partes contan coa capacidade legal necesaria e suficiente, segundo se acredita coa Acta de Constitución da Comisión Negociadora.<br>…<br>ARTIGO 10º.- SALARIOS: Páctase, para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2017, un incremento sobre os salarios vixentes no ano 2013 do 1,75%, incremento que non terá efectos retroactivos servindo unicamente de base para a aplicación do incremento do ano 2018. A efectos de coñecer o resultado de dito incremento e, por tanto, os salarios sobre os que se aplica o incremento do ano 2018, se adxunta ao presente Convenio, como Anexo I, a táboa salarial correspondente ao período 2014-2017.<br>Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2018 serán os recollidos na táboa salarial que se adxunta como Anexo II, que supón un incremento dun 1,75% sobre a táboa salarial do período 2014-2017.<br>Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2019 serán os recollidos na táboa salarial que se adxunta como Anexo III, que supón un incremento dun 2% sobre a táboa salarial do ano 2018.<br>Os incrementos salariais para as seguintes anualidades do Convenio serán os seguintes:<br>2020: 2,25%<br>2021: 2,5%<br>Establécese, para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2019, unha cláusula de revisión de feito que, se a suma do IPC real estatal dos anos 2018 e 2019 resulta superior á suma do incremento destas dous anualidades, farase unha revisión no exceso, que non terá efectos retroactivos, servindo como base para a aplicación do incremento do ano 2020.<br>Establécese, para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2021, unha cláusula de revisión de feito que, se a suma do IPC real estatal dos anos 2020 e 2021 resulta superior á suma do incremento destas dous anualidades, farase unha revisión no exceso, que non terá efectos retroactivos, servindo como base para a aplicación do incremento do ano 2022.<br>Con independencia e sen prexuízo dos incrementos salariais pactados no presente artigo, establécese, nos termos a continuación detallados, unha Prima de Convenio, a cobrar por unha soa vez:<br>a) A Prima de Convenio aboarase por unha soa vez, non sendo consolidable, nin xerará dereitos adquiridos ou condición mais beneficiosa.<br>b) O importe da Prima de Convenio será o seguinte:<br>200€ para aqueles traballadores que tiveran 3 anos de antigüidade na empresa a data 01/01/2018.<br>150€ para aqueles traballadores que tiveran 2 anos de antigüidade na empresa a data 01/01/2018.<br>75 € para aqueles traballadores que tiveran 1 ano de antigüidade na empresa a data 01/01/2018.<br>c) A Prima de Convenio farase efectiva no prazo máximo de catro meses a contar dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facéndose constar na nómina correspondente como "Prima Convenio". | Si | 2,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27000335011981 | LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS | Convenio colectivo | CONVENIO 2019 - 2021 (BOP nº 270, 24/11/2017)<br><br>Artigo 2º.- Ámbito Temporal.- A vixencia do presente Convenio iniciase o 1 de xaneiro de 2019 e remata o 31 de decembro do 2021. Chegado o remate da vixencia, o presente Convenio se considerará denunciado automaticamente.<br>Non obstante, a denuncia do Convenio non significa modificación ningunha na aplicación do seu texto articulado e obrigas salariais, que continuarán vixentes prorrogados tacitamente de ano en ano ata a substitución polo novo, nos termos que as partes establezan.<br><br>Disposición Final Cuarta.- Normas Subsidiarias.- No non previsto neste Convenio, estarase ao disposto no Estatuto dos Traballadores, Convenio Sectorial Estatal de Limpeza de Edificios e Locais e demais disposicións legais vixentes.<br><br>Disposición Adicional Cuarta.- En todas as materias sinaladas no apartado A do artigo 10.2 do Convenio Colectivo Sectorial de Limpeza de Edificios e Locais de ámbito estatal (BOE do 23/05/2013) cuxa regulación estea reservada de xeito exclusivo ao mesmo, será de aplicación a regulación recollida para cada unha destas materias en dito Convenio de ámbito estatal. Non obstante, coa finalidade de garantir a máxima seguridade xurídica, se por calquera circunstancia a regulación de ditas materias deixase de estar reservada de xeito exclusivo ao citado Convenio Colectivo Sectorial de ámbito estatal, ou o mesmo perdese a súa vixencia, pasaría a aplicarse de xeito inmediato en ditas materias a regulación específica establecida para as mesmas no presente Convenio Provincial. | 2 | Artigo 14º.- Salario.- Durante o primeiro ano de vixencia do Convenio, isto é, para o período que vai dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019, o persoal traballador percibirá os salarios establecidos en táboa salarial que se adxunta ao presente Convenio como Anexo II.<br>Establécese para o segundo ano de vixencia do Convenio, isto é, para o período que vai dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020, un incremento salarial de 3,5% sobre os salarios vixentes no ano 2019, elo conforme á táboa salarial que se adxunta ao presente Convenio como Anexo III que reflicte dito incremento.<br>Establécese para o terceiro ano de vixencia do Convenio, isto é, para o período que vai dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2021, un incremento salarial de 2% sobre os salarios vixentes no ano 2020, elo conforme á táboa salarial que se adxunta ao presente Convenio como Anexo IV que reflicte dito incremento.<br>O importe total que representa os incrementos pactados distribuirase da seguinte forma: 80% ao soldo base, 15% ao sobresoldo de asistencia e 5% ao sobresoldo de convenio. | Non | 2 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27000505011982 | TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA | Revisión Salarial | CONVENIO 2014-2022 (BOP nº 123, 30/05/2020)<br>Táboa salarial 2021 no BOP nº 82, 13/04/2021<br><br>ARTIGO 3º: ÁMBITO TEMPORAL.- O presente Convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014, rematando a súa vixencia o día 31 de decembro do ano 2022.<br><br>ARTIGO 4º : DENUNCIA.- Ao extinguirse o período de aplicación e vixencia do presente Convenio, este considerarase expresamente denunciado, sen necesidade de efectuar ningún trámite, manténdose a vixencia dos seus contidos normativos ata a firma de outro que os substitúa.<br><br>ARTIGO 7º: LEXISLACIÓN SUPLETORIA.- En todo o non recollido no presente Convenio estarase ao que determine o Acordo Xeral para as Empresas de Transportes de Mercadorías por Estrada vixente en cada momento, o Estatuto dos Traballadores, a Lei de Igualdade, a normativa de prevención de riscos e demais lexislación vixente. | 0,5 | Na acta de acordo da revisión salarial 2021 indican:<br>ACORDOS:<br>PRIMEIRO.- Aprobar a táboa salarial do Convenio Colectivo de Transporte de Mercadorías por Estrada da Provincia de Lugo con vixencia dende o 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2021, para o que as partes contan coa capacidade legal necesaria e suficiente, segundo se acredita coa Acta de Constitución da Comisión Negociadora.<br>As partes asinantes acordan deixar sen efecto o pacto de incremento salarial para o ano 2021 (IPC real do ano anterior máis 0,5 puntos) toda vez que dito pacto daría lugar á conxelación dos salarios ao resultar negativo o IPC do ano 2020 en -0,5%, acordándose por unanimidade aplicar incremento consistente no 0,5% sobre as táboas salariais do ano 2020.<br>…<br>ARTIGO 14º: SALARIO DE CONVENIO.-<br>Incremento salarial:<br>Acórdase a actualización das táboas salariais do presente Convenio para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2018 cun incremento do 3% sobre as táboas salariais publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 22 de febreiro de 2014. Dito incremento non terá efectos retroactivos, servindo de base para aplicar o incremento pactado para o ano 2019.<br>Os salarios, para cada un dos postos de traballo, para o ano 2019 serán os recollidos na táboa salarial adxunta, resultado de aplicar incremento consistente no IPC real estatal da anualidade anterior, isto é, do ano 2018 (1,2%) mais 0,5 puntos. Dito incremento terá efectos retroactivos dende o mes de novembro de 2019.<br>Os salarios, para cada un dos postos de traballo, para os anos 2020 e 2021 serán o resultado de aplicar, sobre as táboas vixentes na anualidade anterior, incremento consistente no IPC real estatal de dita anualidade anterior -isto é, no ano 2020, IPC real estatal do exercicio 2019 e, no ano 2021, IPC real do exercicio 2020- mais 0,5 puntos.<br>Os salarios, para cada un dos postos de traballo, para o ano 2022 serán o resultado de aplicar, sobre as táboas vixentes na anualidade anterior, incremento consistente no IPC real estatal de dita anualidade anterior -isto é, IPC real estatal do exercicio 2021- mais 0,75 puntos.<br>Ao fin de aplicar ditos incrementos, a Comisión Paritaria do Convenio comprométese a reunirse en canto se publique o dato definitivo do IPC real estatal de cada anualidade (2020 e 2021), procedendo á sinatura das táboas salariais correspondentes e a súa remisión á Autoridade Laboral para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.<br>Prima de convenio:<br>Con independencia e sen prexuízo do establecido no presente artigo, páctase unha prima de convenio de 320€ brutos que afectará a todo o persoal en cadro de persoal con antigüidade mínima do 1 de xaneiro de 2019, que preste os seus servizos a tempo completo e que non percibise no ano 2019 un salario bruto superior en cómputo anual ao fixado neste Convenio para o ano 2019 tendo en conta os conceptos salariais do Convenio, o concepto de conta convenio ou calquera outro concepto salarial compensable e absorbible. Naqueles casos nos que a antigüidade ou xornada fosen inferiores ás mencionadas anteriormente, a persoa traballadora percibirá a parte proporcional da prima.<br>Esta prima de convenio ten carácter non consolidable, polo que non formará parte de futuros incrementos ou negociacións, aboándose nun so pago, xunto con resto de haberes da nómina, dentro dos tres meses seguintes á publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. | Non | 0,5 |

# OURENSE - SECTOR. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 32000545011991 | COMERCIO DE ALIMENTACIÓN | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2024 (BOP nº 164, 20/07/2021)<br><br>Artigo 2. Vixencia<br>A duración deste convenio será de catro anos; comezará a rexer o 1 de xaneiro de 2021 e finalizará o 31 de decembro de 2024.<br>O convenio prorrogarase no seu contido íntegro mentres non sexa modificado por outro que o substitúa, e considerarase automaticamente denunciado unha vez rematada a vixencia prevista neste artigo. | | Artigo 11. Condicións económicas<br>Cada un dos catro anos de vixencia, o salario incrementarase nas cantidades que se detallan:<br>· 2021: incrementarase o salario base en 25 €.<br>· 2022: incrementarase o salario base en 27 €.<br>· 2023: incrementarase o salario base en 30 €.<br>· 2024: incrementarase o salario base en 30 €. | Non | |
| 32000125011981 | COMERCIO DE ELEMENTOS DO METAL | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2021 (BOP nº 137, 18/06/2021)<br><br>Artigo 2.- Ámbito temporal<br>A duración deste convenio será de dous anos, comezando o 1 de xaneiro de 2020, e finalizando o 31 de decembro de 2021, aínda que os efectos económicos se iniciarán o 1 de xaneiro de 2021.<br>Artigo 3.- Denuncia e prórroga<br>Quedará automaticamente denunciado o convenio con tres meses de antelación ao seu vencemento, prorrogándose o actual convenio ata a entrada en vigor do seguinte.<br>Disposición adicional primeira.<br>No non regulado no convenio, e a salvo das remisións expresas neste a determinada normativa supletoria estarase ao disposto con carácter xeral no Estatuto dos traballadores e demais normas que o desenvolven así como no acordo marco para a substitución da ordenanza do comercio. | | Artigo 10.- Salario base<br>Durante a vixencia do convenio, o persoal recibirá as retribucións fixadas na táboa salarial | Non | |
| 32000145011981 | COMERCIO TÉXTIL | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2022 (BOP nº 13, 18/01/2022)<br><br>Artigo 3. Vixencia, duración e denuncia<br>O convenio colectivo iniciará a súa vixencia o 1-01-2020 e finalizará o 31-12-2022, sendo de aplicación na súa totalidade ata que se asine outro que o substitúa.<br>Unha vez finalizada a súa vixencia entenderase automaticamente denunciado.<br>Disposición adicional Terceira. Dereito supletorio<br>No non pactado expresamente que afecte as relacións laborais, estarase ao disposto na normativa aplicable en cada momento. | 2,5 | Artigo 7. Soldo do convenio<br>Os salarios detállanse na táboa salarial que figura como anexo. O incremento para o ano 2021 representa unha subida do 2,50% respecto a as últimas táboas salariais publicadas (ano 2019). No 2022 o incremento salarial será dun 2,50% sobre o 2021 aplicándose desde o 1 de xaneiro de 2022. Os efectos económicos do convenio iniciaranse o 1 de xaneiro de 2022 e non se aboarán os atrasos. | Non | 2,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 32000225011981 | LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS | Convenio colectivo | CONVENIO 2021-2022 (BOP nº 239, 16/10/2021)<br><br>Artigo 3.- Vixencia e duración<br>O convenio comezará a rexer para todos os efectos a partir do 1 de xaneiro de 2021, finalizará o 31 de decembro de 2022 e manterá a súa vixencia mentres non sexa substituído por outro. Os efectos económicos iniciáranse o 1 de setembro de 2021, data a partir da cal se devindicará o incremento previsto para ese ano, ao non xerarse atrasos.<br>A seguinte negociación comezará en novembro de 2022, mes no que se constituirá a comisión negociadora. En calquera caso, o seu articulado quedará vixente ata a súa substitución por outro convenio.<br>Este convenio prorrogarase tacitamente, de ano en ano, se calquera das partes non o denuncia con 3 meses de antelación ao termo da súa vixencia. A fórmula de denuncia será por medio de comunicación da parte denunciante á outra parte, na que se expresará o desexo de denunciar e negociar un novo convenio. | | Artigo 28.- Incremento salarial<br>Os salarios deste convenio, incrementaranse:<br>En 2021 o incremento será do 1,25%, para percibir dende o 1 de setembro de 2021.<br>En 2022 o incremento será do 2%, para percibir dende o 1 de xaneiro de 2022. | Non | |
| 32000305011981 | SIDEROMETAL E TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 (BOP nº 198, 28/08/2021)<br>Corrección de erros no BOP nº 210, 11/09/2021 *(Táboa salarial 2021)* e no BOP nº 217, 20/09/2021 *(nome da consellería na resolución)*<br><br>Artigo 3.- Vixencia e duración<br>Este convenio entrará en vigor para todos os efectos o 1 de xaneiro de 2021, iniciando os seus efectos económicos o 1 de xullo independentemente da súa publicación no BOP. Será de aplicación ata que se asine outro que o substitúa.<br>Establécese unha duración dun ano ata o 31 de decembro de 2021, sendo prorrogable tacitamente de ano en ano a partir do 2020 en períodos anuais, sempre que non sexa denunciado por ningunha das partes que o subscriben antes do termo da súa vixencia inicial ou de calquera das súas prórrogas. En caso de denuncia, deberá realizarse con tres meses de antelación á finalización da súa vixencia. Calquera das partes intervenientes neste poderá denuncialo, comunicándoo á outra, e á autoridade laboral, de modo fidedigno mediante escrito no que consten as materias que quere negociar a parte denunciante. | | Artigo 23.- Salario base<br>O salario base que figura no anexo I (1ª columna), é o resultado de aplicar á última táboa salarial un 1,5%. Os efectos económicos iniciaranse o 1 de xullo. Os atrasos aboaranse na nómina do mes seguinte á súa publicación. | Non | |

# PONTEVEDRA - SECTOR. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36000085011981 | ALMACENISTAS DE MADEIRA | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2021 (BOP nº 180, 17/09/2021)<br>Calendario laboral 2021 no BOP nº 54, 22/03/2021<br>Calendario laboral 2022 publicado no BOP nº 234, 02/12/2021<br><br>ARTIGO 6.- DURACIÓN<br>O presente Convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2020 e rematará a súa vixencia o día 31 de decembro de 2021. Sen prexuízo da vixencia temporal pactada, co fin de evitar o baleiro normativo que noutro caso se produciría, unha vez terminada a súa vixencia inicial ou a de calquera das súas prórrogas, continuará rexendo na súa totalidade o seu contido normativo ata que sexa substituído por outro.<br>ARTIGO 7.- DENUNCIA<br>Para dar cumprimento ao previsto no artigo 86.2 do Estatuto dos Traballadores, as partes signatarias fan constar expresamente que o presente Convenio non precisa denuncia previa para iniciar a negociación do Convenio que o substitúa.<br>ARTIGO 5.- EFECTOS ECONÓMICOS<br>Independentemente da entrada en vigor do presente Convenio, os efectos económicos do mesmo comezarán a rexer a partir do 1 de xaneiro de 2020, tendo en conta a cláusula adicional con respecto aos atrasos.<br>ARTIGO 53.- LEXISLACIÓN SUBSIDIARIA<br>Todo o non exposto neste Convenio estarase ao establecido na Lexislación Xeral ou de especial aplicación e no Convenio Colectivo Estatal da Madeira, mentres permaneza en vigor | 1,5 | ARTIGO 28.- SALARIOS<br>As partes acordan os seguintes incrementos salariais:<br>- Ano 2020: incremento salarial do 1% sobre as táboas de 2019.<br>- Ano 2021: incremento salarial do 1,5% sobre as táboas de 2020.<br>REVISIÓN SALARIAL:<br>A) Exclusivamente para o ano 2021, acórdase que se o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) real elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, experimentase unha elevación ao longo de 2021 superior ao 1,3%, calcularase a diferenza entre a devandito porcentaxe e o incremento real do IPC en 2021 sobre a táboa salarial definitiva do 2020. O importe resultante aboarase aos traballadores/as con efectos do 1 de xaneiro de 2021. Conforme ao previsto no parágrafo anterior, se o IPC real de 2021 resultase superior ao 1,3%, a Comisión Paritaria do convenio reunirase, tan pronto teña constancia dese detalle, para confeccionar unha nova táboa salarial correspondente ao devandito ano, que servirá de base para calcular o incremento salarial para anos sucesivos. | Si | 6,7 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36000215011982 | CARPINTERÍA, EBANISTERÍA E ACTIVIDADES AFÍNS | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2021 (BOP nº 179, 16/09/2021)<br>Calendario laboral 2022 no BOP nº 233, 01/12/2021 *(publicado de novo no BOP nº 234, 02/12/2021 - duplicado)*<br><br>Artigo 3º.- ÁMBITO TEMPORAL E DENUNCIA<br>1. O presente convenio entrará en vigor a partir da súa publicación no "Boletín Oficial da Provincia". A súa duración será de dous anos, a contar dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro do 2021.<br>A súa vixencia será a da totalidade da súa duración, agás no referente ás retribucións (táboa salarial, Anexo IV), onde a vixencia está regulada segundo as Disposición Adicional Primeira e Disposición Transitoria, e aqueles artigos nos que se estableza unha vixencia diferente.<br>2. Para dar cumprimento ao previsto no Estatuto dos Traballadores, as partes asinantes fan constar expresamente que o presente convenio non precisa denuncia para a súa total extinción o 31-12-2021.<br>3. As partes asinantes comprométense a iniciar a negociación do novo convenio, se se formulase denuncia, aínda que non houbese esgotado a súa vixencia temporal.<br>Durante as negociacións manterase a vixencia do presente convenio nos termos establecidos no artigo 86.3 do Estatuto dos Traballadores.<br>4. Transcorridos 12 meses dende a súa denuncia sen que se teña acordado un novo convenio que o substitúa, ou ditado laudo arbitral, este prorrogarase por anos sucesivos.<br>A fin de evitar baleiro normativo, finalizada a súa vixencia, e ata que non se logre acordo expreso, perderán vixencia as súas cláusulas de obriga, manténdose as normativas ata a sinatura do convenio que o substitúa.<br><br>Artigo 59º.- LEXISLACIÓN SUBSIDIARIA<br>En todo o non expresamente previsto neste convenio estarase suxeito ao establecido na lexislación xeral ou de especial aplicación, e no Convenio Estatal da Madeira, mentres se encontre en vigor. | 1,3 | Artigo 27º.- SALARIOS<br>1. Todo o persoal afectado polo presente convenio, percibirá, durante a vixencia do mesmo, as retribucións do Anexo IV segundo o regulado na Disposición Adicional Primeira e Disposición Transitoria.<br>2. Para a vixencia do presente convenio se acorda o incremento salarial seguinte:<br>- Ano 2020: 1% sobre a táboa do 2019.<br>- Ano 2021: 1,3% sobre a táboa do 2020.<br><br>Artigo 28º.- REVISIÓN SALARIAL<br>1. Para o segundo ano de vixencia do presente convenio, no suposto de que o IPC rexistrase ao 31 de decembro de 2021, un incremento respecto ao 1 de xaneiro, superior ao 1%, efectuarase unha revisión salarial no devandito exceso.<br>2. Se, tendo en conta o establecido no punto anterior, operase unha revisión salarial, a Comisión Paritaria deberá reunirse necesariamente dentro dos 15 días seguintes á data en que se coñezan os datos oficiais, co obxecto de cuantificar o exceso e proceder á elaboración da nova táboa salarial do 2021.<br>Dita táboa revisada, servirá de base de cálculo para o incremento do ano seguinte.<br>DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA<br>As táboas salariais fixada neste convenio para o ano 2020 non xerarán atrasos. A súa aplicación será a partir do 1 de xaneiro de 2020. Do mesmo modo, aos traballadores que se lles teña actualizado os salarios coa subida correspondente dese ano, non se lles poderá solicitar a súa devolución.<br>DISPOSICIÓN TRANSITORIA<br>Establécese un plus lineal salarial de 150 €; que non será absorbido por ningún concepto, nin consolidable máis alá do seu vencemento. O seu abono será efectivo nun prazo máximo dun mes a partir da data de publicación no BOPPO do presente convenio.<br>A este plus terán dereito todos/as os/as traballadores/as do sector que teñan prestado os seus servizos durante o ano 2020 de forma proporcional ao tempo efectivamente traballado nese ano. | Si | 6,8 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36000315011981 | COMERCIO DE ALIMENTACIÓN | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2022 (BOP nº 110, 11/06/2021)<br><br>Artigo 2. VIXENCIA, DURACIÓN E PRÓRROGA.<br>Este Convenio terá unha duración de tres anos, contados dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro do ano 2022. Entrará en vigor o día da súa publicación, aínda que os seus efectos económicos pactados terán efecto retroactivo o 1 de xaneiro do 2020, en todos os conceptos especificados no artigo 23.<br>O presente convenio considerarase automaticamente denunciado unha vez rematada a vixencia.<br>O vixente convenio con independencia da súa vixencia prevista, manterá a súa aplicación ata que sexa substituído por un convenio do mesmo ámbito. | 1,5 | Artigo 23. INCREMENTOS SALARIAIS<br>· incremento salarial para o ano 2020 será de 1% calculado sobre a táboa salarial de 2019.<br>· incremento salarial para o ano 2021 será de 1,5% calculado sobre a táboa salarial de 2020.<br>· incremento salarial para o ano 2022 será do 1,5% calculado sobre a táboa salarial de 2021<br>O incremento salarial, aplicable para os conceptos: gastos de locomoción, axuda escolar, axudas ao custo, quilometraxe e complemento de incapacidade, incrementaranse segundo o incremento pactado para cada un dos anos de vixencia.<br>Durante a vixencia do presente convenio non haberá revisión salarial en ningún período ou concepto. | Non | 1,5 |
| 36001155011981 | EMPRESAS DO METAL SEN CONVENIO PROPIO | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2022 (BOP nº 185, 24/09/2021)<br><br>Art.º 2º. Vixencia<br>O presente convenio ten unha vixencia de tres anos entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2020 e finalizando o día 31 de decembro de 2022.<br><br>Art.º 3º. Prórroga e denuncia<br>Quedará automaticamente denunciado con tres meses de antelación o seu vencemento, prorrogándose o actual convenio até a entrada en vigor do seguinte. | 1,75 | Art.º 45º. Salarios.<br>Acórdase unha actualización salarial para 2020 do 0,5% sobre os valores das táboas salariais de 2019 que exclusivamente servirá de base de cálculo para as táboas salariais do ano 2021 sen que dita actualización xere atrasos.<br>Acórdase un incremento salarial de 1,75% para o ano 2021 sobre os valores das táboas salariais de 2020 que será de aplicación con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2021.<br>Acórdase un incremento salarial de 1,75% para o 2022 sobre os valores das táboas salariais de 2021.<br>Actualización salarial<br>a) Se a 31 de decembro 2021, o IPC real do devandito ano superase o 1,75% efectuarase unha actualización salarial no exceso sobre a citada cifra que exclusivamente servirá de base de cálculo para as táboas salariais do ano 2022.<br>b) Se a 31 de decembro 2022, o IPC real do devandito ano superase o 1,75% efectuarase unha actualización salarial no exceso sobre a citada cifra que exclusivamente servirá de base de cálculo para as táboas salariais do ano 2023. | Si | 1,75 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36001835011992 | MAIORISTAS DE FROITAS E PRODUCTOS HORTÍCOLAS | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2022 (BOP nº 95, 21/05/2021)<br><br>Artigo 2. DURACIÓN E VIXENCIA.<br>O presente convenio colectivo terá unha vixencia desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2022.<br>Con independencia da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), o convenio entrará en vigor aos 15 días da súa sinatura, se ben os efectos económicos dos salarios pactados para o primeiro ano retrotraeranse ao 1 de xaneiro de 2020 en todos os conceptos, comprometéndose as empresas a aboar os atrasos na primeira nómina posterior á sinatura do convenio.<br>Entenderase prorrogado de ano en ano, agás denuncia de calquera das partes con tres meses de antelación, polo menos, á data do seu remate. A dita denuncia deberá facerse por escrito á outra parte afectada polo convenio. | 1,25 | Artigo 17. INCREMENTOS SALARIAIS.<br>Aplicaranse os seguintes incrementos en porcentaxe, nos respectivos anos, sobre: salario base, complemento de antigüidade, prestación por quilometraxe.<br>Ano 2020: 1%,<br>Ano 2021: 1,25%<br>Ano 2022: 1,50%<br>Para os anos de vixencia (2020, 2021 e 2022), no caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC Real), establecido polo I.N.E., rexistrase un incremento, respecto ao ano anterior, superior aos incrementos salariais pactados, efectuarase unha revisión da táboa salarial no exceso sobre a indicada cifra, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia. A devandita revisión efectuarase con efectos do 1 de xaneiro dos correspondentes anos, con carácter retroactivo. | Si | 6,5 |
| 36000965011981 | MÁRMORES E PEDRAS | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2021 (BOP nº 233, 01/12/2021)<br>Calendario laboral 2022 no BOP nº 236, 07/12/2021<br>Calendario laboral 2021 no BOP nº 35, 22/02/2021<br><br>3. VIXENCIA<br>3.1. Vixencia<br>O presente Convenio Colectivo terá unha vixencia de dous anos, entrando en vigor a partir do 1 de xaneiro 2020 e finalizando o 31 de decembro de 2021.<br>Unha vez finalizada a vixencia inicial ou de calquera das súas prorrogas -que serán anuais-, o texto do convenio continuará rexendo na súa totalidade, tanto no seu contido normativo como obrigatorio ata que sexa substituído por outro.<br>3.2. Procedemento de denuncia<br>Para dar cumprimento ao previsto no artigo 86.2 do Estatuto dos Traballadores, as partes asinantes fan constar expresamente que este convenio non precisa denuncia previa para iniciar a negociación do convenio que o substitúa, quedando automaticamente denunciado, á data do cumprimento do período de vixencia establecido no artigo 3.1.<br>14. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS<br>14.4. Lexislación subsidiaria<br>No non previsto expresamente neste convenio estarase ao establecido no Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, demais normas legais de xeral aplicación e ao VI Convenio Xeral do Sector da Construción. | 3 | No 9. ESTRUTURA SALARIAL indica:<br>9.12. Incrementos salariais<br>Para os anos 2020 e 2021, as partes acordan o seguinte incremento económico:<br>a) Para o ano 2020, páctase un incremento en táboas do 0,50%.<br>b) Para o ano 2021, páctase un incremento en táboas do 3,00%.<br>Este incremento será aplicable unicamente aos conceptos existentes nas táboas salariais do convenio. Por tanto, non se aplicará a outros conceptos tales como o plus de tóxico, penoso ou perigoso, a antigüidade consolidada ou outros.<br>A aplicación do incremento correspondente ao exercicio 2020 realizarase con data de efectos do 1 de xullo de 2020, de tal forma que unicamente se devindicarán atrasos desde a devandita data.<br>No Anexo I ao presente texto engádese a táboa de salarios de 2020 e 2021.<br>9.13. Revisión salarial<br>O incremento salarial reflectido no apartado anterior para o exercicio 2021, estará suxeito a unha cláusula de garantía salarial, de tal forma que se o IPC acumulado correspondente ao devandito ano 2021 excedese do incremento salarial pactado, as empresas deberán de aboar, en concepto de atrasos, a diferenza entre o IPC anual acumulado e o 3% acordado, como garantía de mantemento do poder adquisitivo dos traballadores afectados polo presente convenio. | Si | 6,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36001075011981 | REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRAS - [Código anterior 3601075] | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2021 (BOP nº 180, 17/09/2021)<br><br>Artigo 3º.- ÁMBITO TEMPORAL E DENUNCIA<br>1. Terá a duración de dous anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2021. A súa vixencia será a da totalidade da súa duración.<br>Co fin de evitar baleiro normativo, rematada a súa vixencia, e ata que non se acade un novo acordo expreso, perderán vixencia as súas cláusulas obrigacionais, manténdose as normativas ata a sinatura do convenio que o substitúa.<br>2. Para dar cumprimento ao previsto no Estatuto dos Traballadores, as partes asinantes fan constar expresamente que o presente Convenio non precisa denuncia para a súa total extinción o 31 de decembro de 2021.<br><br>Artigo 61º.- LEXISLACIÓN SUBSIDIARIA<br>En todo caso o non expresamente previsto neste convenio rexerá o establecido na lexislación xeral ou de especial aplicación, e no convenio estatal da madeira, mentres se encontre en vigor. | 0,5 | Artigo 26º.- SALARIOS<br>1. Todo o persoal afectado polo presente convenio, percibirá as retribucións consignadas na táboas do anexo I, incrementadas, se é o caso, coa antigüidade correspondente.<br>Os aumentos concedidos polo presente convenio, absorberán os que, por imperativo legal, se impuxesen posteriormente durante a vixencia del.<br>Os conceptos económicos terán eficacia aos oito días da sinatura do convenio.<br>2. Os incrementos para a vixencia do presente convenio serán os seguintes:<br>* Ano 2020: As táboas salariais do ano 2019 serán incrementadas nun 1%.<br>* Ano 2021:<br>a) As táboas salariais do ano 2020 serán incrementadas nun 0,5%.<br>b) No caso de que o IPC a 31 de decembro de 2021, fose positivo. As táboas salariais do 2020, xa acordadas no paragrafo anterior, serán incrementadas co IPC real do citado ano.<br>3. Os efectos económicos do primeiro ano de vixencia serán desde o 1 de decembro do ano 2020.<br><br>Artigo 27º.- REVISIÓN SALARIAL<br>1. Para o segundo ano de vixencia do convenio, no suposto de que o IPC rexistrase ao 31 de decembro de 2021, un incremento, respecto ao 1 de xaneiro, superior ao incremento salarial acordado para o citado ano, efectuarase unha revisión salarial no devandito exceso.<br>2. Se, tendo en conta o establecido no punto anterior, operase unha revisión salarial, a Comisión Paritaria deberá reunirse necesariamente dentro dos 15 días seguintes á data en que se coñezan os datos oficiais, co obxecto de cuantificar o exceso e proceder á elaboración das novas táboas salariais do ano 2021.<br>Dita táboa revisada, servirá de base de cálculo para o incremento do ano seguinte. | Si | 6,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36002135011991 | TRANSPORTE PÚBLICO DE MERCADORÍAS POR ESTRADA | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2022 (BOP nº 233, 01/12/2021)<br><br>ART. 2. DURACIÓN E VIXENCIA.-<br>O presente Convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, alcanzando a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022. Os seus efectos económicos retrotraeranse ao día 1 de maio de 2020.<br>A denuncia do Convenio colectivo será automática e as partes comprométense a constituír a Comisión Negociadora durante a primeira quincena de outubro de 2022; con todo, o convenio vencido quedará prorrogado na súa integridade ata que sexa substituído por outro do mesmo ámbito.<br><br>ART. 38. LEXISLACIÓN SUBSIDIARIA.-<br>En todo o non expresamente previsto neste Convenio, estarase ao disposto no Acordo Estatal para o Transporte de Mercadorías por Estrada e demais disposicións legais vixentes, así como Regulamentos da CEE e Convenio n.º 153 da OIT mentres sexan de aplicación en España. | 1,75 | ART. 7. SOLDOS E SALARIOS.-<br>O persoal afectado por este Convenio, segundo as categorías, haberá de rexerse para todo o período de vixencia do Convenio polas táboas salariais anexas.<br>Ditas táboas son o resultado de actualizar o salario base aplicable, para todas as categorías profesionais, nas seguintes porcentaxes:<br>- Para o ano 2020 o salario base incrementarase, sobre a táboa salarial de 2019, para todas as categorías un 0,75% desde o 1 de maio.<br>- Para o ano 2021 o salario base incrementarase, sobre a táboa salarial de 2020, para todas as categorías un 1,75 %<br>- Para o ano 2022 o salario base incrementarase, sobre a táboa salarial de 2021, para todas as categorías un 1,75 %.<br>Os atrasos pagaranse nun período máximo de 2 meses desde a publicación do convenio no BOP Pontevedra. En todo caso, e coa intención de evitar dilacións innecesarias, as empresas procurarán efectuar o devandito pago no prazo máximo de 4 meses desde a firma do presente.<br><br>SEGUNDA. CLÁUSULA DE REVISIÓN SALARIAL PARA O ANO 2022.-<br>Exclusivamente para o ano 2022, acórdase que se o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) real elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, experimentase unha elevación ao longo de 2022 superior ao 1,75%, calcularase a diferenza entre a devandita porcentaxe e o incremento real do IPC en 2022 sobre a táboa salarial definitiva do 2021. O importe resultante aboarase aos traballadores con efectos do 1 de xaneiro de 2022, dentro do primeiro trimestre de 2023.<br>Conforme ao previsto no parágrafo anterior, se o IPC real de 2022 resultase superior ao 1,75%, a Comisión Paritaria do convenio reunirase, tan pronto teña constancia dese detalle, para confeccionar unha nova táboa salarial correspondente ao devandito ano, que servirá de base para calcular o incremento salarial para anos sucesivos. | Non | 1,75 |

# COMUNIDADE AUTÓNOMA - SECTOR. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS

<table>
<tr><th>Código convenio</th><th>Denominación convenio</th><th>Natureza acordo</th><th>Vixencia - Ultraactividade</th><th>Incremento salarial pactado inicialmente (%)</th><th>Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial</th><th>Cláusula de revisión salarial 2021</th><th>Incremento final (%)</th></tr>
<tr><td>82001015012009</td><td>ACTORES E ACTRICES DE TEATRO DE GALICIA</td><td>Revisión Salarial</td><td>CONVENIO 2009-2012 (DOG nº 83, 30/04/2009)<br>Laudo AGA (interpretación do parágrafo primeiro do artigo 14) no DOG nº 87, 05/05/2011<br>Revisión salarial 2012 no DOG Nº 127, 04/07/2012<br>Acordo da comisión negociadora (modificación do convenio) no DOG nº 114, 17/06/2013<br>Acordo da comisión negociadora no DOG Nº 38, 25/02/2014<br>Prórroga ata a sinatura dun novo convenio e Táboas salariais 2017 no DOG nº 85, 04/05/2017<br>Acordo de actualización das táboas salariais para o ano 2021 no DOG nº 121, 28/06/2021<br><br>Artigo 4º.-Vixencia.<br>A vixencia deste convenio será de catro anos a partir do 1 de xaneiro de 2009. Quedará prorrogado tacitamente por sucesivos períodos dun ano, de non ser obxecto de denuncia escrita por calquera das partes que o subscriben, formulada cunha anterioridade de dous meses á data de vencemento do prazo respectivo. Despois dos primeiros catro anos logo da sinatura deste convenio, e no caso de non ser denunciado por ningunha das partes, as retribucións mínimas garantidas, axudas de custo, e demais cláusulas económicas reguladas neste convenio terán un aumento, a partir do primeiro do mes de xaneiro, igual ao experimentado polo IPC real do ano anterior.<br><br>Artigo 27º.-Remisións.<br>No non regulado por este convenio será de aplicación o Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, que regula a relación laboral de carácter especial dos artistas en espectáculos públicos, e o Estatuto dos traballadores.</td><td></td><td>Na acta de acordo da actualización salarial para 2021 indica:<br>O obxecto da presente xuntanza é a actualización e posterior aprobación das táboas salariais do Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia.<br>Logo do oportuno debate e exposición de posturas e pareceres por cada unha das representacións presentes na xuntanza, esta comisión acorda:<br>Primeiro. Actualizar e aprobar as táboas salariais para o ano 2021 do Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia, de conformidade coa táboa que se anexa coa presente acta, da cal forma parte.<br>Segundo. Delegar en Ignacio Bouzada Gil, funcionario do Consello Galego de Relacións Laborais, a realización dos trámites de depósito, rexistro e publicación deste acordo diante da Autoridade Laboral.<br>Ao non haber máis asuntos que tratar, finaliza a presente xuntanza ás 19.00 horas e asinan a presente acta as persoas asistentes, en proba de conformidade.
<table>
<tr><th></th><th colspan="2">2021 | 1 de xaneiro 2021 |<br>Suba 7 %</th><th colspan="2">2021 |1 de xullo<br>Suba 3 %</th></tr>
<tr><td>Salario mensual</td><td>Compañías grupo A</td><td>Compañías grupo B</td><td>Compañías grupo A</td><td>Compañías grupo B</td></tr>
<tr><td>Protagonista</td><td>2.005,99 €</td><td>1.671,94 €</td><td>2.062,24 €</td><td>1.718,81 €</td></tr>
<tr><td>Principal</td><td>1.770,00 €</td><td>1.462,94 €</td><td>1.819,62 €</td><td>1.503,96 €</td></tr>
<tr><td>Secundario</td><td>1.455,34 €</td><td>1.358,44 €</td><td>1.496,14 €</td><td>1.396,53 €</td></tr>
<tr><td>Elenco</td><td>1.296,90 €</td><td>1.149,45 €</td><td>1.333,26 €</td><td>1.181,68 €</td></tr>
<tr><td>Salario bolo</td><td colspan="2">Compañías grupos A e B</td><td colspan="2">Compañías grupos A e B</td></tr>
<tr><td>Protagonista</td><td colspan="2">183,76 €</td><td colspan="2">188,91 €</td></tr>
<tr><td>Principal</td><td colspan="2">165,24 €</td><td colspan="2">169,87 €</td></tr>
<tr><td>Secundario</td><td colspan="2">147,13 €</td><td colspan="2">151,26 €</td></tr>
<tr><td>Elenco</td><td colspan="2">129,89 €</td><td colspan="2">133,53 €</td></tr>
<tr><td>Retribución por gravación</td><td>Compañías grupo A</td><td>Compañías grupo B</td><td>Compañías grupo A</td><td>Compañías grupo B</td></tr>
<tr><td>Protagonista</td><td>422,31 €</td><td>401,32 €</td><td>434,15 €</td><td>412,57 €</td></tr>
<tr><td>Principal</td><td>380,34 €</td><td>359,36 €</td><td>391,01 €</td><td>369,44 €</td></tr>
<tr><td>Secundario</td><td>333,13 €</td><td>327,88 €</td><td>342,47 €</td><td>337,07 €</td></tr>
<tr><td>Elenco</td><td>296,40 €</td><td>285,91 €</td><td>304,71 €</td><td>293,93 €</td></tr>
<tr><td>Axudas de custo Galicia</td><td>47,03 €</td><td>47,03 €</td><td>48,34 €</td><td>48,34 €</td></tr>
</table>
</td><td>Non</td><td></td></tr>
</table>

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 82000575012001 | APARCAMENTOS, GARAXES E ESTACIONAMENTOS REGULADOS DE SUPERFICIE | Convenio colectivo | CONVENIO 2021-2023 (DOG nº 180, 17/09/2021)<br><br>Artigo 4. Ámbito temporal<br>O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro do ano 2023.<br>Os efectos económicos serán retroactivos ao 1 de xaneiro de 2021, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria.<br><br>Artigo 5. Procedemento para a revisión do convenio<br>A revisión do convenio poderá solicitarse por escrito por calquera das súas partes asinantes, polo menos con tres meses de antelación á terminación da súa vixencia.<br>En canto non se chegue a un acordo para un novo convenio, manterase prorrogada a vixencia deste, con excepción dos conceptos económicos.<br>De non existir denuncia, o convenio prorrogarase por períodos anuais; porén, os conceptos económicos revisaranse de acordo co IPC real do ano anterior, sen necesidade de publicación de táboas.<br><br>Artigo 2. Eficacia, ámbito territorial, funcional e alcance obrigacional<br>O presente convenio colectivo subscríbese ao abeiro do artigo 83.1 e 2 do Real decreto lexislativo 2/2015, texto refundido do Estatuto dos traballadores, en conexión coa súa disposición transitoria sexta, e é de obrigada observancia para todas as empresas que teñan como actividade principal a explotación de aparcamentos, garaxes e estacionamentos de vehículos, así como a regulación do estacionamento limitado de vehículos na vía pública mediante control horario e cumprimento das ordenanzas de aparcamento, mantemento de parquímetros e, en xeral, calquera actividade complementaria ou accesoria e básica para o funcionamento do estacionamento regulado en superficie, como poida ser a retirada de vehículos na vía pública e/ou inmobilización destes e retirada dos vehículos do depósito sempre que sexan xestionados ben por concesión municipal, ben por cesión, ben por propiedade ou ben por calquera título lícito.<br>Con carácter supletorio e no aquí non previsto, aplicaranse en función da actividade os convenios colectivos sectoriais xerais de ámbito nacional:<br>- Convenio colectivo xeral de ámbito nacional para o sector de aparcamentos e garaxes (código de convenio: 99011445011900).<br>- Convenio colectivo xeral de ámbito estatal para o sector do estacionamento regulado en superficie e retirada e depósito de vehículos da vía pública (código de convenio: 99012845012001). | 1 | Disposicións adicionais<br>Segunda. As partes establecen unha subida total do 4,2 % sobre as últimas táboas publicadas, sen carácter retroactivo nin efectos económicos, co obxecto de fixar unha táboa base sobre a cal aplicar o incremento pactado para o ano 2021 e sucesivos.<br>Terceira. Non obstante o anterior, os traballadores que na data de publicación do presente convenio estean de alta na empresa percibirán, na parte proporcional á súa xornada, e na parte proporcional á data de alta efectiva na empresa a partir do 1.1.2014, un importe único de 300 € brutos. Esta cantidade establécese como compensación polos anos transcorridos na negociación do convenio desde o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2020.<br>Esta cantidade de 300 € brutos será aboada de forma íntegra ou na parte proporcional, sempre e cando as percepcións salariais en cómputo anual fosen iguais ou inferiores ao establecido nas últimas táboas salariais publicadas. Será, por tanto, absorbible e compensable calquera outra retribución que viñese percibindo, con independencia da súa orixe ou denominación, así como os incrementos xa aplicados sobre os conceptos das táboas salariais e os de natureza análoga ao concepto "á conta de convenio", "adianto convenio" ou "atrasos convenio".<br>Aboarase nos dous meses seguintes á publicación do presente texto.<br><br>Disposición derradeira primeira. Incrementos salariais<br>2021: IPC real do ano anterior máis 1 %, garantindo unha subida mínima do 1 % e máxima do 1,5 %. No momento de publicación deste convenio xa se coñece o IPC real do ano 2020, que foi do -0,5 %, polo que o cálculo resultante sería 0,5 %. Estando garantido o 1 % aplícase esta porcentaxe nas táboas salariais anexas.<br>2022: IPC real do ano anterior máis 1 %, garantindo unha subida mínima do 1 % e máxima do 1,75 %.<br>2023: IPC real do ano anterior máis 1 %, garantindo unha subida mínima do 1 % e máxima do 2 %.<br><br>Disposición derradeira segunda<br>Para aqueles empregados que antes da sinatura deste convenio viñesen rexéndose polas táboas salariais da actividade de garaxes, establécese un período de transitoriedade, ata o último ano de vixencia do presente convenio.<br>Isto é, obrigatoriamente en 1 de xaneiro de 2023, as súas condicións económicas serán as establecidas en táboas para o citado ano, sen prexuízo do disposto nos artigos 30 e 31 deste convenio. | Non | 1 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 82000775012003 | CONVENIO COLECTIVO GALEGO DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO | Revisión Salarial | CONVENIO 2020-2022 (DOG nº 37, 24/02/2020)<br>Táboas salariais 2021 publicadas no DOG nº 227, 25/11/2021<br><br>Artigo 2. Ámbito temporal<br>O convenio entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, excepto nas táboas salariais, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2020, e os complementos pactados, que terán carácter retroactivo desde 1 de xaneiro de 2019.<br>A vixencia deste convenio finalizará o 31 de decembro de 2022.<br>Entenderase prorrogado de ano en ano se calquera das partes asinantes non o denuncia con, polo menos, un mes de antelación á finalización da súa vixencia.<br>En caso de ser prorrogado, o incremento das táboas salariais será do IPC previsto polo Goberno para o ano en curso, revisándose e percibindo atrasos ata a contía do IPC real no mes de xaneiro do ano seguinte cando este sexa superior ao IPC previsto.<br>En caso de denuncia do convenio, o prazo para a convocatoria para a constitución da mesa negociadora será de 1 mes.<br><br>Artigo 4. Estrutura da negociación colectiva<br>Serán consideradas non negociables en ámbitos inferiores ao presente convenio, o período de proba, as normas de seguranza e hixiene no traballo e as demais recollidas no Estatuto das persoas traballadoras.<br><br>Artigo 5. Dereito supletorio<br>Para o non previsto neste convenio, haberá que aterse ao establecido no XV Convenio colectivo xeral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade. | 1,6 | Na acta de acordo da revisión salarial 2021 indican:<br>Primeiro. Aprobar o contido das táboas que se achegan, cun incremento salarial do 1,6 %, resultado da suma do IPC previsto para o ano 2021 (0,6 %) máis o 1 % previsto no convenio.<br>Conforme o artigo 21 do Convenio, no caso de que o IPC real do ano 2021 supere o IPC previsto máis un punto do ano 2021 (1,6 %), revisaríase a táboa salarial de 2021 aplicando o IPC real.<br>Segundo. Acordar que o prazo para a actualización dos atrasos se establece como máximo o 30 de setembro de 2021.<br><br>Artigo 21. Retribucións e cláusula de revisión salarial<br>Establécense como conceptos retributivos os fixados nas táboas salariais dos anexos I (para centros especiais de emprego iniciativa social e emprendemento colectivo, e II (para centros especiais de emprego que non son de iniciativa social e emprendemento colectivo).<br>Fíxanse para o ano 2020 os salarios establecidos nas táboas salariais dos citados anexos I e II. No caso de que o IPC supere as previsións oficiais feitas para o ano 2020, os conceptos económicos revisaranse en idéntica porcentaxe á desviación anteriormente aludida, desviación que se aplicará nas táboas de 2021.<br>O incremento salarial para os anos 2021 e 2022 será do IPC previsto máis un punto. No caso de que o IPC real supere o IPC previsto máis un punto, aplicarase o IPC real. | Si | 6,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 82000215011993 | LOUSAS DE OURENSE E LUGO | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2023 (DOG nº 179, 16/09/2021)<br><br>Artigo 3. Ámbito temporal: vixencia e duración<br>Este convenio entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e producirá efectos económicos, en canto a salarios se refire, desde o día un de xaneiro de 2020 e a súa duración é ata o día 31 de decembro de 2023.<br><br>Artigo 4. Denuncia do convenio<br>1. De conformidade co artigo 85.3.d) do Estatuto dos traballadores, a denuncia do presente convenio poderá ser efectuada por escrito, por calquera das partes asinantes, cunha anticipación mínima de 30 días da finalización da súa vixencia e, en caso contrario, enténdese denunciado automaticamente á finalización da súa vixencia.<br>2. Da denuncia efectuada conforme o parágrafo precedente, darase traslado a cada unha das partes lexitimadas para negociar.<br>3. A parte que formule a denuncia deberá xuntar unha proposta concreta sobre os puntos e contido que comprenda a revisión solicitada. Desta comunicación e da proposta enviarase copia, para os efectos de rexistro, á autoridade laboral.<br>4. No prazo de 30 días desde que se formule a denuncia ambas as partes comprométense a iniciar a negociación dun novo convenio colectivo. Nesta primeira reunión, após constituír a mesa negociadora, as partes formularán as súas propostas de negociación e fixarase o calendario de reunións.<br><br>Artigo 6. Normas supletorias<br>Serán normas supletorias as legais de carácter xeral, o Acordo marco do sector da lousa, do 20 de setembro de 2012, publicado no BOE núm. 271, do 10 de novembro de 2012, e os regulamentos de réxime interior daquelas empresas que o tiveren, ben como as demais disposicións legais que lle sexan de aplicación. |  | Artigo 14. Salarios<br>Os salarios pactados para o ano 2020 son os que figuran na primeira columna da táboa salarial do anexo II.<br>Páctase un incremento salarial en todos os conceptos salariais do convenio do 1,5 %, para o ano 2021, con efectos desde o día un de xullo até o día 31 de decembro de 2021; do 1,75 %, para todo o ano 2022 e do 2 %, para todo o ano 2023. Os salarios pactados para os citados anos son os que figuran na primeira columna das táboas salariais dos anexos III, IV e V, respectivamente.<br>A fin de facilitar a elaboración das nóminas, ben como que os traballadores e traballadoras perciban mensualmente a mesma cantidade económica, con independencia dos días naturais ou laborais do mes de que se trate, establécese o salario base a razón de 30 días/mes e o complemento de asistencia, a razón de 21 días/mes.<br>Os salarios serán aboados polas empresas aos traballadores e traballadoras dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte á súa devindicación. | Non |  |

# A CORUÑA - EMPRESA. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15100252012013 | ASESORÍA CERVANTES S.L. | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2024 (BOP nº 6, 12/01/2021)<br><br>Art. 2.- Ámbito temporal e denuncia<br>1.- A vixencia do presente Convenio Colectivo será de CATRO ANOS, e estenderase do 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro do 2024.<br>2.- Ao amparo do previsto no artigo 86 do Estatuto dos Traballadores calquera das partes poderá denunciar, por escrito, o presente Convenio cunha antelación mínima de dous meses antes da data de remate da súa vixencia. No caso de que non se tivese producido a súa denuncia expresa, unha vez chegada a data de finalización do mesmo, o Convenio entenderase prorrogado na súa integridade ata a sinatura dun novo Convenio.<br>3.- Non obstante, de terse producida a denuncia expresa do Convenio, unha vez rematada a súa vixencia, e co obxecto de evitar situacións de baleiro normativo, continuará sendo de aplicación na súa totalidade o seu contido normativo ata a sinatura dun novo Convenio.<br><br>Art. 5.- Normas supletorias<br>No que non estea previsto neste Convenio estarase ao disposto no Estatuto dos Traballadores e nas demais disposicións legais e regulamentarias vixentes que sexan de aplicación. | 2 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística: 2%<br><br>Art. 20.- Táboas salariais<br>1.- A táboa do Anexo I deste Convenio recolle as contías dos conceptos salariais e extrasalariais para o ano 2021.<br>2.- A táboa do Anexo II deste Convenio recolle as contías dos conceptos salariais e extrasalariais para o ano 2022, e supoñen un incremento do UN POR CENTO (1%) con respecto ás contías do ano 2021.<br>3.- A táboa do Anexo III deste Convenio recolle as contías dos conceptos salariais e extrasalariais para o ano 2023, e supoñen un incremento do UN POR CENTO (1%) con respecto ás contías do ano 2022.<br>4.- A táboa do Anexo IV deste Convenio recolle as contías dos conceptos salariais e extrasalariais para o ano 2024, e supoñen un incremento do UN POR CENTO (1%) con respecto ás contías do ano 2023.<br><br>Art. 21.- Revisión salarial<br>1.- Ao remate da vixencia do presente Convenio procederase, no seu caso, á revisión das táboas salariais fixadas para o ano 2024 tendo en conta a variación acumulada do Índice de Prezos ao Consumo (IPC) durante os catro anos de vixencia do Convenio, cos seguintes criterios:<br>1.1.- No caso de que a variación acumulada do IPC no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2024 sexa cero ou negativa, non procederá a aplicación de revisión algunha e as contías dos salarios do ano 2024 consideraranse definitivos a todos os efectos.<br>1.2.- No caso de que a variación acumulada do IPC no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2024 sexa superior ao CINCO COMA CINCUENTA POR CENTO (5,50%), aplicarase unha revisión salarial nunha porcentaxe igual á diferencia positiva entre a variación acumulada do IPC no devandito período e o referido 5,50%.<br>A porcentaxe así determinada, de ser procedente, aplicarase sobre as táboas salariais do ano 2024 incorporadas no Anexo IV deste Convenio, e as contías dos salarios do ano 2024, unha vez actualizadas, consideraranse definitivas a todos os efectos.<br>1.3.- O importe da revisión salarial, de resultar procedente, consistirá nun pago único co concepto "Atrasos de Convenio 2021-2024", e aboarase no primeiro trimestre do ano 2025. | Si | 2 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15100792012019 | AUSUM ASESORES Y ABOGADOS, S.L. | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2024 (BOP nº 93, 20/05/2021)<br><br>Artigo 5.-Ámbito temporal.<br>A vixencia do presente convenio colectivo será de catro anos, comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2024.<br>Artigo 6.-Denuncia e prórroga.<br>A partir do 31 de decembro de 2024, o presente convenio quedará automaticamente prorrogado por períodos anuais, excepto no caso de denuncia fidedigna con dous meses de antelación a data do seu vencemento ou das súas prórrogas. Calquera das partes asinantes poderá denunciar este convenio colectivo no prazo fixado anteriormente.<br>No caso de non efectuarse a denuncia no tempo e forma previstos no parágrafo anterior e habéndose producido a prórroga anual automática, todos os conceptos salariais da táboa salarial que figuran no anexo IV incrementaranse nun 1% por cada ano que se prorrogue o presente convenio de forma tácita, como garantía salarial.<br>Denunciado o convenio, este manterá a súa vixencia durante a negociación e ata que non se chegue a acordo sobre o novo convenio que o substitúa. | 1,5 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística: 1,5%<br><br>Artigo 17.-Retribución e garantía mínima.<br>Os salarios e incrementos salariais pactados neste convenio en cómputo anual, por grupos e niveis serán:<br>No Anexo I deste convenio recóllense os salarios do año 2021.<br>No Anexo II deste convenio recóllense os salarios do ano 2022 que supón un incremento do 1.5% con respecto ao ano 2021.<br>No Anexo III deste convenio recóllense os salarios do ano 2023 que supón un incremento do 1.5% con respecto do ano 2022.<br>No Anexo IV deste convenio recóllense os salarios do ano 2024 que supón un incremento do 1.5% respecto ao ano 2023.<br>Todos os traballadores e traballadoras de alta na empresa a data da firma deste convenio, os seus salarios estarán afectados por estas revisións salariais, sen que poidan ser absorbidas nin compensadas cos excesos de salario que estiveran percibindo sobre as táboas salariais aprobadas | Non | 1,5 |
| 15104822022021 | BLOQUE NACIONALISTA GALEGO - Adhesión dos centros de traballo da provincia da Coruña ao convenio para o persoal laboral da provincia de Pontevedra 2020-2022 | Adhesión | ADHESIÓN 01/01/2020 - 01/01/2022 (BOP nº 246, 28/12/2021)<br><br>Na acta de adhesión indican:<br>ACORDOS<br>Único.- Aprobar a solicitude do delegado de persoal dos traballadores e traballadoras do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO da provincia da Coruña, de vincularse ao Convenio Colectivo para o persoal laboral do Bloque Nacionalista Galego para os anos 2020-2022 da provincia de Pontevedra, publicado no BOPPO do venres 21 de maio de 2021.<br>CONVENIO PONTEVEDRA<br>Artigo 03. Ámbito temporal.<br>1.-O convenio entrará en vigor a todos os efectos o día 1 de xaneiro de 2020, e a súa duración inicial será de dous anos, até o 1 de xaneiro de 2022.<br>2.-Será de aplicación o recollido na disposición adicional segunda.<br>Disposición adicional segunda. O pagamento dos atrasos esta vinculado a que no momento de publicación deste convenio colectivo o persoal afectado manteña a relación contractual co Bloque Nacionalista Galego.<br>Artigo 04. Denuncia e ultraactividade.<br>Este convenio entenderase tacitamente prorrogado de ano en ano, de non existir denuncia dunha das partes (representación sindical e representación da dirección política do BNG), que será notificada á outra parte, con antelación mínima de dous meses ás datas de expiración do convenio ou de calquera das súas prórrogas.<br>Denunciado o convenio na forma expresada, e até que non se logre un novo acordo, manterase en vigor o contido íntegro do presente. | | Disposición transitoria<br>Revisión salarial. Para o ano 2021 os salarios serán os que figuran na táboa salarial. Para o ano 2022 os salarios revisaranse co IPC e para o caso de ser este negativo terase en conta o valor 0.<br>Para os seguintes anos remitímonos ao artigo 15 do presente convenio.<br><br>Artigo 16. Cláusula de revisión salarial.<br>1.-Durante os dous anos de vixencia deste convenio, a dirección política do BNG e a representación sindical, previa comunicación cunha anterioridade como mínimo de quince días á súa entrada en vigor, pactarán a cláusula de revisión salarial.<br>2.-No caso das prórrogas, aplicarase o mesmo criterio. | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15100170132021 | CONCELLO DE TOURO - Acordo regulador persoal funcionario | Acordo regulador | ACORDO REGULADOR 2021 - 2023 (BOP nº 87, 11/05/2021)<br><br>Artigo 4.º.-Ámbito temporal, vixencia e denuncia.<br>4.1. O presente Acordo Regulador entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, con efectos de 1 de xaneiro de 2021, abarcando a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023. Rematado o seu período de vixencia, o Acordo Regulador entenderase prorrogado por anualidades, de non existir denuncia dalgunha das partes, ata que a entrada en vigor do novo Acordo Regulador substitúa ao anterior trala oportuna negociación.<br>4.2. Ámbalas partes conveñen que o Acordo Regulador se considerará denunciado cando así se faga por escrito e con tres meses de antelación á finalización da súa vixencia ou de calquera prórroga, co fin de inicia-las negociacións e deliberacións do novo Acordo Regulador en data non posterior a un mes contado a partir da data de denuncia. | 0,9 | Cláusula adicional primeira<br>Durante o período de vixencia do presente Acordo Regulador, as retribucións establecidas no mesmo experimentarán o incremento que determine, para cada exercicio, a Lei de Presupostos Xerais do Estado e restante normativa de aplicación; todo elo sen prexuízo das adecuacións e revisións retributivas que, dentro dos límites legais fixados ao respecto, proceda realizar para garantir a adecuación das mesmas ao contido e características dos postos de traballo, así como as que se deriven do grado de consecución dos obxectivos fixados e do resultado individual da súa aplicación. | Non | 0,9 |
| 15100960012021 | CONCELLO DE TOURO - Persoal laboral | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2023 (BOP nº 87, 11/05/2021)<br><br>Artigo 4.º.-Ámbito temporal, vixencia e denuncia.<br>4.1. O presente convenio colectivo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2.021, abarcando a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023. Rematado o seu período de vixencia, o convenio entenderase prorrogado por anualidades, de non existir denuncia dalgunha das partes, ata que a entrada en vigor do novo convenio substitúa ao anterior trala oportuna negociación.<br>4.2. Ámbalas partes conveñen que o convenio se considerará denunciado cando así se faga por escrito e con tres meses de antelación á finalización da súa vixencia ou de calquera prórroga, co fin de inicia-las negociacións e deliberacións do novo convenio en data non posterior a un mes contado a partir da data de denuncia. | 0,9 | Cláusula adicional primeira<br>Durante o período de vixencia do presente convenio, as retribucións establecidas no mesmo experimentarán o incremento que determine, para cada exercicio, a Lei de Presupostos Xerais do Estado e restante normativa de aplicación; todo elo sen prexuízo das adecuacións e revisións retributivas que, dentro dos límites legais fixados ao respecto, proceda realizar para garantir a adecuación das mesmas ao contido e características dos postos de traballo, así como as que se deriven do grado de consecución dos obxectivos fixados e do resultado individual da súa aplicación. | Non | 0,9 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15000502011983 | EMPRESA MUNICIPAL AGUAS DE LA CORUÑA, S.A. -EMALCSA- | Revisión Salarial | CONVENIO 2014 - 2018 (BOP nº 209, 02/11/2018)<br>Táboa salarial 2021 no BOP nº 50, 16/03/2021<br>Táboa salarial 2020 no BOP nº 40, 28/02/2020<br>Acordo sobre a táboa salarial aplicable a partir do 1 de xullo de 2019 no BOP nº 174, 13/09/2019<br>Táboas salariais do ano 2019 no BOP nº 21, 30/01/2019<br><br>Acordos de revisión parcial:<br>Acordo parcial (revisión salarial 2018) no BOP nº 155, 16/08/2018,<br>Acordo parcial (revisión salarial 2017) no BOP nº 146, 03/08/2017,<br>Acordo parcial (revisión salarial 2016) no BOP nº 63, 05/04/2016<br><br>Artigo 1.-Ámbito de aplicación persoal, funcional e temporal.<br>Son partes asinantes do presente Convenio Colectivo os membros de Comité de Empresa como representación dos traballadores, e doutra parte, a Dirección da Empresa como representación empresarial. Ambas as partes recoñécense mutuamente lexitimación para negociar o presente convenio colectivo.<br>O presente Convenio Colectivo regula as relacións laborais do persoal da Empresa Municipal Augas da Coruña, S.A., en todos os seus centros de traballo baixo os principios de igualdade e non-discriminación de ningún tipo para o persoal suxeito ao mesmo.<br>As normas deste convenio afectan a todo o persoal que presta os seus servizos na actualidade, ás súas clases pasivas e ao que durante a súa vixencia ingrese na empresa, excepto ao persoal que estea vinculado á empresa pola situación legal de alta dirección.<br>Esténdese pola provincia da Coruña, onde a Empresa realiza as súas actividades de encoro, depuración, transporte, almacenamento e distribución de auga potable.<br>O presente Convenio colectivo entrará en vigor á data da súa firma, sen prexuízo da aplicación das táboas salariais e o resto de materias ou conceptos que expresamente o sinalen. Prorrogarase de ano en ano se non mediase denuncia expresa das partes.<br>Sen prexuízo do anterior, a vixencia do presente convenio unha vez denunciado o mesmo e concluída a duración pactada, estenderase en todo o seu contido normativo e obrigacional mentres non sexa substituído por outro convenio colectivo do mesmo ámbito de aplicación.<br>Artigo 2.-Denuncia do convenio.<br>O presente Convenio poderá ser denunciado por calquera das partes, mediante comunicación escrita á outra parte e á Autoridade Laboral de conformidade co disposto no art. 89 do E.T. A denuncia deberá efectuarse dentro dos 3 meses anteriores á expiración da vixencia. No prazo máximo dun mes partir da recepción da comunicación, procederase a constituír a comisión negociadora; a parte receptora da comunicación deberá responder á proposta de negociación e ambas as partes establecerán un calendario ou plan de negociación.<br>Sen prexuízo do anteriormente indicado, os seus efectos estarán en vigor, de forma provisional, durante o período de tempo necesario, con aplicación das normativas provisorias de réxime económico que se acorden polas partes e de posterior inclusión no novo Convenio Colectivo que se pacte.<br>Artigo 3.-Normativa de revisión do presente convenio colectivo.<br>Será causa suficiente para que ambas as representacións poidan pedir a revisión deste Convenio, o feito de que disposicións legais, regulamentarias ou oficiais modificasen as actuais condicións económicas, ou que se pacte, lexisle ou promulguen disposicións a nivel territorial, de ámbito superior ao deste Convenio Colectivo, e que superen as súas condicións económicas e sociais.<br>As táboas salariais que rexerán desde o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2015, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro 2017 e do 01 de xaneiro ao 31 de xuño do 2018 serán as que figuran no Anexo I. Tamén se inclúe en devandito anexo a táboa salarial vixente desde o 01 de xullo de 2018. Para o ano 2016 e para o ano 2017 contemplouse un 1% de incremento. Para o ano 2018 contemplouse un 1,5% de incremento máis un 0,25 a partir do 1 de xullo con respecto á táboa salarial do ano 2017. | 0,9 | Na acta de acordo da revisión salarial 2021 indican:<br>Ambas as partes ACORDAN:<br>1. Que de conformidade co disposto no artigo 18 dous da Lei 11/2020, 30 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para 2021, acórdase un incremento salarial global do 0,9% respecto ás retribucións vixentes ao 31 de decembro de 2020, en termos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo. Sendo o incremento global pactado o máximo permitido legalmente, segundo o disposto no apartado tres do citado artigo, a Empresa Municipal de Augas da Coruña, SA, como promotor do Plan de Pensións de Emalcsa, non efectuará no exercicio 2021 ningunha achega ao Plan de Pensións de Emalcsa.<br>2. Aprobar o texto da presente acta e, con base no publicado na Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, acordar con efectos desde o 01 de xaneiro de 2021 un incremento salarial do 0,9% respecto á táboa salarial vixente ao 31 de decembro de 2020.<br>3. Apróbase por tanto a táboa salarial que rexerá desde o 1 de xaneiro de 2021 que será a que figura no Anexo I que se adxunta.<br>4. Aplicarase o mesmo incremento a todos os demais conceptos salariais en vigor no convenio colectivo, así como ás axudas de custo de quilometraxe.<br>... | Non | 0,9 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15003941012005 | Empresas que prestan servizos no Complexo Medioambiental de Cerceda, como subcontratistas da Sociedade Galega de Medioambiente (Sogama) | Convenio colectivo | CONVENIO 2019-2022 (BOP nº 89, 13/05/2021)<br><br>Artigo 3. Ámbito temporal<br>Salvo nas materias que expresamente teñan efectos retroactivos dende o primeiro de xaneiro de 2019, o presente Convenio entrará en vigor o día seguinte da súa firma e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022 para todos os efectos e en todo o seu articulado. Finalizada a vixencia do presente Convenio e mentres non se producise a firma dun novo entre as partes, seguirá en vigor todo o seu articulado e contidos, xunto co resto de temas tratados e acordados pola comisión paritaria e disposicións xudiciais ou administrativas que se producisen durante a vixencia deste.<br><br>Artigo 4. Denuncia<br>O presente Convenio quedará denunciado automaticamente á finalización da súa vixencia, comprometéndose as partes asinantes deste ao inicio da negociación dun novo convenio 30 días antes do seu vencemento.<br><br>Disposición adicional segunda. Lexislación Subsidiaria.<br>Nas materias non previstas no presente Convenio estarase ao disposto no Convenio Xeral do Sector da Limpeza Pública, Rego, Recollida, Tratamento e Eliminación de residuos, Limpeza e Conservación de rede de sumidoiros, o Estatuto dos Traballadores, a Lei Orgánica de Liberdade Sindical e demais normativa de xeral aplicación.<br>De forma expresa, e en tanto non se negocien outros regulamentos, acordos ou directrices, as partes recoñecen que seguen sendo aplicables e con efecto todos os laudos, pactos, acordos, disposicións, actas ou demais documentos que xurdidos da interpretación ou aplicación de convenios precedentes non se opoñan ao establecido no presente convenio colectivo. | | Artigo 37. - Incrementos Salariais.<br>Os anos 2019 e 2020 manteranse sen subida salarial ningunha e establecendo un incremento salarial lineal para os anos 2021 e 2022 do 2,2% cada un deles e calculado sobre a media da táboa salarial de quenda pechada do ano anterior.<br>Os atrasos correspondentes polo incremento salarial aboaranse na folla de salario do mes seguinte o mes da súa sinatura. | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15004551012008 | FCC MEDIO AMBIENTE, S.A. - Servizo de xestión de residuos sólidos urbanos e asimilables da Mancomunidade de Concellos "Serra do Barbanza" | Convenio colectivo | CONVENIO 2019 - 2022 (BOP nº 78, 28/04/2021)<br><br>ARTIGO 2.-DURACIÓN E VIXENCIA.<br>1. A duración do convenio será de 4 anos, polo que estenderá a súa vixencia desde o día 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2022.<br>2. Este convenio entrará en vigor o día do seu asinamento. As condicións económicas terán a súa vixencia a partir de 1 de xaneiro de 2019.<br><br>ARTIGO 3.-DENUNCIA.<br>Este convenio considerarase automaticamente denunciado unha vez terminada a vixencia prevista no artigo anterior sen necesidade de preaviso ningún.<br><br>ARTIGO 4.-PRÓRROGA.<br>1. Este convenio colectivo prorrogarase tacitamente de ano en ano, independentemente da súa denuncia automática, mentres non se chegue a un acordo entre as partes sobre un novo convenio.<br>2. Transcorrido un ano desde a denuncia do convenio colectivo sen que se acordase un novo convenio ou se ditase un laudo arbitral, efectuarase un incremento salarial anual equivalente á porcentaxe (%) que, con carácter global, experimente o convenio colectivo provincial de limpeza de edificios e locais da Coruña, para o ano correspondente.<br>3. No caso de que chegada a data de aplicación do incremento salarial, o Convenio Provincial estivese pendente de negociación, estarase ao que resulte desta, aplicándose en tal caso con carácter retroactivo.<br><br>Na DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA indica: 1. Normas Subsidiarias. No non previsto e regulado no convenio colectivo do sector de saneamento público, limpeza viaria, regos, recollida tratamento e eliminación de residuos, limpeza e conservación de sumidoiros (BOE n.º 181, do 30 de xullo de 2013) ou novo convenio do mesmo ámbito que o substitúa, e disposicións legais de xeral aplicación. | 0,5 | ARTIGO 20.-VARIACIÓNS SALARIAIS.<br>1. Ano 2019: 0,5% sobre as táboas salariais do ano 2018.<br>2. Ano 2020: 0,5% sobre as táboas salariais do ano 2019.<br>3. Ano 2021: 0,5% sobre as táboas salariais do ano 2020.<br>4. Ano 2022: 0,5% sobre as táboas salariais do ano 2021.<br>Estas variacións salariais non se aplican ao complemento de singularidade de tóxicos, penosos e perigosos, definido no artigo 13.<br>Achéganse como anexo I as táboas salariais definitivas para os anos 2019, 2020, 2021 e 2022. | Non | 0,5 |

<table>
<tr><th>Código convenio</th><th>Denominación convenio</th><th>Natureza acordo</th><th>Vixencia - Ultraactividade</th><th>Incremento salarial pactado inicialmente (%)</th><th>Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial</th><th>Cláusula de revisión salarial 2021</th><th>Incremento final (%)</th></tr>
<tr><td>15100580012016</td><td>FOSTERCORE S.L.</td><td>Convenio colectivo</td><td>ULTRAACTIVIDADE - SI<br><br>CONVENIO 25/11/2019 - 25/11/2024 (BOP nº 72, 20/04/2021)<br><br>Artigo 3.-Ámbito temporal e denuncia.<br><br>O presente convenio colectivo entra en vigor o día 25 de novembro de 2019. A súa duración será de cinco anos, ata o 25 de novembro de 2024, entendéndose prorrogado tacitamente por anualidades naturais no caso de que non medie denuncia expresa das partes e, en todo caso, aínda mediando denuncia, estenderá a súa vixencia ata a consecución dun novo acordo.<br><br>Denuncia e procedemento<br><br>1.-Denuncia: ao termo da súa vixencia o presente convenio colectivo prorrogarase tacitamente por períodos anuais, agás denuncia expresa por algunha das partes, que haberá de realizarse por escrito con polo menos tres meses de antelación á data de finalización da vixencia do presente convenio ou de calquera das súas prórrogas, comprometéndose ambas as partes para formalizar a mesa negociadora no prazo máis breve posible.<br><br>2.-Procedemento: A mesa negociadora do convenio colectivo estará constituída, por unha banda, polo empresario ou os seus representantes, e pola outra, pola representación dos traballadores, segundo o disposto no artigo 87.1 do Estatuto dos traballadores. Da mesma maneira, poderán asistir ás negociacións delegados/as das forzas sindicais representadas na empresa tendo voz pero non voto.<br><br>Denunciado o convenio colectivo da empresa e ata que non se logre un novo acordo expreso o presente convenio manterá a súa vixencia.</td><td></td><td>Artigo 23.-Salario base.<br><br>A partir da entrada en vigor do presente convenio, o salario bruto para cada un dos Grupos e das funcións definidas no artigo 9 será o seguinte:
<table>
<tr><th>Grupo profesional</th><th>Postos de traballo</th><th>Salario mensual con extras incluídas</th><th>Salario anual total</th></tr>
<tr><td>GRUPO PROFESIONAL 1.º</td><td>Xefe de restaurante</td><td>1.730 €</td><td>20.760 €</td></tr>
<tr><td></td><td>2.º xefe de restaurante</td><td>1.450 €</td><td>17.400 €</td></tr>
<tr><td></td><td>Xefe de cociña</td><td>1.400 €</td><td>16.800 €</td></tr>
<tr><td>GRUPO PROFESIONAL 2.º</td><td>Xefe de sector</td><td>1.400 €</td><td>16.800 €</td></tr>
<tr><td></td><td>Cociñeiro</td><td>1.250 €</td><td>15.000 €</td></tr>
<tr><td></td><td>Camareiro</td><td>1.250 €</td><td>15.000 €</td></tr>
<tr><td></td><td>Axudante de cociña</td><td>1.050 €</td><td>12.600 €</td></tr>
<tr><td></td><td>Condutor de catering</td><td>1.050 €</td><td>12.600 €</td></tr>
<tr><td>GRUPO PROFESIONAL 3.º</td><td>Axudante de camareiro</td><td>1.050 €</td><td>12.600 €</td></tr>
<tr><td></td><td>Auxiliar de limpeza</td><td>1.050 €</td><td>12.600 €</td></tr>
</table>
As cantidades expresadas quedan referidas a traballadores/as contratados/as a xornada completa, debendo calcularse proporcionalmente para os/as traballadores/as a tempo parcial en función da súa xornada.</td><td>Non</td><td></td></tr>
</table>

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15101012012021 | FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2022 (BOP nº 247, 29/12/2021)<br><br>Artigo 3. Vixencia e duración<br>Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no boletín oficial correspondente, cuns efectos iniciais de dous anos.<br>Non obstante, para o persoal que estea a traballar na Fundación no ano 2021, a aplicación das táboas salariais, tanto na súa parte fixa como na variable, que se recollen no seu anexo para a súa aplicación no primeiro ano de vixencia, terá efectos de forma retroactiva desde o 1 de xaneiro de 2021 ou desde a data da súa incorporación, con independencia da data da súa publicación e sen prexuízo do prazo de tres meses previsto para levar a cabo a adscrición do persoal ao grupo, subgrupo e nivel correspondente de acordo co sistema de clasificación profesional contida no convenio.<br>Do mesmo xeito, a aplicación das táboas salariais que se recollen no anexo do convenio para a súa aplicación no segundo ano de vixencia terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2022.<br>A vixencia deste convenio extinguirase o 31 de decembro de 2022. Quedará prorrogado tacitamente por sucesivos períodos dun ano, a non ser que sexa obxecto de denuncia expresa por unha das partes.<br><br>Artigo 4. Denuncia<br>A denuncia para a revisión do convenio efectuarase por escrito e dentro dos tres meses anteriores á data do seu vencemento inicial ou á de calquera das súas prórrogas.<br>A denuncia poderá efectuala, a través do Comité de Empresa, a Dirección da Fundación ou calquera organización sindical con lexitimación inicial para a negociación do convenio e teráselle que comunicar á representación da Fundación e sindical que tamén teñan esta lexitimación inicial, así como á autoridade laboral nos termos que establece o Estatuto dos traballadores.<br><br>Artigo 5. Prórroga<br>Se ningunha das partes asinantes procede á denuncia do presente convenio, quedará automaticamente prorrogado ao finalizar a súa vixencia por períodos anuais.<br>Finalizada a vixencia deste convenio, denunciado ou non, e ata que se logre acordo expreso sobre outro que o substitúa, prorrogarase a totalidade do seu contido. Incrementarase anualmente o importe das retribucións establecidas no anexo do convenio, tanto na súa parte fixa como na variable, de cada categoría mentres se manteña a aplicación do convenio ata a formalización dun novo, con base na taxa de variación anual do ano anterior experimentada polo índice de prezos de consumo (IPC), cando esta sexa positiva. | | Artigo 39. Retribucións<br>1. A retribución anual de cada profesional será a que se determine nas bases da oferta de emprego ou convocatoria para o correspondente posto de traballo e respectaranse, en todo caso, as contías das retribucións mínimas que se establezan no convenio para cada categoría.<br>Sobre as devanditas condicións poderán ser de aplicación os complementos persoais ou establecidos pola institución ou os grupos de investigación para o grupo ou subgrupo profesional que puidesen corresponder.<br>2. No caso dos profesionais contratados con cargo a fondos ou subvencións procedentes dunha convocatoria externa competitiva, pública ou privada, as retribucións serán as que o programa que financie o contrato estableza como cantidade para percibir por ese concepto ou, de ser o caso, a cantidade máxima para financiar, sen prexuízo de aplicación aos mesmos do resto das condicións do convenio.<br><br>Disposición transitoria terceira<br>Sen prexuízo do establecido na cláusula 6 deste convenio, se finalizada a súa vixencia quedase prorrogado ata tanto se logre acordo expreso sobre outro que o substitúa, desde o 1 de xaneiro de 2023 sería de aplicación o incremento con base na taxa de variación anual do ano anterior experimentada polo índice de prezos de consumo (IPC), cando esta sexa positiva, tanto do importe das retribucións establecidas, tanto na súa parte fixa como na variable, de cada categoría de acordo coas táboas anexas como, de ser o caso, do complemento ad personam ou outros complementos que puidesen corresponder. | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15101022012021 | FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2022 (BOP nº 2, 04/01/2022)<br><br>Artigo 3. Vixencia e duración<br>Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no boletín oficial correspondente, cuns efectos iniciais de dous anos.<br>Non obstante, para o persoal que estea a traballar na Fundación no ano 2021, a aplicación das táboas salariais, tanto na súa parte fixa como na variable, que se recollen no seu anexo para a súa aplicación no primeiro ano de vixencia, terá efectos de forma retroactiva desde o 1 de xaneiro de 2021 ou desde a data da súa incorporación, con independencia da data da súa publicación e sen prexuízo do prazo de tres meses previsto para levar a cabo a adscrición do persoal ao grupo, subgrupo e nivel correspondente de acordo co sistema de clasificación profesional contida no convenio.<br>Do mesmo xeito, a aplicación das táboas salariais que se recollen no anexo do convenio para a súa aplicación no segundo ano de vixencia terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2022.<br>A vixencia deste convenio extinguiranse o 31 de decembro de 2022. Quedará prorrogado tacitamente por sucesivos períodos dun ano, a non ser que sexa obxecto de denuncia expresa por unha das partes.<br><br>Artigo 4. Denuncia<br>A denuncia para a revisión do convenio efectuarase por escrito e dentro dos tres meses anteriores á data do seu vencemento inicial ou á de calquera das súas prórrogas.<br>A denuncia poderá efectuala, a través do Comité de Empresa, a Dirección da Fundación ou calquera organización sindical con lexitimación inicial para a negociación do convenio e teráselle que comunicar á representación da Fundación e sindical que tamén teñan esta lexitimación inicial, así como á autoridade laboral nos termos que establece o Estatuto dos traballadores.<br><br>Artigo 5. Prórroga<br>Se ningunha das partes asinantes procede á denuncia do presente convenio, quedará automaticamente prorrogado ao finalizar a súa vixencia por períodos anuais.<br>Finalizada a vixencia deste convenio, denunciado ou non, e ata que se logre acordo expreso sobre outro que o substitúa, prorrogarase a totalidade do seu contido. Incrementarase anualmente o importe das retribucións establecidas no anexo do convenio, tanto na súa parte fixa como na variable, de cada categoría mentres se manteña a aplicación do convenio ata a formalización dun novo, con base na taxa de variación anual do ano anterior experimentada polo índice de prezos de consumo (IPC), cando esta sexa positiva. | | Artigo 39. Retribucións<br>1. A retribución anual de cada profesional será a que se determine nas bases da oferta de emprego ou convocatoria para o correspondente posto de traballo e respectaranse, en todo caso, as contías das retribucións mínimas que se establezan no convenio para cada categoría.<br>Sobre as devanditas condicións poderán ser de aplicación os complementos persoais ou establecidos pola institución ou os grupos de investigación para o grupo ou subgrupo profesional que puidesen corresponder.<br>2. No caso dos profesionais contratados con cargo a fondos ou subvencións procedentes dunha convocatoria externa competitiva, pública ou privada, as retribucións serán as que o programa que financie o contrato estableza como cantidade para percibir por ese concepto ou, de ser o caso, a cantidade máxima para financiar, sen prexuízo de aplicación aos mesmos do resto das condicións do convenio.<br><br>Disposición transitoria terceira<br>Sen prexuízo do establecido na cláusula 6 deste convenio, se finalizada a súa vixencia quedase prorrogado ata tanto se logre acordo expreso sobre outro que o substitúa, desde o 1 de xaneiro de 2023 sería de aplicación o incremento con base na taxa de variación anual do ano anterior experimentada polo índice de prezos de consumo (IPC), cando esta sexa positiva, tanto do importe das retribucións establecidas, tanto na súa parte fixa como na variable, de cada categoría de acordo coas táboas anexas como, de ser o caso, do complemento ad personam ou outros complementos que puidesen corresponder. | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15100991012021 | GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, S.A.- Ciclo integral da auga no centro de traballo de Culleredo - (Gestagua, S.A.) | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 (BOP nº 166, 01/09/2021)<br><br>Artigo Quinto.- ÁMBITO TEMPORAL, VIXENCIA.<br>O convenio colectivo entrará en vigor na data da súa firma, aínda que os seus efectos económicos aplicaranse con efecto 1 de xaneiro de 2021, aboándose os aumentos acordados con efectos retroactivos desde a indicada data. A súa duración será ata o 31 de decembro de 2021.<br>Chegada a data de finalización considerarase denunciado automaticamente, sen necesidade de ser formulada denuncia expresa por algunha das partes asinantes.<br>Así mesmo, o convenio seguirá vixente ata tanto non conclúa a negociación do novo convenio, manténdose integramente en vigor o seu contido normativo mentres non se chegue a un novo convenio que o substitúa.<br><br>Disposición final PRIMEIRA.- Dereito supletorio.<br>Para o non contemplado e regulado no presente convenio, estarase ao disposto en convenio colectivo estatal das industrias de captación, elevación, condución, tratamento, distribución, saneamento e depuración de augas potables e residuais, na lexislación vixente e no Estatuto dos Traballadores.<br>Aos postos de traballo recollidos no convenio colectivo e non definidos expresamente no mesmo, aplicaráselles a definición establecida no apuntado convenio colectivo estatal, a cuxos efectos rexerá supletoriamente. | 1,5 | No Artigo Sétimo.- Condicións laborais indica:<br>4. Retribución.<br>Durante a vixencia deste convenio, tanto a retribución mensual como o cómputo anual garantido para cada un dos grupos profesionais e categorías, establécese na táboa salarial que figura como anexo ao presente convenio colectivo, integrando a mesma os seguintes conceptos salariais:<br>1) Salario base.<br>2) Plus de convenio.<br>3) Complemento de posto de traballo.<br>4) Complemento de vencemento periódico superior ao mes.<br>1.- Salario base, é a parte de retribución do traballador fixada por unidade de tempo, de acordo coa xornada normal de traballo. En caso de xornadas reducidas ou especiais de traballo, será o que proporcionalmente corresponda ás mesmas.<br>2.- Plus de convenio, todos os traballadores percibirán este plus, que terá carácter de complemento salarial.<br>3.- Complemento de posto de traballo, é o que debe percibir o traballador por razón das características e condicións relativas ao posto de traballo.<br>4.- Complemento de vencemento superior ao mes, son as dúas pagas extraordinarias que os traballadores teñen dereito nos meses de xuño e decembro, cuxo importe corresponde co salario base.<br>Aboaranse ao final de cada un dos devanditos meses e proporcionalmente ao tempo de servizo prestado entre as datas de pagamento de cada unha delas, que son os seguintes:<br>1. Paga de Xuño: do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.<br>2. Paga de Decembro: do 1 de xullo ao 31 de decembro.<br>O incremento salarial, durante a vixencia do presente convenio, será o seguinte:<br>a) Os salarios pactados para o 2020 son os recollidos na táboa salarial Anexo I. A actualización efectuouse sobre salario base, plus de convenio e complemento de posto de traballo cun incremento do 0,5% respecto a os vixentes ao 31 de decembro de 2019. Non se xerará paga de atrasos para este ano 2020, posto que os efectos económicos do presente convenio aplícanse desde o 1 de xaneiro de 2021 tal e como se establece en Artigo Quinto.<br>b) Os salarios pactados para o ano 2021 son os recollidos na táboa salarial do Anexo II. A actualización efectuouse sobre o salario base, plus convenio e complemento de posto de traballo cun incremento do 1,5% respecto a os importes deses conceptos na táboa do ano 2020. | Non | 1,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15100033012013 | Grupo TOP WASH - [TOP WASH, S.L e TEMPRASA, S.L.] | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2022 (BOP nº 91, 18/05/2021)<br><br>Artigo 5.-Ámbito temporal, vixencia.<br>A vixencia do convenio será de 2 anos a contar desde o 1 de xaneiro de 2021 até o 31 de decembro de 2022, prorrogándose automaticamente por períodos de 1 ano, salvo denuncia expresa de calquera das partes asinantes con, polo menos, 2 meses de antelación ao remate da súa vixencia.<br>Unha vez denunciado e expirada a súa duración inicial ou a das sucesivas prórrogas, o convenio manterase vixente durante o período de negociación, que nunca poderá ser superior a 1 ano, excepto o caso de que se denuncie antes do 31 de decembro de 2021, en cuxo caso se manterá en vigor o actual convenio por un período de 2 anos.<br>Transcorrido 1 ano desde a denuncia do convenio colectivo, tendo en conta a excepción do parágrafo anterior, sen que as partes asinaran un novo Texto, ou sen que se resolveran as discrepancias existentes entre as partes por medio dos procedementos anteriormente sinalados, o presente convenio perderá a súa vixencia e as condicións laborais dos traballadores/as afectados/as rexeranse polo convenio colectivo de tinturerías, lavanderías e pasado de roupa da provincia da Coruña.<br>Ámbalas partes someteranse expresamente aos procedementos de aplicación xeral e directa establecidos nos acordos interprofesionais de ámbito estatal ou autonómico para solucionar de maneira efectiva as discrepancias existentes tralo transcurso do procedemento de negociación sen alcanzarse un acordo. As partes, unha vez denunciado o convenio e rematado o segundo ano de vixencia, para o caso de que se denuncie con anterioridade ao 31 de decembro de 2021, acordan someter as discrepancias que puidesen xurdir na negociación á mediación do Consello Galego de Relacións Laborais durante o primeiro ano.<br><br>Disposición adicional segunda. Dereito supletorio.<br>En todas aquelas materias non reguladas expresamente no presente convenio, estarase ao disposto no convenio sectorial de tinturerías, lavanderías e pasado de roupa da provincia da Coruña, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 do outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e o previsto na lexislación vixente en cada momento que resulte de aplicación. | | Artigo 22.-Incrementos salariais.<br>As retribucións dos traballadores e traballadoras comprendidos dentro do ámbito de aplicación deste convenio colectivo incrementaranse nas seguintes porcentaxes:<br>- No ano 2021, un incremento lineal por traballador de 50 € a aplicar sobre o concepto salarial do complemento do convenio, previsto no artigo 16 do presente texto.<br>- No ano 2022, un 1,5%.<br>Estes incrementos retributivos operarán exclusivamente sobre os conceptos salariais recollidos en convenio colectivo. Os incrementos no se poderán absorber nin compensar con outros conceptos retributivos fóra de convenio.<br>Prevese a posibilidade de revisar os incrementos previstos no presente artigo para cada exercicio, adecuándoos ao IPC real de cada exercicio para o caso de que este resulte superior ao incremento pactado. A tal efecto, durante o primeiro trimestre do ano, as empresas presentarán á representación social copia do peche contable correspondente ao exercicio precedente, sendo requisito imprescindíbel para a aplicación da cláusula de revisión conforme ao IPC que durante dito exercicio, tanto a cifra de negocios como o resultado de explotación se visen incrementados respecto ao exercicio precedente, obtendo ademais beneficios (resultado positivo). Atenderase, en todo caso, ao resultado global das empresas afectadas polo presente convenio. Para o caso de que se aplicase a anterior cláusula de revisión, aplicaríase con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro do exercicio correspondente | Si | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15100392012014 | IBERLEY SOCIEDAD LIMITADA | Convenio colectivo | CONVENIO 01/10/2020 - 01/10/2025 (BOP nº 89, 13/05/2021)<br><br>No Artigo 2.-Ámbito temporal, vixencia. indica:<br>O presente convenio entrará en vigor para todos os efectos o día da sinatura da presente, 1.10.2020, con independencia da data da súa publicación. A súa duración será de cinco anos, ata o 1.10.2025, entendéndose prorrogado tacitamente por anualidades naturais no caso de que non medie denuncia expresa das partes e estenderá a súa vixencia ata a consecución dun novo acordo.<br>En todo caso, o salario bruto anual (o salario base) será revisado a partir de xaneiro de 2022 tomando por referencia o IPC real do ano anterior sempre que sexa positivo e actualizarase en canto non se asine un novo convenio; durante os anos de vixencia do convenio non se revisará o importe correspondente á prima de resultados nin o resto dos conceptos salariais percibidos pola persoa traballadora agás o incremento de IPC sobre o salario base.<br>Denuncia e procedemento<br>1.-Denuncia.-Ao termo da súa vixencia o presente convenio colectivo prorrogarase tacitamente por períodos anuais, agás denuncia expresa por algunha das partes, que haberá de realizarse por escrito no último mes de vixencia do presente convenio ou de calquera das súas prorrogas.<br>2.-Procedemento.-A mesa negociadora do convenio colectivo estará constituída polo empresario ou os seus representantes, por unha parte, e pola outra, polos representantes das persoas traballadoras, segundo o disposto no artigo 87.1 do Estatuto dos Traballadores. Da mesma maneira, poderán asistir ás negociacións asesores das organizacións sindicais representadas na compañía tendo voz, pero non voto.<br>Denunciado o convenio colectivo e entrementres non se logre acordo expreso, manterá a súa vixencia ata a entrada en vigor do novo convenio colectivo que o substitúa. | | No Artigo 2.-Ámbito temporal, vixencia. indica:<br>O presente convenio entrará en vigor para todos os efectos o día da sinatura da presente, 1.10.2020, con independencia da data da súa publicación. A súa duración será de cinco anos, ata o 1.10.2025, entendéndose prorrogado tacitamente por anualidades naturais no caso de que non medie denuncia expresa das partes e estenderá a súa vixencia ata a consecución dun novo acordo.<br>En todo caso, o salario bruto anual (o salario base) será revisado a partir de xaneiro de 2022 tomando por referencia o IPC real do ano anterior sempre que sexa positivo e actualizarase en canto non se asine un novo convenio; durante os anos de vixencia do convenio non se revisará o importe correspondente á prima de resultados nin o resto dos conceptos salariais percibidos pola persoa traballadora agás o incremento de IPC sobre o salario base.<br>…<br>Artigo 22.-Principios xerais sobre retribución.<br>Os importes dos conceptos salariais que figuran neste convenio son, en todo caso, cantidades brutas debéndose practicar sobre eles as retencións legais que procedan por razóns fiscais, de seguridade social, ordes xudiciais de retención, embargo ou calquera outro imperativo legal.<br>Artigo 23.-Conceptos retributivos.<br>O réxime retributivo pactado no presente convenio queda estruturado da seguinte forma:<br>• Salario base e dúas pagas extraordinarias que serán de importe equivalente ao salario base mensual. O salario bruto anual que consta na táboa do art. 24 confórmase de 14 pagas, aínda que as dúas pagas extras percibiranse rateadas.<br>• Complementos salariais mensuais en función do posto de traballo e dos resultados da empresa: prima de resultados.<br>• Complemento ad personam. - complemento que se aboa a aqueles traballadores cuxo salario actual exceda ao importe do salario bruto anual pactado no presente convenio, o seu importe detraerase da prima de resultados que o traballador poida ter dereito a percibir.<br>O complemento de antigüidade suprímese así como o resto dos complementos que ata a data estaban a percibir as persoas traballadoras e todos eles quedan absorbidos polo salario base.<br>Calquera outro complemento que as persoas traballadoras estean a cobrar en función dos resultados da empresa tamén se suprime.<br>Artigo 24.-Táboa de clasificación profesional e salarios mínimos.<br>A seguinte táboa define as diferentes categorías profesionais contempladas pola empresa e a súa escala salarial base.<br>... | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15100541012016 | P. FERRO GPF, S.L. | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2023 (BOP nº 94, 21/05/2021)<br><br>Artigo 3º: Ámbito temporal<br>O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial.<br>A súa duración será desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2023.<br>Os efectos económicos serán retroactivos ao 1 de xaneiro de 2020. Os atrasos correspondentes, aboaranse unha vez transcorridos 15 días desde a publicación do presente convenio.<br>Este Convenio entenderase automaticamente denunciado dous meses antes do seu vencemento, continuando vixente ata a súa substitución por un novo convenio do mesmo ámbito de aplicación.<br><br>Artigo 26. Lexislación Suplementaria.<br>No non previsto no presente Convenio, estarase ao disposto no Estatuto dos Traballadores, Lei Orgánica da Liberdade Sindical e demais disposicións legais vixentes. | 1 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística: 1%<br>Artigo 11. Réxime Salarial<br>O salario base que rexerá para os diferentes grupos é o que se acompaña na táboa nº 1 anexa.<br>Recoñécese un novo concepto salarial denominado "Complemento de Convenio" para todos os traballadores, unha vez transcorridos dous anos desde a súa alta continuada e ininterrompida na Empresa no mesmo grupo profesional. O importe deste complemento persoal será do 10% do salario base aplicable ao grupo profesional respectivo de conformidade coas táboas salariais incluídas como anexo.<br>Ademais do anterior, a dirección da empresa poderá establecer, a título individual de cada traballador:<br>· ben complementos persoais fixos en función da avaliación do desempeño do seu labor.<br>· ben complementos persoais variables a determinar nos acordos particulares que se pacten, no seu caso, co traballador.<br>Estes complementos persoais (fixos ou variables) poderán ter carácter temporal ou permanente.<br>En todo caso, estes complementos persoais (fixos ou variables), de carácter temporal ou permanente, non se verán afectados polos incrementos salariais que se pacten nas sucesivas revisións salariais.<br>Os complementos persoais (fixos ou variables) vixentes en 2016, consolidaranse como complementos persoais non absorbibles, agás no caso de cambios de grupo profesional, segundo o establecido no artigo 9.<br>Os salarios que rexerán durante os anos 2020, 2021, 2022 e 2023 para os diferentes grupos profesionais; son os que se acompañan na táboa nº 1 anexa.<br><br>Artigo 14. Cláusula de Revisión.<br>As partes asinantes deste Convenio consideran que durante a vixencia deste Convenio Colectivo non procede adoptar ningunha cláusula de revisión salarial. | Non | 1 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15100402012014 | SUDESPACHO CLOUD S.L.<br>*[antes Desarrollos y Servicios de Internet para Profesionales, SL]* | Convenio colectivo | CONVENIO 01/10/2020 - 01/10/2025 (BOP nº 89, 13/05/2021)<br><br>No Artigo 2. Ámbito temporal, vixencia. Indica:<br>O presente Convenio entrará en vigor para todos os efectos o día da sinatura da presente, 1.10.2020, con independencia da data da súa publicación. A súa duración será de cinco anos, ata o 1.10.2025, entendéndose prorrogado tacitamente por anualidades naturais no caso de que non medie denuncia expresa das partes e estenderá a súa vixencia ata a consecución dun novo acordo.<br>En todo caso, o salario bruto anual (o salario base) será revisado a partir de xaneiro de 2022 tomando por referencia o IPC real do ano anterior sempre que sexa positivo e actualizarase en canto non se asine un novo convenio; durante os anos de vixencia do convenio non se revisará o importe correspondente á prima de resultados nin o resto dos conceptos salariais percibidos pola persoa traballadora agás o incremento de IPC sobre o salario base.<br>Denuncia e procedemento.<br>1.-Denuncia: ao termo da súa vixencia o presente convenio colectivo prorrogarase tacitamente por períodos anuais, agás denuncia expresa por algunha das partes, que haberá de realizarse por escrito no último mes de vixencia do presente convenio ou de calquera das súas prórrogas.<br>2.-Procedemento: A mesa negociadora do convenio colectivo estará constituída polo empresario ou os seus representantes, por unha parte, e pola outra, polos representantes das persoas traballadoras, segundo o disposto no artigo 87.1 do Estatuto dos Traballadores. Da mesma maneira, poderán asistir ás negociacións asesores das organizacións sindicais representadas na compañía tendo voz, pero non voto.<br>Denunciado o convenio colectivo e entrementres non se logre acordo expreso, manterá a súa vixencia ata a entrada en vigor do novo convenio colectivo que o substitúa. | | No Artigo 2. Ámbito temporal, vixencia. Indica:<br>O presente Convenio entrará en vigor para todos os efectos o día da sinatura da presente, 1.10.2020, con independencia da data da súa publicación. A súa duración será de cinco anos, ata o 1.10.2025, entendéndose prorrogado tacitamente por anualidades naturais no caso de que non medie denuncia expresa das partes e estenderá a súa vixencia ata a consecución dun novo acordo.<br>En todo caso, o salario bruto anual (o salario base) será revisado a partir de xaneiro de 2022 tomando por referencia o IPC real do ano anterior sempre que sexa positivo e actualizarase en canto non se asine un novo convenio; durante os anos de vixencia do convenio non se revisará o importe correspondente á prima de resultados nin o resto dos conceptos salariais percibidos pola persoa traballadora agás o incremento de IPC sobre o salario base.<br>…<br>Artigo 22. PRINCIPIOS XERAIS SOBRE RETRIBUCIÓN.<br>Os importes dos conceptos salariais que figuran neste Convenio son, en todo caso, cantidades brutas debéndose practicar sobre eles as retencións legais que procedan por razóns fiscais, de seguridade social, ordes xudiciais de retención, embargo ou calquera outro imperativo legal.<br>Artigo 23. CONCEPTOS RETRIBUTIVOS.<br>O réxime retributivo pactado no presente Convenio queda estruturado da seguinte forma:<br>• Salario base e dúas pagas extraordinarias que serán de importe equivalente ao salario base mensual. O salario bruto anual que consta na táboa do art. 24 confórmase de 14 pagas, aínda que as dúas pagas extras percibiranse rateadas.<br>• Complementos salariais mensuais en función do posto de traballo e dos resultados da empresa: prima de resultados.<br>• Complemento ad personam. - complemento que se aboa a aqueles traballadores cuxo salario actual exceda ao importe do salario bruto anual pactado no presente convenio, o seu importe detraerase da prima de resultados que o traballador poida ter dereito a percibir.<br>O complemento de antigüidade suprímese así como o resto dos complementos que ata a data estaban a percibir as persoas traballadoras e todos eles quedan absorbidos polo salario base. Calquera outro complemento que as persoas traballadoras estean a cobrar en función dos resultados da empresa tamén se suprime.<br>Artigo 24. Táboa de clasificación profesional e salarios mínimos.<br>A seguinte táboa define as diferentes categorías profesionais contempladas pola empresa e a súa escala salarial base.<br>… | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15001492011982 | TELEVÉS, S.A. | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 (BOP nº 173, 10/09/2021)<br><br>ARTIGO 3.º.-VIXENCIA, PRÓRROGAS E REVISIÓN.<br>3.1. VIXENCIA.<br>As relacións laborais que se regulan neste convenio entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2021 e finalizarán o 31 de decembro do 2021.<br>3.2. PRÓRROGAS.<br>Entenderase prorrogado de ano en ano, salvo que calquera das partes o denunciase co aviso previo mínimo de tres meses da terminación do prazo de vixencia inicial ou da prórroga en curso.<br>A representación que promova a negociación mediante a denuncia do convenio, comunicarao á outra parte, expresando detalladamente na comunicación, que deberá facerse por escrito, a representación que ostenta, os ámbitos do convenio e as materias obxecto de negociación.<br>No prazo máximo dun mes a partir da recepción da comunicación, procederase a constituír a Comisión Negociadora, e ambas as partes establecerán un calendario ou Plan de Negociación.<br>Os acordos da Comisión Negociadora adoptaranse segundo o que estableza a lexislación vixente.<br>3.3. REVISIÓN.<br>Durante a vixencia deste convenio, as táboas salariais axustaranse ao establecido no artigo 21.<br><br>ARTIGO 37.º.-LEXISLACIÓN COMPLEMENTARIA.<br>En todo o non pactado expresamente neste convenio, será de aplicación o disposto na Lexislación Laboral vixente en cada momento. | 1,4 | No ARTIGO 21.º.-TÁBOAS SALARIAIS. indica:<br>Durante o ano de vixencia deste convenio serán de aplicación as táboas salariais que se reflicten no Anexo II e que resultan de aplicar un incremento do 1,4% sobre todos os conceptos. Garántese un incremento do IPC real para 2021 máis un diferencial do 0,35%, a diferenza resultante aplicarase sempre que a suma de ambos supere o 1,4% xa implementado en táboas. | Si | 6,85 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15100642012017 | TÚNIDOS MIRAMAR, S.L. | Revisión Salarial | CONVENIO 2017 - 2021 (BOP nº 80, 28/04/2017)<br>Táboas salariais 2018 no BOP nº 48, 12/03/2018<br>Táboas salariais 2019 no BOP nº 38, 22/02/2019<br>Táboas salariais 2020 no BOP nº 40, 28/02/2020<br>Acta da Comisión Paritaria (Táboas salariais 2021) no BOP nº 45, 09/03/2021<br><br>Artigo 3º.- Ámbito temporal. Duración, vixencia e denuncia.<br>As partes negociadoras do convenio establecen que a duración do presente convenio colectivo será de 5 anos, estendéndose desde o día 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2021.<br>O presente convenio colectivo entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial correspondente e producirá efectos retroactivos desde o un de xaneiro de 2017.<br>O presente convenio colectivo deberá denunciarse por escrito cunha antelación mínima dun mes antes da finalización da súa vixencia. No caso de que non exista denuncia polas partes, o convenio considerarase prorrogado ano a ano. Unha vez denunciado manterá a súa plena vixencia mentres non sexa negociado e substituído por un novo. | 0 | Na acta de acordo da actualización das táboas salariais 2021 indican:<br>Sendo as 10.30 horas do día 30 de xaneiro de 2021, reúnense nos locais da empresa, dunha parte os delegados de persoal relacionados, e doutra parte o Director Xeral de Túnidos Miramar, S.L., na representación que exercen, a fin de actualizar as táboas salariais do convenio colectivo para exercicio 2021, da empresa Túnidos Miramar, S.L.<br>O artigo 21 do actual convenio, establece: "O salario base incrementarase anualmente, acorde co incremento do salario mínimo interprofesional, e segundo táboas salariais aprobadas pola comisión paritaria do convenio colectivo, que se reunirá, para o efecto, no mes de xaneiro de cada ano de vixencia do convenio". A data deste acordo, non se publicou incremento de salario mínimo interprofesional, e segundo instituto nacional de estatística o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) do período 2020 foi negativo en 0,50%.<br>Polo tanto, despois de debater a situación actual do convenio e diversas consideracións ao respecto, ambas as partes alcanzan o acordo de continuidade das TÁBOAS SALARIAIS do ANO 2020, durante o 2021, sempre que non se produza aumento do salario mínimo interprofesional durante o devandito período. En tal caso, esta mesa volverase reunir co fin de axustarse á legalidade exposta no devandito momento.<br>Achégase o Anexo de TÁBOAS SALARIAIS ANO 2021, sen variación con respecto ás do período 2020.<br>...<br>Artigo 21º.- Salario base.<br>Considerarase salario base de convenio, como retribución por unidade de tempo, para o ano 2017, o que se fixa na táboa de retribucións do Anexo I.<br>O salario base incrementarase anualmente, acorde co incremento do salario mínimo interprofesional, e segundo Táboas salariais aprobadas pola Comisión paritaria do convenio colectivo, que se reunirá, para o efecto, no mes de xaneiro de cada ano de vixencia do convenio colectivo. | Si | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 15100971012021 | UTE CARBALLO (Urbaser, S.A. y Servicios Gallegos de Lacería, S.L.) - Recollida e transporte de RSU no concello de Carballo | Convenio colectivo | CONVENIO 2019 - 2023 (BOP nº 94, 21/05/2021)<br><br>Artigo 2.º.-Duración e vixencia.<br>A duración do presente convenio colectivo será a comprendida desde o 01 de xaneiro do 2019 ata o 31 de decembro de 2023.<br>O presente convenio colectivo entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación no correspondente Boletín Oficial da Provincia, salvo naquelas disposicións que marquen no seu respectivo artigo un ámbito temporal diferente.<br><br>Artigo 3.º.-Denuncia.<br>O presente convenio colectivo deberá denunciarse por algunha das partes con dous meses de antelación á finalización da súa vixencia, mediante escrito debidamente rexistrado ante a autoridade laboral ou órgano competente que corresponda. En caso contrario, o convenio colectivo quedará automaticamente prorrogado nos termos previstos no art. ART. 86.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.<br><br>Disposición adicional Primeira.-Normas supletorias.-Serán normas supletorias as legais de carácter xeral e o II Convenio Colectivo Xeral do Sector de Saneamento Público, Limpeza Viaria, Regas, Recollida, Tratamento e Eliminación de Residuos, Limpeza e Conservación de Rede de sumidoiros (BOE, 30 de xullo de 2013) ou norma que o substitúa. | 1,5 | Disposición transitoria única<br>Acórdase practicar as seguintes revisións salariais, de tal forma que resulte de aplicación para cada ano as táboas salariais que se anexan ao presente convenio colectivo.<br>Para o ano 2019 incrementarase un 1% sobre as táboas retributivas que veñen actualmente sendo de aplicación para as novas contratacións.<br>Para o ano 2020 incrementarase o 1,5% sobre as táboas retributivas definitivas do ano 2019.<br>Para o ano 2021 incrementarase o 1,5% sobre as táboas retributivas definitivas do ano 2020.<br>Para o ano 2022 incrementarase o 1,5% sobre as táboas retributivas definitivas do ano 2021.<br>Para o ano 2023 incrementarase o 2% sobre as táboas retributivas definitivas do ano 2022.<br>Aqueles traballadores que á data do presente veñan percibindo un importe superior ás táboas retributivas que se pactan no presente convenio colectivo, subscribirán á data da sinatura do presente un acordo individual onde se estableza o aboamento dun complemento "ad personam" distribuído en doce mensualidades polo importe resultante de facer a diferenza entre o seu salario bruto anual actual fixado polas táboas salariais que actualmente se aplican (salario base + plus penoso tóxico e perigoso + plus nocturno + 3 gratificacións extraordinarias + complemento persoal voluntario) e o novo salario bruto anual que se fixe nas táboas salariais do novo convenio que se subscriba tomando como referencia as táboas actuais do persoal de nova contratación (12.600 € brutos anuais) | Non | 1,5 |
| 15100951012021 | VALORIZA SERVIZOS AMBIENTAIS S.A. - Servizo de limpeza pública viaria do Concello de Arteixo | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2026 (BOP nº 62, 06/04/2021)<br><br>ARTIGO 4.-ÁMBITO TEMPORAL.<br>Este convenio terá unha vixencia dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2026. En todo caso manterá a súa efectividade en todo o seu contido mentres non se negocie por ambas partes un novo convenio.<br><br>DISPOSICIÓNS ADICIONAIS<br>PRIMEIRA.-LEXISLACIÓN SUPLETORIA.<br>En todo o non disposto neste convenio serán normas supletorias as legais de xeral aplicación e no convenio colectivo xeral do sector do saneamento público e limpeza, viaria, regos, recollida, tratamento e eliminación de residuos e limpeza e conservación de sumidoiros, BOE 30 de xullo de 2013, así como nos posteriores que puideran substituír a este. | 0 | Incremento salarial 2021 calculado: 0%<br><br>ARTIGO 9.-SALARIOS.<br>Durante a vixencia deste convenio, os salarios serán os sinalados nas táboas que se achegan. O salario sinalado na táboa salarial para o ano 2020 será de inmediata aplicación a partires do momento da sinatura deste convenio. O correspondente ao ano 2021 será de aplicación a partires do 1 de xaneiro dese ano.<br>De iniciarse o novo contrato antes de rematar o devandito ano 2021, dende ese mesmo momento, deberán incrementarse nos meses restantes do ano a parte proporcional de todos e cada un dos conceptos salariais ata igualar as cantidades da táboa correspondente a ano 2022.<br>Todas as percepcións, agás as de vencemento periódico superior ao mes que se estará ao pactado ou no seu caso á costume, aboaranse mensualmente, por períodos vencidos e ate o día 30 do mes do seu devengo. | Si | 0 |

# LUGO - EMPRESA. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27000892012003 | ARMADORES DE BURELA, S.A. (ABSA) | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2021 (BOP nº 24, 30/01/2021)<br><br>ARTIGO 3º.-ÁMBITO TEMPORAL.<br>O presente convenio entrará en vigor o día do seu asinamento, independentemente da súa publicación no BOP e DOG. Manterá a súa vixencia ata o 31-12-2021 e os seus efectos económicos enténdense retrotraídos ó 1 de xaneiro de 2020.<br>Ao remate da vixencia temporal do presente convenio e mentres non se substitúa por un novo, quedará vixente o seu contido normativo.<br>A denuncia por calquera das partes asinantes deste convenio terá que formalizarse por escrito ante a Consellería de Traballo, establecéndose o prazo dun mes antes da finalización deste para a súa formulación, dando traslado á outra parte. Constituirase a comisión negociadora nun prazo non superior a dous meses desde o remate da vixencia, despois da denuncia.<br><br>Disposición adicional Cuarta.- Lexislación complementaria. No non contemplado neste convenio estarase ó disposto no Estatuto dos Traballadores e demais lexislación de aplicación | 1 | Disposicións adicionais<br>Primeira.- O soldo base será o establecido nas táboas anexas.<br>En todo caso, a suma do soldo base e o complemento de permanencia, percibidos individualmente e en cómputo anual por cada traballador ha de acadar cando menos o importe do soldo mínimo interprofesional en cómputo anual fixado polo goberno.<br>De non acadarse tal importe en cómputo anual, complementarase mediante o percibo dun complemento denominado "complemento a S.M.I.".<br>Segunda.-Incrementos salariais durante a vixencia do presente convenio:<br>Incremento para o ano 2020:<br>-Para o período que vai dende o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2020, aos conceptos retributivos actualizados do ano 2019 aplicaráselles o incremento do 1%.<br>Incremento para o ano 2021:<br>-Para o período que vai dende o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2021, aos conceptos retributivos actualizados do ano 2020 aplicaráselles o incremento do 1%.<br>Terceira.- Revisión salarial.<br>Para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro, de cada ano, rexistre un incremento superior ó 0,5%, efectuarase unha revisión salarial no exceso da cifra indicada con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de cada ano. | Si | 7 |
| 27000092011985 | CALFENSA PROYECTOS, S.L. | Convenio colectivo | CONVENIO 2021-2025 (BOP nº 81, 12/04/2021)<br><br>ARTIGO 2. - ÁMBITO TEMPORAL.- O presente Convenio entrará en vigor en data 1 de xaneiro de 2021, rematando a súa vixencia en data 31 de decembro de 2025 e iso con independencia da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.<br><br>ARTIGO 4. - DENUNCIA.- O presente Convenio prorrogarase por períodos anuais de non denunciarse, por calquera das partes, cunha antelación dun mes á data da súa finalización. | 0,5 | ARTIGO 14.- SALARIO BASE.- Comprende, para o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021 os salarios que figuran para cada categoría profesional nas táboas salariais anexas.<br>Incrementos salariais<br>Para o primeiro ano de vixencia do Convenio, isto é, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2021, as táboas salariais do Convenio increméntanse nun 0,50% respecto das táboas salariais vixentes no exercicio 2020.<br>O incremento salarial para o resto de anos de vixencia do Convenio fixarase pola Comisión Negociadora do Convenio entre os meses de xaneiro e febreiro de cada ano. | Non | 0,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27100010142021 | CONCELLO DO SAVIÑAO - Persoal laboral e funcionario | Convenio colectivo | ACORDO REGULADOR / CONVENIO COLECTIVO<br>29/08/2021 - 31/12/2023<br>(BOP nº 198, 28/08/2021)<br><br>Artigo 4. Ámbito temporal, vixencia e denuncia<br>1. O presente Acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, abarcando o seu período de vixencia ata o 31 de decembro de 2023, data na que se entenderá prorrogado por anualidades, de non existir denuncia dalgunha das partes, ata que a entrada en vigor do novo Acordo substitúa ao anterior trala oportuna negociación.<br>2. O Acordo considerarase denunciado cando así o faga calquera das partes por escrito con tres meses de antelación á finalización da súa vixencia ou de calquera prórroga, a fin de iniciar as negociacións e deliberacións do novo Acordo, en data non posterior a un mes contado a partir da data de denuncia.<br>3. En calquera caso o Acordo en todo o seu contido considerarase prorrogado ata que outro asinado o substitúa. | 0,9 | Artigo 75. Actualización das contías das retribucións<br>As retribucións do persoal experimentarán o incremento que a Lei de Presupostos Xerais do Estado fixe para o persoal ao servizo das Administracións Públicas.<br>Disposición transitoria cuarta<br>No relativo ás retribucións o presente Convenio terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2021, respectando en todo caso o disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado no relativo as limitacións de incrementos salariais.<br>Artigo 77. Contía das retribucións<br>1. As retribucións básicas dos/as traballadores/as do Concello devengaranse, cada ano, na contía e coa periodicidade previstas na correspondente Lei de Presupostos Xerais do Estado.<br>2. O complemento de destino e específico dos/as traballadores/as do Concello do Saviñao devindicarase cada ano na contía que aparece na RPT anexa a este Convenio e cunha periodicidade mensual.<br>3. O complemento de produtividade percibirase, de ser o caso, cuadrimestralmente. En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións sucesivas.<br>4. As gratificacións por servizos extraordinarios, que non poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, deberán retribuír servizos extraordinarios realizados fóra da xornada habitual de traballo. As cantidades que perciba cada traballador por este concepto serán de coñecemento público dos demais traballadores/as, así como dos/as representantes sindicais.<br>Actualizaranse cada ano conforme os presupostos Xerais do estado.<br>Grupos Ordinario/diúrno Festivos/nocturno<br>A1 29,40€ 44,60€<br>A2 19,60€ 28,50€<br>B 19,60€ 28,50€<br>C1 15,25€ 23€<br>C2 13,00€ 19,60€<br>E 10€ 13,80€<br>Disposición transitoria terceira: Revisión dos complementos salariais<br>Durante a vixencia do presente convenio levarase a cabo unha revisión do complemento de posto do persoal laboral, co fin de tender á progresiva equiparación da súa contía ás contías previstas na normativa funcionarial para o complemento específico e de destino en postos de similar categoría e funcións.<br>Todo isto realizarase atendendo ao disposto nas leis de Orzamentos xerais do Estado vixentes en cada momento, no relativo ás limitacións de incrementos salariais, e sen prexuízo da adecuación dos postos de traballo coas modificacións que procedan na RPT. | Non | 0,9 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27000622011992 | CORPORACIÓN ALIMENTARIA PEÑASANTA, S.A. - CAPSA - (Centro de traballo de Robra - Outeiro de Rei) | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2023 (BOP nº 163, 19/07/2021)<br><br>Artigo 3º: Duración e vixencia.-<br>Para todos os efectos, salvo o referido no artigo 16 sobre a revisión salarial a partir do 31/12/2023, a vixencia deste convenio será do 1 de xaneiro de 2020, e finalizará o 31 de decembro de 2023, pactándose de común acordo que á súa expiración se considerará automaticamente denunciado sen necesidade expresa de denuncia.<br>Á terminación da vixencia deste convenio colectivo e mentres as partes non pacten outro convenio, este quedará prorrogado en todos os seus termos, polo que se seguirá aplicando a parte normativa e retributiva deste convenio.<br><br>Disposición Final Primeira: Normas subsidiarias<br>No non previsto neste convenio aplicarase o disposto no convenio colectivo estatal de industrias lácteas e demais disposicións legais vixentes. | 1 | Artigo 16º: Incremento salarial.-<br>Acórdase que os incrementos durante a vixencia do convenio sexan os seguintes:<br>Ano 2020: 1%<br>Ano 2021: 1%<br>Ano 2022: 1%<br>Ano 2023: 1%<br>Os anteriores incrementos serán de aplicación a todos os conceptos salariais, excepto aqueles conceptos salariais nos que se pactaron incrementos lineais e que se retribuirán coas cantidades establecidas para cada un dos anos de vixencia deste convenio, conforme ás táboas salariais, recollidas nos anexos do convenio.<br>No caso de que o IPC do ano 2022 fose superior ao 1,9%, constituirase a Comisión Negociadora deste convenio tan axiña como se coñeza para revisar o incremento salarial exclusivamente no exceso desde o 01/01/2023.<br>Unha vez coñecido o IPC real do 2023, se supera o 1,9%, constituirase a Comisión Negociadora deste convenio para revisar as táboas salariais exclusivamente no exceso desde o 31/12/2023<br>Retribución variable (Plus Variable Calidade).-<br>A maiores do anterior, establécese unha retribución variable para cada un dos anos de vixencia do Convenio, non absorbible nin compensable, ligada á consecución do obxectivo de reclamacións de consumidores/as, de acordo co seguinte criterio:<br><=2,5 reclamacións por millón de litros 0,6%<br><=3 reclamacións por millón de litros 0,5%<br><=3,5 reclamacións por millón de litros 0,4%<br><=4 reclamacións por millón de litros 0,3%<br>Esta táboa revisarase co comité no primeiro trimestre do ano 2022 de cara ao establecemento do variable de calidade para os anos 2022 e 2023 segundo a acta número novena do 3 de maio de 2021 da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Corporación Alimentaria Peñasanta S.A. (centro de traballo de Robra).<br>O referido índice de reclamacións será aplicable ao volume de litros que se transformen anualmente nas seccións de UHT e Torre.<br>A 31 de xaneiro de cada ano terase o cociente definitivo do ano anterior. O seu aboamento farase na nómina de febreiro. | Non | 1 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27001101012010 | CRUZ ROJA ESPAÑOLA - LUGO - | Convenio colectivo | CONVENIO 2021-2023 (BOP nº 245, 25/10/2021)<br><br>Artigo 3.- Ámbito temporal.<br>O Convenio entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial correspondente e a súa duración será ata o 31 de decembro de 2023.<br>O incremento das táboas salariais terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2021<br>As diferenzas de soldo que a empresa adeude ás persoas traballadoras como consecuencia da aplicación desde o 1 de xaneiro de 2021 das novas táboas salariais deberán quedar saldadas nun prazo máximo de dous meses a partir da firma do presente Convenio Colectivo.<br>Que estea pendente a publicación do convenio colectivo no BOP e DOG non impedirá que as partes asinantes deste convenio poñan en marcha aqueles grupos de traballo ou compromisos adquiridos con datas de inicio anteriores á devandita publicación.<br>Artigo 6.- Denuncia e prórroga.<br>Calquera das partes asinantes poderá denunciar o presente convenio cunha antelación mínima de dous meses antes do vencemento do mesmo. Para que a denuncia teña efecto, terá que facerse mediante comunicación escrita á outra parte, comunicación que terá que rexistrarse na Consellería de Emprego e Igualdade, cunha antelación mínima de dous meses antes do vencemento do mesmo.<br>Denunciado o convenio, en tanto non se chega a un acordo sobre o novo, entenderase que o convenio se prorroga provisionalmente ata tanto non se chegue a acordo expreso, incrementándose anualmente, no mes de xaneiro, o soldo base e os pluses regularizaranse de acordo ao Índice de Prezos ao Consumo (IPC) previsto polo Goberno nos Orzamentos Xerais do Estado. En caso de producirse esta regularización, o salario resultante servirá de base para a aplicación dos incrementos retributivos previstos nos sucesivos anos. Con todo, a teor do previsto no artigo 86.3 do Estatuto dos Traballadores, denunciado un convenio e ata tanto non se logre un acordo expreso, perderán vixencia as súas cláusulas obrigacionais.<br>De non mediar denuncia por calquera das partes asinantes no prazo de dous meses, prorrogarase tacitamente por períodos anuais. Con todo, as condicións económicas poderán ser negociadas anualmente e entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de cada ano. | | No Artigo 50.- Composición das retribucións indica:<br>As remuneracións das persoas traballadoras comprendidas neste convenio estarán constituídas polo salario base e os complementos do mesmo e corresponden á xornada completa e computo anual de horas pactadas. A súa contía será a sinalada nas correspondentes Seccións deste convenio colectivo.<br>A retribución do persoal de Cruz Roja Española en Lugo, estará integrada polos seguintes conceptos:<br>Salario Base.<br>Complemento Ad Personam<br>Complementos non consolidables.<br>Pagas extraordinarias.<br>… | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27100272012019 | DISTRICONS MAYORISTAS, S.L. | Convenio colectivo | CONVENIO 01/02/2021 - 31/01/2023 (BOP nº 70, 26/03/2019)<br><br>Artigo 2. Vixencia e duración.<br>O presente convenio terá unha duración de dous anos, desde o 01 de febreiro de 2021 ata o 31 de xaneiro de 2023, con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.<br>Non obstante o anterior, e en evitación do baleiro normativo que noutro caso se produciría, unha vez rematada a súa vixencia inicial, ou a de calquera das súas prórrogas, continuará rexendo na súa totalidade tanto o seu contido normativo como no obrigacional ata que sexa substituído por outro.<br>Artigo 4. Rescisión.<br>A denuncia de rescisión ou revisión do Convenio haberá de efectuarse cunha antelación de tres meses á súa data de terminación, mediante comunicación escrita á outra parte. | | Artigo 8. Salarios.<br>Os salarios para as distintas categorías do presente convenio serán os recollidos na táboa salarial que se achega como Anexo I.<br>O salario base non poderá ser en ningún caso de importe inferior ao SMI vixente en cada momento. | Non | |
| 27100321012021 | DOMINION INDUSTRY AND INFRASTRUCTURES, S.L. - Centro de traballo de San Cibrao (Lugo) | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2024 (BOP nº 232, 08/10/2021)<br><br>ARTIGO 3.- ÁMBITO TEMPORAL<br>O presente Convenio subscríbese por CINCO ANOS, con vixencia desde o día uno de xaneiro de 2020 ata o trinta e un de decembro de 2024, salvo naqueles artigos nos que expresamente se sinale a súa entrada en vigor.<br>Extinguido o prazo de vixencia entenderase denunciado polas partes na forma que establece a Lei. O Comité de Empresa presentará un anteproxecto a esta, dun novo Convenio, antes do día un de novembro de 2024 e a negociación do mesmo iniciarase non máis tarde do día un de febreiro do ano 2025.<br>Ao termo da vixencia temporal do presente convenio e en tanto non se substitúa por un novo, quedará vixente en todo o seu contido.<br>DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA: NORMATIVA COMPLEMENTARIA<br>Para o non previsto no presente Convenio, estarase ao disposto na derrogada Ordenanza de Traballo para a Industria Siderometalúrxica, Estatuto dos Traballadores, Convenio Provincial de Lugo Siderometal e demais disposicións legais vixentes. | 3 | ARTIGO 32.- INCREMENTO SALARIAL<br>Sobre todos os conceptos que integran as táboas salariais, aplicaranse os seguintes incrementos:<br>- 2020: As táboas finais do ano 2019 veranse incrementadas nun 0%.<br>- 2021: As táboas finais do ano 2020 veranse incrementadas nun 3%.<br>- 2022: As táboas finais do ano 2021 veranse incrementadas nun 2,85%.<br>- 2023: As táboas finais do ano 2022 veranse incrementadas nun 2,15%.<br>- 2024: As táboas finais do ano 2023 veranse incrementadas nun 2,15%.<br>Os importes salariais actualizados do 2021 actualizaranse en outubro de 2021. Os atrasos devindicados desde xaneiro 2021 a setembro 2021 aboaranse no seu pago no mes de novembro 2021.<br>REVISIÓN TÁBOAS SALARIAIS<br>Salvo para aqueles conceptos que teñan un incremento distinto ao indicado neste artigo, acórdase unha revisión se o IPC estatal do ano de que se trate superara o 2,25% e cuxa efectividade terá lugar a partir do 1 de xaneiro de cada unha das anualidades. Aboaranse as diferenzas dentro do primeiro trimestre de cada ano da vixencia do convenio. | Si | 7,25 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27000861012002 | FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. - Servizo de recollida e transporte de residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios do concello de Monforte de Lemos | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 -2024 (BOP nº 271, 25/11/2021)<br><br>ARTIGO 4º: ÁMBITO TEMPORAL.<br>1.- Este Convenio terá unha duración de catro anos, con vixencia desde o 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2024.<br><br>ARTIGO 5º: ENTRADA EN VIGOR.<br>Este Convenio entrará en vigor o día da súa firma, con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2021.<br><br>ARTIGO 6º: DENUNCIA.<br>1.- Estipúlase un prazo de duración de catro anos, é dicir, desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2024, pactándose de común acordo que, con antelación de 2 meses á data de expiración, considérase automaticamente denunciado.<br>2.- Este convenio prorrogarase tacitamente de ano en ano, independentemente da súa denuncia, mentres non se chegue a un acordo entre as partes sobre un novo Convenio.<br><br>DISPOSICION FINAL<br>En todo o non previsto no vixente Convenio estarase ao disposto no Convenio colectivo do Sector de Saneamento Público, Limpeza Viaria, Regas, Recollida, Tratamento e Eliminación de Residuos, Limpeza e Conservación de Rede de sumidoiros (BOE nº 181 do 30 de xullo de 2013), ao Estatuto dos Traballadores e demais lexislación laboral vixente. | 2,5 | Incremento salarial 2021 indicado na táboa salarial e na folla estatística: 2,50%<br><br>ARTIGO 8º: INCREMENTOS SALARIAIS.<br><br>1.- Ano 2021: as condicións salariais para este ano serán as que para Grupo Profesional e posto de traballo se establecen na táboa salarial anexa.<br><br>2.- Ano 2022: incremento salarial equivalente ao 70% do IPC real dese ano, que será de aplicación unha vez coñecido o devandito IPC.<br><br>3.- Ano 2023: incremento salarial equivalente ao 80% do IPC real dese ano, que será de aplicación unha vez coñecido o devandito IPC.<br><br>4.- Ano 2024: incremento salarial equivalente ao 80% do IPC real dese ano, que será de aplicación unha vez coñecido o devandito IPC. | Non | 2,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27100071012016 | GESTIÓN Y TÉCNICAS DEL AGUA, S.A. - Centro de traballo de Foz- Lugo (Ciclo integral da auga) | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2023 (BOP nº 237, 15/10/2021)<br><br>ARTIGO QUINTO. ÁMBITO TEMPORAL E VIXENCIA<br><br>O convenio colectivo entrará en vigor na data da súa firma, aínda que os seus efectos económicos aplicaranse con efecto 1 de xaneiro de 2020, aboándose os aumentos acordados con efectos retroactivos desde a indicada data. A súa duración será ata o 31 de decembro de 2023.<br><br>Chegada a data de finalización considerarase denunciado automaticamente, sen necesidade de ser formulada denuncia expresa por algunha das partes asinantes.<br><br>DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. DEREITO SUPLETORIO.<br><br>Para o non contemplado e regulado no presente convenio, estarase ao disposto no presente e futuro Convenio colectivo estatal das industrias de captación, elevación, condución, tratamento, distribución, saneamento e depuración de augas potables e residuais, na Lexislación vixente e no Estatuto dos Traballadores.<br><br>Aos grupos profesionais, categorías e postos de traballo recollidos neste convenio colectivo e non definidos expresamente no mesmo, aplicaráselles a definición establecida no reseñado Convenio colectivo estatal do sector, a cuxos efectos rexerá supletoriamente. | | No ARTIGO SÉTIMO. CONDICIÓNS LABORAIS indica:<br>4. Revisión salarial:<br>Durante a vixencia do presente convenio colectivo as partes establecen os seguintes incrementos salariais:<br>a) Os salarios pactados para o ano 2020 atópanse recollidos na táboa salarial que se adxunta ao convenio como Anexo 1, coincidentes cos recollidos na táboa salarial do ano 2019 publicada no convenio do centro de Foz (BOP 22/11/2019).<br>b) Os salarios pactados para o ano 2021 son os recollidos na táboa salarial do Convenio Colectivo Estatal do Ciclo Integral da auga para o ano 2021 (BOE 21/01/2021), achegándose a este convenio como Anexo 2, recollendo un incremento salarial específico sobre a retribución bruta anual de cada grupo profesional para o ano 2020, da forma que se indica a continuación:<br>Grupo profesional %Incremento 2021<br>G. P. 1 0,91%<br>G. P. 2 - Nivel B 1,00%<br>G. P. 2 - Nivel A 1,09%<br>G. P. 3 - Nivel B 1,15%<br>G. P. 3 - Nivel A 1,28%<br>G. P. 4 1,38%<br>G. P. 5 1,48%<br>G. P. 6 1,57%<br>c) Os salarios pactados para o ano 2022 son os recollidos na táboa salarial do Convenio Colectivo Estatal do Ciclo Integral da auga para o ano 2022 (BOE/BOE 21/01/2021), achegándose a este convenio como Anexo 3, recollendo un incremento do 3% sobre a retribución bruta anual de cada grupo profesional para o ano 2021.<br>d) Os salarios pactados para o ano 2023 son os recollidos na táboa salarial do Convenio Colectivo Estatal do Ciclo Integral da auga para o ano 2023 (BOE/BOE 21/01/2021), achegándose a este convenio como Anexo 4, recollendo un incremento do 1,5% sobre a retribución bruta anual de cada grupo profesional para o ano 2022. | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27100341012021 | Gestión y Técnicas del Agua, S.A. GESTAGUA - Centro de traballo ETAP de Lugo (Santa María Magdalena de Adai) - Ciclo Integral da Auga | Convenio colectivo | CONVENIO 2019 - 2023 (BOP nº 257, 09/11/2021)<br><br>Artigo 3.- Ámbito temporal. Vixencia.<br><br>O acordo colectivo entrará en vigor na data da súa firma, aínda que os seus efectos económicos aplicaranse con efecto 1 de xaneiro de 2019, aboándose os aumentos acordados con efectos retroactivos desde a indicada data. A súa duración será ata o 31 de decembro de 2023 (5 anos).<br>Chegada a data de finalización considerarase denunciado automaticamente, sen necesidade de ser formulada denuncia expresa por ningunha das partes asinantes.<br>Así mesmo, o acordo seguirá vixente ata tanto non conclúa a negociación do novo acordo colectivo cos límites establecidos polo artigo 86.3 do Estatuto dos Traballadores.<br><br>Disposición final PRIMEIRA.- Dereito supletorio.<br>Para o non contemplado e regulado no presente acordo, estarase ao disposto no convenio colectivo estatal do ciclo integral da auga, na lexislación vixente e no Estatuto dos Traballadores.<br><br>No Artigo 5.- Condicións laborais. indica:<br>As partes acordan que, será de aplicación a todos os traballadores de Gestión y Técnicas del Agua, S.A. no centro de traballo ETAP de Lugo as condicións laborais contidas no presente e futuro Convenio colectivo estatal do Ciclo Integral da Auga, coa excepción das materias pactadas neste acordo colectivo que serán de preferente aplicación sobre calquera outras disposicións legais de carácter xeral ou sectorial vixente ou futura, respectando, en todo caso, os mínimos de dereito necesario.<br>Deste xeito, as partes dan por integramente reproducidos todos os capítulos contidos no devandito convenio formando parte do presente acordo.<br>En relación co disposto no apartado a), establécese a continuación as seguintes excepcións en relación co sinalado convenio colectivo estatal:<br>... | 1,5 | Incremento salarial 2021 indicado no convenio estatal e calculado: 1,5%<br><br>No Artigo 5.- Condicións laborais. indica:<br>4. Revisión salarial.<br>As retribucións para os anos 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023 serán as establecidas nas táboas salariais do VI Convenio do Ciclo Integral da auga, que se inclúen como anexos ao presente acordo colectivo. | Non | 1,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27100212012017 | NUEVA GALIMPLANT, S.L.U. | Convenio colectivo | CONVENIO 01/10/2021 - 30/09/2023 (BOP nº 237, 15/10/2021)<br><br>Art. 4.- Ámbito temporal, vixencia e duración<br>O presente Convenio Colectivo entrará en vigor a 1 de outubro de 2021 independentemente da data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia ou o Boletín Oficial Provincial correspondente segundo o seu ámbito territorial, e da firma do mesmo. Estendendo a súa vixencia ata o 30 de setembro de 2023.<br>As partes poderán acordar, de común acordo, a súa prórroga en todo, ou en parte, do Convenio Colectivo. A prórroga será tácita, no caso de que non medie denuncia por ningunha das partes entre os 6 e 4 meses anteriores ao seu vencemento, por unha anualidade natural.<br><br>Disposición final primeira<br>En todo o non regulado polo presente convenio colectivo, estarase ao que dispón, sobre esta materia, o vixente Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, así como o Convenio Colectivo Provincial ao que está asignado esta empresa, o Convenio de comercio do metal de Lugo. | | Art. 13.- Estrutura salarial<br>Establécese o SALARIO BASE por Nivel/Categorías, cuxos importes se indican no Anexo I do presente convenio e a súa percepción terá carácter mensual, non sendo en ningún caso de importe inferior ao SMI vixente en cada momento.<br>Establécese un plus de compensación e plus de transporte, que se recollen en Anexo I.<br>Os/as traballadores/as adscritos ao presente convenio terán dereito a dúas GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS anuais, correspondentes aos meses de xullo e decembro, de cómputo semestral, as cales se farán efectivas o día laborable inmediatamente anterior ao 22 de xullo e 22 de decembro respectivamente, consistentes cada unha no Salario base enunciado no Anexo I.<br>Con todo, a empresa unilateralmente, poderá incluír a parte proporcional mensual das dúas pagas extraordinarias recollidas no apartado anterior, na nómina do mes, como condición máis beneficiosa para o traballador/a, polo adianto que supón o pago das mesmas.<br>No caso de que o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE) rexistrase ao 31 de decembro do ano 2021 unha variación respecto á porcentaxe de incremento inicialmente pactado para o devandito ano, efectuarase unha revisión salarial desde o primeiro mes en que se constate oficialmente dita circunstancia na variación sobre a indicada cifra. | Si | |
| 27001022012007 | PESCADOS RUBÉN, SL | Revisión Salarial | CONVENIO 2017-2021 (BOP nº 3, 04/01/2017)<br>Revisión salarial 2021 no BOP nº 89, 21/04/2021<br>Revisión salarial 2020 no BOP nº 53, 05/03/2020<br>Revisión salarial 2019 no BOP nº 43, 20/02/2019<br>Revisión salarial 2018 no BOP nº 48, 28/02/2018<br>Revisión salarial 2017 no BOP nº 74, 30/03/2017<br><br>Artigo 5. Ámbito Temporal<br>Entrada en vigor: O Convenio Colectivo entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2017.<br>Duración: O presente Convenio Colectivo finalizará a súa vixencia o 31 de decembro de 2021.<br><br>Artigo 6. Forma e Condicións de Denuncia.<br>Denuncia, rescisión e revisión: A denuncia, propondo a rescisión ou revisión do Convenio Colectivo deberá ser presentada ante o pertinente organismo oficial por calquera das dúas partes negociadoras cunha antelación mínima de tres meses naturais á expiración da vixencia deste.<br>Agás en materia salarial, denunciado o Convenio Colectivo, continuará este integramente vixente ata o asinamento do seguinte. | 0,5 | Na acta de acordo da revisión salarial 2021 indican:<br>Adóptanse os seguintes ACORDOS:<br>PRIMEIRO.- As partes asinantes do Convenio Colectivo da Empresa PESCADOS RUBEN, S.L. fan constar que, conforme o disposto no art.27 do Convenio en vigor, non correspondería aplicar incremento salarial para o ano 2021, toda vez que se pacta incremento consistente en IPC real do ano anterior máis 0,5 puntos, resultando o IPC real do exercicio 2020 -0,5. Non obstante o anterior, as partes asinantes entenden conveniente aplicar incremento para a anualidade 2021, polo que modifican o pacto de incremento salarial contido no Convenio en vigor, art. 27, no relativo ao incremento salarial para o exercicio 2021, acordándose aplicar para esta anualidade incremento do 0,5%.<br>SEGUNDO.- Acórdase en consecuencia aprobar a táboa salarial do Convenio Colectivo da Empresa PESCADOS RUBEN, S.L. do ano 2021 (vixencia desde o 01/01/2021 ao 31/12/2021) conforme o pactado no número anterior.<br>...<br>Artigo 27. Salario base.<br>Os salarios para as distintas categorías para cada unha das anualidades de vixencia do Convenio serán o resultado de aplicar, aos salarios da anualidade anterior, incremento consistente no IPC real deste máis o 0,5 por 100.<br>Para o caso de que as circunstancias económicas da empresa varíen de forma considerable, con perdas importantes de facturación ou diminución acusada do resultado da empresa, as partes asinantes de comprometen a renegociar o incremento salarial pactado.<br>As partes asinarán a táboa de salarios vixente para cada anualidade conforme ao previsto nos parágrafos anteriores. | Non | 0,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27100311012021 | PROMOTORA DE MINAS DE CARBÓN, S.A. - Centro de traballo de O Incio - Lugo (Mina de Magnesitas de Rubián) | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2023 (BOP nº 138, 19/06/2021)<br><br>Art. 4.- Ámbito de aplicación temporal<br>Agás que ao longo do articulado se exprese para algunha materia unha data de entrada en vigor distinta, o presente Convenio entrará en vigor en data 1 de xaneiro de 2021, independentemente da súa data de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.<br><br>Art. 5.- Denuncia e prórroga<br>Rematado o prazo máximo do Convenio, entenderase este denunciado de forma automática, manténdose a vixencia do Convenio para todos os efectos ata a data de entrada en vigor do Convenio que o substitúa.<br><br>Art. 8.- Lexislación supletoria<br>Para as materias que non fosen reguladas no presente Convenio, serán de aplicación as normas legais xerais vixentes en cada momento e que resulten de aplicación á empresa, así como as normas do Convenio Colectivo de Edificación e Obras Públicas da Provincia de Lugo; a modo de mero exemplo, quedaría excluída a aplicación supletoria do referido Convenio provincial en materias tales como xornada, retribucións, clasificación profesional, nocturnidade, póliza de seguro, etc. | | Art. 19.- Estrutura económica e incrementos salariais<br>As retribucións do presente Convenio están constituídas polos seguintes conceptos salariais, que se devindicarán conforme o previsto nos artigos seguintes:<br>a) Salario Base<br>b) Plus Convenio (asistencia, puntualidade e produtividade)<br>c) Plus Extrasalarial (transporte e distancia)<br>d) Pagas Extraordinarias<br>e) Plus Toxicidade, Penosidade e Perigo<br>f) Prima de Sobreprodución<br>g) Compensación desprazamento<br>h) Bolsa horaria<br>i) Retribución Horas Extraordinarias<br>j) Retribución Vacacións<br>Establécese para o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021 incremento salarial consistente na creación dunha nova paga extraordinaria, contemplada no artigo 23, regulador das pagas extraordinarias, de xeito que desde o exercicio 2021 o persoal traballador terá dereito ao cobro de tres pagas extraordinarias nos termos previstos en tal precepto.<br>Establécese para as sucesivas anualidades de vixencia do Convenio, isto é, os exercicios 2022 e 2023 incremento salarial consistente no IPC real estatal do ano anterior:<br>Incremento salarial 2022: IPC real estatal a 31/12/2021<br>Incremento salarial 2023: IPC real estatal a 31/12/2022<br>En caso de valores negativos do IPC entenderase como IPC real 0%.<br>Achégase o presente Convenio, como Anexo I, a táboa de salarios vixente no ano 2020, á que se engade a terceira paga extraordinaria que constitúe o incremento salarial pactado para o exercicio 2021.<br>Tendo en conta de pactar as partes modificacións na estrutura salarial con respecto á estrutura vixente ao longo da anualidade 2020, modificacións que non supoñen de ningún xeito perda ou detrimento de retribución (simplifícase a estrutura salarial coa eliminación dalgúns conceptos económicos -retribución voluntaria e antigüidade consolidada- cuxos importes se incluíron noutros conceptos económicos) xúntase ao presente Convenio, como Anexo II, a táboa de salarios vixente na anualidade 2021 xa adaptada á nova estrutura salarial. | Non | |

# OURENSE - EMPRESA. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 32100232012021 | APETAMCOR | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2023 (BOP nº 136, 17/06/2021)<br><br>Artigo 3.- Vixencia.<br>O convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2021, desde cuxa data producirá plenos efectos, sendo a súa duración de tres anos, finalizando o 31 de decembro de 2023.<br>Artigo 4.- Prórroga.<br>Ao cumprir a data do seu vencemento, o convenio colectivo entenderase prorrogado tacitamente de ano en ano, se non mediase denuncia por escrito de calquera das partes con dous meses, como mínimo, de antelación á data prevista para a súa expiración.<br>Non obstante, denunciado en tempo e forma, seguirase aplicando ata que se pacte o novo convenio que o substitúa ou se dite por quen corresponda resolución pertinente. | | Artigo 19.- Salario<br>Os salarios, establecidos no convenio colectivo teñen o carácter de mínimos. En 2021, as persoas incluídas no ámbito funcional do convenio percibirán os salarios consignados no anexo I.<br>En 2022, os salarios incrementaranse nun 0.75% respecto dos de 2021.<br>En 2023, os salarios incrementaranse nun 1% respecto dos da anualidade anterior. | Non | |
| 32000902012003 | CIMO, ENTIDADE PRESTADORA DE SERVIZOS | Revisión Salarial | CONVENIO 2001 (BOP nº 260, 13/11/2001)<br>As revisións salariais anuais de 2002 a 2020 prorrogan o convenio do 2001.<br>Revisión salarial 2021 no BOP nº 48, 01/03/2021<br><br>3.- Vixencia e duración.<br>O presente convenio comezará a rexer dende o día 1 de outubro de 2001 ata o 31 de decembro de 2001, renovándose automaticamente por período dun ano e así sucesivamente, salvo denuncia expresa dunha das partes, denuncia que terá que realizarse con polo menos dous meses de antelación á data do fin do período, mediante telegrama ou calquera outro modo que deixe constancia fidedigna, dirixido á outra parte, remitíndose copia á autoridade laboral competente. | | Na acta de acordo da táboa salarial 2021 indican:<br>Acta da reunión da comisión negociadora do convenio colectivo de CIMO, Entidad Prestadora de Servicios<br>21/01/2021<br>Dunha parte, en nome de CIMO, o seu secretario xeral don Eduardo González Tombo.<br>Doutra parte, en nome dos traballadores, a delegada de persoal dona Begoña González Tesouro.<br>Ambas as partes reúnense, tal e como establece o artigo 14 do convenio colectivo da empresa, constituíndose en comisión negociadora do convenio colectivo da entidade CIMO, Entidad Prestadora de Servicios.<br>O obxecto da reunión é aprobar a táboa salarial para o ano 2021. Tras un debate, acórdanse os importes para a presente anualidade. Xúntase a táboa á presente acta, a cal terá vixencia entre o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.<br>Sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión, sendo as 13.00 horas do día 21 de xaneiro de 2021.<br>...<br>14.- Táboa salarial.<br>O salario base será como mínimo o establecido para cada categoría na táboa salarial do anexo I. Na devandita táboa figuran os importes brutos anuais incluídas as 14 pagas establecidas polo presente convenio. Os citados importes serán obxecto de estudio para a súa revisión anual, se procede, en reunión da comisión paritaria de seguimento do presente convenio.<br>A retribución determinada no anexo I será aboada en doce pagas mensuais con inclusión, rateadas nestas, das dúas pagas extras no modelo de recibo de salario que conforma o anexo II do presente convenio. O pagamento realizarase mensualmente na primeira semana de cada mes e preferentemente en efectivo. | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 32000732011997 | CONCELLO DE VIANA DO BOLO - Persoal laboral | Convenio colectivo | CONVENIO 03/12/2020 - 31/12/2021 (BOP nº 59, 13/03/2021)<br><br>Artigo 2.- Ámbito temporal.<br>O convenio colectivo terá vixencia dende o momento no que sexa asinado polas partes e ata o 31 de decembro do 2021 e prorrogarase automaticamente ata ser substituído por outro novo.<br>Cláusula adicional Novena. A denuncia do convenio ten que ser feita, por escrito, por algunha das partes que o negociaron, así como por calquera outra parte legalmente lexitimada. Sendo o prazo de aviso previo dous meses antes da expiración do acordo | 0,9 | Artigo 27.- Revisión salarial.<br>Establécese unha revisión salarial anual que será equivalente á que poidan obter os/as funcionarios/as públicos/as.<br>Cláusulas adicionais<br>Terceira. Ademais das melloras que poidan ser pactadas, as retribucións experimentarán os incrementos determinados na Lei de orzamentos xerais do Estado ou normativa análoga para a función pública | Non | 0,9 |
| 32000970012002 | CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN OURENSE | Revisión Salarial | CONVENIO 2014-2016 (BOP nº 45, 24/02/2014)<br>Prórroga ata 31/12/2020 e modificación do convenio publicada no BOP nº 192, 22/08/2018<br>Revisión salarial 2021 no BOP nº 227, 01/10/2021<br><br>Na acta de acordo da prórroga ata 2020 indica:<br>A) Modificar o texto do artigo 2 que queda redactado como segue:<br>Este Convenio colectivo entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no BOP. A duración do convenio será ata o 31 de decembro de 2020.<br>B) Modificación do último parágrafo do artigo 3, coa seguinte redacción,<br>O convenio manterá a súa vixencia en tanto non se asine outro que o substitúa.<br>...Terceiro. A entrada en vigor do convenio modificado será o 1 de xullo de 2018.<br><br>Artigo 2. Ámbito temporal *(texto inicial do convenio)*<br>O presente convenio colectivo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP. A duración do convenio será ata o 31 de decembro de 2016.<br>Artigo 3. Prórroga e denuncia *(texto inicial do convenio)*<br>O convenio poderá ser denunciado por calquera das partes, dous meses antes á terminación da súa vixencia, comunicándoo por escrito á outra parte, por calquera medio que garanta a súa recepción,<br>Se co prazo previsto no parágrafo anterior, o convenio non é denunciado por calquera das partes, prorrogarase a súa vixencia por anos naturais.<br>No prazo máximo dun mes a partir da recepción da comunicación, procederase a constituír a comisión negociadora, debendo, a parte receptora, responder á proposta de negociación e, ambas as dúas partes establecerán un calendario ou plan de negociación.<br>Logo de transcorrido un ano dende a denuncia do convenio colectivo sen que se acordara un novo convenio, ou ditado un laudo arbitral, aquel perderá a súa vixencia e aplicarase, se o houbese, o convenio colectivo de ámbito superior que fose de aplicación. | 1,5 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística: 1,50%<br>Na acta de acordo da prórroga ata 2020 indica:<br>H) Engadir 2 parágrafos ao final do artigo 35. Revisión salarial, coa seguinte redacción:<br>A partir do 1 de xullo de 2018 e 1 de xaneiro de 2019 aplicaranse incrementos dun 2,5% e dun 2% respectivamente segundo se recolle nas táboas dos anexos IV e V. No ano 2020 e seguintes que se prorrogue o convenio negociaranse os incrementos salariais que se van aplicar.<br>Así mesmo, para determinadas categorías e niveis, e co fin de reducir a brecha salarial, aplicáronse nos salarios bases unas porcentaxes do 3%, 6% e 12% a partir do 1 de xullo de 2018 e de 3% e 5% no 2019 segundo se recolle nos citados anexos.<br>Artigo 35. Revisión salarial *(texto inicial convenio)*<br>As táboas salariais establecidas neste convenio estarán vixentes ata o 31.12.2013.<br>Nos anos 2014 e 2015 establécese un incremento salarial dun 0,75% do salarios base e dos complementos establecidos no presente convenio. | Non | 1,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 32000032011983 | EUROINVERSIONES AGUAS DE SOUSAS, S.L.Unipersonal | Convenio colectivo | CONVENIO 2019 - 2021 (BOP nº 138, 19/06/2021)<br><br>Artigo 3.- Vixencia, duración e denuncia<br>A vixencia deste convenio será de 3 anos, dende o 1-1-2019 a 31-12-2021, manténdose vixentes todos os artigos ata que se firme un novo convenio que o substitúa.<br>Unha vez finalizada a súa vixencia inicial, entenderase prorrogado por períodos dun ano se calquera das partes non o denuncia por escrito, polo menos, con dous meses de antelación á data de finalización da súa vixencia, expresándose na denuncia as cuestións obxecto da negociación. | 0 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística e na acta de acordo: 0%<br>Na acta de acordo indican:<br>Segundo.- Incremento salarial: incrementarase un 1,5% para o ano 2019, o 1,5% para o ano 2020 e o 0% para o 2021.<br>Artigo 14- Salario base<br>O salario base e os complementos que rexerán dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2021, serán os do anexo I. | Non | 0 |
| 32000442011990 | FAURECIA AUTOMOTIVE ESPAÑA, S.A. - Fábrica de Ourense | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2022 (BOP nº 25, 01/02/2021)<br><br>Art.º 4) Vixencia<br>O convenio entrará en vigor o día da súa firma, sen prexuízo do cal as condicións económicas aplicaranse a partir do día 1º de xaneiro de 2020, salvo no que se exceptúe explicitamente no texto do presente Convenio.<br>Terá unha vixencia de 3 anos, fóra daqueles aspectos do articulado que conteñan vixencias concretas, expirando o 31 de decembro de 2022.<br>Ambas as partes asinantes comprométense a iniciar a negociación dun novo Convenio, un mes antes de finalizar a súa vixencia, a condición de que se denunciou o Convenio con tres meses de antelación ao seu vencemento.<br>Art.º 5) Prórroga e denuncia<br>Este Convenio prorrogarase pola tácita á data de vencemento do mesmo de non mediar denuncia expresa por escrito dunha parte ante a outra, con tres meses de antelación ao seu vencemento.<br>Disposicións finais. Primeira. Regulación subsidiaria<br>O disposto neste convenio ten carácter prevalente sobre o establecido nos convenios de carácter supletorio deste, tanto en canto na súa estrutura, como en canto aos importes económicos establecidos.<br>No non previsto neste convenio de empresa, haberá que aterse ao disposto no Convenio Colectivo da Industria Química, salvo naquelas materias que as partes expresamente exclúan neste convenio. | 2 | No Art.º 27) Salarios indica:<br>Para o ano 2020 os salarios de fábrica experimentarán un aumento do 2%.<br>Para o ano 2021 os salarios de fábrica experimentarán un aumento do 2%, que se aplicará de forma proporcional para todas as persoas traballadoras e sobre salarios e primas.<br>Para o ano 2022 os salarios de fábrica experimentarán un aumento do 1%, que se aplicará de forma proporcional para todas as persoas traballadoras e sobre salarios e primas.<br>...<br><br>Art.º 40) Revisión salarial<br>Para os anos 2020, 2021 e 2022, procederase a unha revisión salarial, non consolidable, cando se constate que o IPC interanual correspondente a cada un destes anos superou o 2%. O mes de referencia para este valor será o do IPC interanual a peche de decembro de cada un destes anos.<br>A dita revisión salarial farase efectiva nunha paga non consolidable, unha vez que constate fidedignamente tal circunstancia o INE. | Si | 6,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 32100202012019 | GONZALEZ MADERAS TRADO, S.L. | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2025 (BOP nº 298, 30/12/2021)<br><br>Artigo 3. Ámbito temporal. A vixencia deste convenio será desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, salvo para aquelas materias nas que se fixe unha vixencia diferente neste convenio colectivo.<br>Unha vez finalizado o período de vixencia establecido no parágrafo anterior, este convenio entenderase prorrogado de ano en ano, salvo que se produza denuncia expresa por calquera das partes afectadas. A denuncia, no seu caso, deberá producirse antes do 30 de novembro de 2025 ou nos meses de novembro de calquera das súas eventuais prórrogas, mediante comunicación escrita que deberá dirixirse de forma fidedigna á autoridade laboral e ás restantes partes negociadoras.<br>Logo de que se produza en tempo e forma a denuncia do convenio, iniciarase a negociación do seguinte conforme co previsto no artigo 89 do Estatuto dos traballadores. Co fin de facilitar o proceso de negociación do convenio colectivo, acórdase ampliar o prazo establecido no artigo 86.3 do Estatuto dos Traballadores desde a data de finalización disposta no mesmo até un prazo máximo de dous anos.<br><br>Artigo 14. Dereito supletorio. No non previsto, será aplicable o Estatuto dos traballadores, o III Convenio estatal da madeira, (BOE 7-12-07) firmado por UXT, CCOO e Confemadera e o Convenio colectivo de fabricantes de mobles, carpintaría, tapicería e ebanistería de Ourense vixente; como dereito de directa aplicación para todas aquelas cuestións non recollidas neste convenio e que afectan aos traballadores neste ámbito territorial. | | Artigo 6. Salarios.<br>Táboa salarial.<br>Grupo; categoría; salario base; paga extraordinaria verán; paga extraordinaria Nadal.<br>Grupo 7; peón; 950,00 €; 950,00 €; 950,00 €.<br>Grupo 7; almacenista; 950,00 €; 950,00 €; 950,00 €.<br>Grupo 7; auxiliar administrativo; 950,00 €; 950,00 €; 950,00 €.<br>Grupo 5; comercial; 950,00 €; 950,00 €; 950,00 €.<br>Grupo 5; comercial; 950,00 €; 950,00 €; 950,00 €.<br>Grupo 5; carpinteiro; 950,00 €; 950,00 €; 950,00 €.<br>Grupo 4; colocador; 960,00 € 960,00 €; 960,00 €.<br>Grupo 4; encargado; 960,00 € 960,00 €; 960,00 €.<br>A anterior táboa salarial está referida aos meses de xaneiro a xuño de 2021.<br>Para os meses de agosto a decembro de 2021 e para o ano 2022, establécese a seguinte táboa:<br>Táboa:<br>Grupo; categoría; salario base; paga extraordinaria verán; paga extraordinaria Nadal.<br>Grupo 7; peón; 1.000,00 €; 1.000,00 €; 1.000,00 €.<br>Grupo 7; almacenista; 1.000,00 €; 1.000,00 €; 1.000,00 €.<br>Grupo 7; auxiliar administrativo;1.000,00€;1.000,00€;1.000,00€.<br>Grupo 5; comercial; 1.000,00 €; 1.000,00 €; 1.000,00 €.<br>Grupo 5; carpinteiro; 1.000,00 €; 1.000,00 €; 1.000,00 €.<br>Grupo 4; colocador; 1.010,00 €; 1.010,00 €; 1.010,00 €.<br>Grupo 4; encargado; 1.010,00 €; 1.010,00 €; 1.010,00 €.<br>Para o ano 2023 establécese un incremento salarial do 2,5% sobre as táboas do ano 2022, e para os restantes anos, é dicir, 2024 e 2025, o incremento salarial será do 5% sobre a referida táboa do ano 2022. | Non | |

# PONTEVEDRA - EMPRESA. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36000452011982 | COPO IBÉRICA, S.A. | Convenio colectivo | CONVENIO 2019 - 2021 (BOP nº 143, 28/07/2021)<br><br>Artigo 3º.- VIXENCIA<br>A vixencia do presente Convenio será dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2021.<br>Ben entendido, que dita vixencia só supón retroactividade nos conceptos económicos.<br>Mentres non se pacte un novo Convenio, manteranse en vigor as cláusulas deste.<br><br>Artigo 4º.- PRÓRROGA<br>As partes asinantes fan constar expresamente que o presente Convenio non precisa denuncia previa para a súa total extinción o 31 de decembro de 2021.<br>Este convenio manterá o contido normativo, de obrigado cumprimento, na súa totalidade ate a firma dun novo convenio segundo o artigo 3º.<br><br>Artigo 45º.- LEXISLACIÓN APLICABLE<br>No que non estea expresamente disposto neste Convenio Colectivo, estarase ó disposto polo Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes.<br>As partes asinantes do presente Convenio comprométense ó exercicio dunha política activa que permita e potencie a plena igualdade entre homes e mulleres dentro da empresa, e a elaboración dun novo Plan de Igualdade. | 2 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística: 2%<br>No Artigo 35º.- RETRIBUCIÓN E MASA SALARIAL BRUTA<br>35º.1.- Os salarios do persoal sinalados na táboa salarial anexa, responden ós salarios aplicables a cada grupo profesional durante cada un dos anos de vixencia do presente Convenio colectivo.<br>O incremento salarial consolidable para os Grupos 1 ao 7 aplicarase sobre as táboas do convenio e será o correspondente ó 2% para cada un dos anos de vixencia do convenio.<br>O incremento salarial consolidable para o Grupo 8 aplicado sobre as táboas do convenio será do 3% para o ano 2019, 2% para o ano 2020, e 2% para o ano 2021<br>35º.2.- Establécese para cada un dos anos de vixencia, 2019,2020 e 2021, unha retribución variable non consolidable, en función do resultado operacional de cada exercicio económico, (entendendo por tal ebitda menos management fees), e con arreglo ós seguintes tramos:<br>- Resultado Operacional entre 0 e 9% -> 0%<br>- Resultado Operacional entre o 9,01% e 13% -> 0,5%<br>- Resultado Operacional entre o 13,01% e 17% -> 0,75%<br>- Resultado Operacional maior de 17,01% -> 1%<br>As porcentaxes pactadas aplicaranse sobre os conceptos salariais percibidos por cada traballador ó longo de cada ano de vixencia, 2019,2020 e 2021, e mediante un pago único anual non consolidable que se fará efectivo unha vez sexan auditadas as contas anuais de cada exercicio.<br>O persoal do Grupo Profesional 8 percibirá adicionalmente tamén mediante un pago único anual non consolidable e proporcional á duración do seu contrato, a cantidade resultante de aplicar a seguinte escala en función do % de resultado operacional (entendendo por tal ebitda menos management fees):<br>- Resultado Operacional entre 0 e 9% -> 0 €<br>- Resultado Operacional entre o 9,01% e 13% -> 125 €<br>- Resultado Operacional entre o 13,01% e 17% -> 175 €<br>- Resultado Operacional maior de 17,01% -> 250 €<br>Á firma do presente Convenio Colectivo farase efectivo un abono extraordinario non consolidable para todo o persoal que traballara ó menos un día durante o ano 2019 . Para o pago estableceranse os seguintes tramos:<br>- Persoal de alta na empresa entre 1 día e 120 días do ano 2019 -> 100€<br>- Persoal de alta na empresa entre 121 e 240 días do ano 2019 -> 200€<br>- Persoal de alta na empresa durante mais de 241 días do ano 2019 -> 300€ | Non | 2 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36003832012004 | CRISTALERÍA PONTEVEDRESA, S.A. | Revisión Salarial | CONVENIO 2016-2018 (BOP nº 40, 27/02/2017)<br>Acordo parcial (Modificación do convenio e Táboas salariais 2019, 2020 e 2021) no BOP nº 248, 27/12/2021<br><br>Artigo 4 Ámbito temporal:<br>O presente convenio entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte á data da súa sinatura, con independencia da súa data de publicación, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018 Con todo, os efectos económicos retrotraeranse ao día 1 de xaneiro de 2016. Á chegada da data de finalización da vixencia do convenio entenderase automaticamente denunciado, mantendo a vixencia do seu clausulado por un período máximo de dous anos, ou ata a entrada en vixencia dun novo Convenio.<br><br>Artigo 21 Lexislación Subsidiaria:<br>En todo aquilo que non quede determinado neste convenio será de aplicación o establecido no convenio colectivo de ámbito superior do vidro. | 0,5 | Na acta do acordo parcial publicado no BOP nº 248, 27/12/2021 indican:<br>ACORDAN<br>1. Aprobar como acordo colectivo de traballo o mantemento como norma Colectiva de aplicación ás relacións laborais, o contido do Convenio pretérito, cunha vixencia do 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2021, e coas modificacións no mesmo que a continuación se detallan.<br>2. Establecer as seguintes subidas salariais sobre o salario base, plus de transporte e complemento persoal de garantía (nos termos do art. 5 do actual Convenio):<br>· Para o ano 2019, IPC +0,5% con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro de 2019, sobre o salario actualizado do ano anterior,<br>· Para o ano 2020, IPC +0,5% con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro de 2020, sobre o salario actualizado do ano anterior,<br>· Para o ano 2021, IPC +0,5% con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro de 2021, sobre o salario actualizado do ano anterior,<br>Os atrasos derivados desta cláusula serán aboados no mes de xullo de 2021.<br>3. Actualizar o Complemento de A Conta Convenio, trasladando as subidas salariais correspondentes ao IPC dos anos 2019 e 2020 incluídos no devandito concepto ao salario base de cada traballador.<br>4. Coa intención de incrementar os salarios daqueles traballadores con menos ingresos, as partes, acordan implementar durante a vixencia do presente acordo, un novo complemento salarial non absorbible, nin compensable, e revalorizable segundo o pactado para as retribucións básicas, denominado, COMPLEMENTO PERSOAL DE REGULARIZACIÓN E COMPETENCIAS, que integrará o actual AC CONVENIO, e que se rexerá polos mesmos termos que o COMPLEMENTO PERSOAL DE GARANTÍA, establecidos no art. 5 do actual Convenio Colectivo de Empresa. Para iso terase en conta o tope de 25.000€ anuais brutos, sen incluír neste tope as cantidades correspondentes a horas extra, de forma que, este novo complemento será de aplicación unicamente a aqueles traballadores que perciban, en concepto de salario bruto anual menos de 25.000€ O devandito COMPLEMENTO PERSOAL DE REGULARIZACION E COMPENTENCIAS, aplicarase na nómina de xullo de 2021 e sucesivas, e establecéndose un pago de nómina de atrasos desde o 1 de xaneiro de 2021.<br>5. A xornada máxima laboral para 2021 será de 1.792 horas, aplicando as condicións establecidas no actual art.8 do Convenio vixente.<br>Acórdase igualmente facultar ao Letrado Javier García Vidal para a tramitación e inscrición do presente acordo colectivo de traballo.<br>E en proba de conformidade asínase a presente no lugar e data indicadas. | Si | 7 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36105322012021 | DENSO SISTEMAS TÉRMICOS DE ESPAÑA, S.A. | Convenio colectivo | CONVENIO 01/04/2020 - 31/03/2023 (BOP nº 106, 07/06/2021)<br>1.4 Vixencia<br>O convenio colectivo entrará en vigor para todos os efectos o día 1 de abril de 2020, estenderá a súa vixencia ata o próximo 31 de marzo de 2023. Quedará automaticamente denunciado con tres meses de antelación ao seu vencemento, prorrogándose o presente convenio ata a entrada en vigor do seguinte.<br>16 DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA<br>Agás as remisións expresas que existan neste convenio a outro de ámbito diferente, nos capítulos non regulados expresamente, as partes remítense por esta orde ao convenio provincial do metal, ao disposto no Estatuto dos Traballadores e ás demais normas con rango de lei de carácter xeral. | 1,5 | 7.1 Incrementos retributivos<br>Establécense os seguintes incrementos retributivos aplicables ao salario base convenio que aparecen nas táboas que constan no anexo I:<br>· 3% para o 2020: Os atrasos de 2020 retrotráense ao mes de xullo deste ano.<br>· 1,5% para o ano 2021.<br>· 1% para o ano 2022. | Non | 1,5 |
| 36002102011991 | DORNIER, S.A. - Persoal adscrito aos servizos de xestión de estacionamento regulado da cidade de Vigo | Revisión Salarial | CONVENIO 2016 - 2017 (BOP nº 237, 14/12/2016)<br>Revisión salarial - Prórroga 2018 no BOP nº 50, 12/03/2018<br>Revisión salarial - Prórroga 2019 no BOP nº 81, 29/04/2019<br>Revisión salarial - Prórroga 2020 no BOP nº 52, 16/03/2020<br>Revisión salarial - Prórroga 2021 no BOP nº 63, 06/04/2021<br>Laudo arbitral (AGA) publicado no BOP nº 153, 11/08/2016<br>Laudo arbitral (AGA) publicado no BOP nº 43, 01/03/2019<br>Artigo 2.- Duración e vixencia<br>O presente Convenio Colectivo terá unha duración de dous anos e estenderase do 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2017, segundo acta de mediación do AGA - Expediente AGA 48/16<br>O Convenio Colectivo entrará en vigor o día da sinatura do acordo, excepto todos os conceptos económicos, que terán efecto desde o día 1 de xaneiro de 2016.<br>A revisión do Convenio poderá pedirse por escrito por calquera das partes asinantes do mesmo, con polo menos un mes de antelación ao termo da súa vixencia.<br>Se non mediase denuncia anticipada do convenio, este quedará prorrogado automaticamente por períodos anuais en todos os seus termos, salvo no salarial que sufrirá un aumento equivalente, en todos os conceptos pactados, ao IPC real do ano anterior +0.5<br>Durante a vixencia deste convenio colectivo, o efecto da inflación negativa ou positiva, será neutro, segundo acta de mediación do AGA - Expediente AGA 48/16<br>Artigo 9.- Lexislación supletoria<br>Para todo o non previsto no presente convenio colectivo e con carácter supletorio, estarase ao disposto no Convenio Xeral de ámbito nacional para o sector de regulación do estacionamento limitado de vehículos na vía pública, mediante control horario e cumprimento das Ordenanzas de Aparcadoiro e o R.D. Lexislativo 1/95 do 24 de marzo, Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores. | 0,5 | Na acta de acordo da Revisión salarial - Prórroga 2021 indica:<br>1.- Establécense as táboas salariais para o ano 2021 para a Empresa DORNIER, S.A. segundo o pactado no convenio colectivo vixente (código de Convenio número 36002102011991), que especifica o seguinte:<br>.- Art-2: Se non mediase denuncia anticipada do convenio, este quedará prorrogado automaticamente por períodos anuais en todos os seus termos, salvo no salarial que sufrirá un aumento equivalente, en todos os conceptos pactados, ao IPC real do ano anterior +0.5<br>2.- Ano 2021: incrementar todos os conceptos salariais na porcentaxe 0,5%, xa que o IPC do real do ano 2020 quedou con valor negativo<br>2.a.1.- As táboas salariais correspondentes ao ano 2021 establécense calculando en primeiro lugar os importes do salario base diario, quedando fixados nos importes seguintes:<br>... | Non | 0,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36105331012021 | EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR - Persoal laboral<br>*[Convenios anteriores con Código 36004322012008]* | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2022 (BOP nº 248, 27/12/2021)<br><br>Art. 3.- Vixencia<br>O presente convenio, independentemente do momento da súa sinatura, entrará en vigor a 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2022, con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia.<br>Para dar cumprimento ó previsto no artigo 86.2 do Estatuto dos Traballadores, as partes asinantes fan constar que o presente convenio prorrogarase tacitamente, de maneira anual de non mediar denuncia expresa escrita das partes ao mesmo 15 días antes do fin do período da vixencia. | | Art. 19.- Salarios<br>1. Para o ano 2021, os salarios son os establecidos na táboa anexa 1.<br>2. Para o segundo ano de vixencia do presente convenio, no suposto de que o IPC rexistrase ao 31 de decembro de 2021, un incremento respecto ao 1 de xaneiro de 2021, superior ao 1%, efectuarase unha revisión salarial no devandito exceso que se corresponderá co IPC real do ano anterior. | Si | |
| 36004391012008 | FAURECIA INTERIOR SYSTEMS ESPAÑA, S.A. - Fábrica de Porriño | Convenio colectivo | CONVENIO 2019-2023 (BOP nº 133, 01/12/2021)<br><br>Artigo 3º.- Ámbito temporal.<br>Este convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2019, con independencia da data da súa publicación no Diario Oficial correspondente, finalizando o día 31 de decembro de 2023. Concluída a duración pactada e producida a denuncia do convenio, este considerarase prorrogado de ano en ano, en tanto non se pacte un novo convenio que o substitúa.<br><br>Artigo 4º.- Denuncia.<br>O presente convenio manterá a súa vixencia unha vez concluída a súa duración pactada nos termos e condicións previstas no artigo anterior, sen que sexa necesaria denuncia ningunha ao considerarse denunciado ao seu vencemento de forma automática.<br><br>Artigo 35º.- Dereito Supletorio.<br>O disposto neste Convenio ten carácter prevalente sobre o establecido nos convenios de carácter supletorio do mesmo, tanto en canto á súa estrutura, como en canto aos importes económicos establecidos.<br>No non previsto no presente Convenio de Empresa, estarase ao disposto no vixente Convenio Colectivo de Carpintería, Ebanistería e actividades afíns da provincia de Pontevedra, naquelas materias reservadas ao devandito ámbito de negocio, salvo en todo aquilo de índole económico que xa quedou resolto polo presente convenio, e ao disposto no Convenio Colectivo Estatal da Madeira, naquelas materias reservadas ao devandito ámbito negociable; sempre que estes se atopen en vigor. No non previsto nos devanditos acordos estarase á normativa xeral de aplicación. | 0,75 | No Artigo 17º.- Retribucións. indica:<br>Con efectos do día 1 de xaneiro de 2019, os salarios e demais conceptos retributivos sometidos a incremento, vixentes ao 31 de decembro de 2018, incrementaranse nun 1%.<br>Con efectos do día 1 de xaneiro de 2020, os salarios e demais conceptos retributivos vixentes ao 31 de decembro de 2019, permanecerán inalterables.<br>Con efectos do día 1 de xaneiro de 2021, os salarios e demais conceptos retributivos sometidos a incremento, vixentes ao 31 de decembro de 2020, incrementaranse nun 0.75%.<br>Con efectos do día 1 de xaneiro de 2022, os salarios e demais conceptos retributivos sometidos a incremento, vixentes ao 31 de decembro de 2021, incrementaranse nun 1.5%.<br>Con efectos do día 1 de xaneiro de 2023, os salarios e demais conceptos retributivos sometidos a incremento, vixentes ao 31 de decembro de 2022, incrementaranse nun 1.5%.<br>No suposto de que o IPC rexistrado e publicado ao 31 de decembro dos anos 2021, 2022 e 2023 tivesen un incremento superior ao incremento salarial acordado ao día 1 de xaneiro de cada ano, efectuarase unha revisión salarial polo exceso que se producira.<br>As diferenzas salariais que puidesen producirse con motivo da desviación do IPC dos anos citados, aboaranse no primeiro trimestre de cada ano tras a súa constatación.<br>Con independencia dos incrementos citados, establécese un único pago de 150 euros, que non terá carácter consolidable a ningún efecto, e que unicamente debe considerarse como unha prima pola consecución do acordo convencional subscrito.<br>As retribucións do persoal comprendido neste convenio estarán constituídas polos seguintes conceptos:<br>... | Si | 6,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36004013012005 | FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. - Persoal dos servizos de mantemento, limpeza e reposición dos colectores para residuos domésticos reciclables, recollida de roupa e aceites, do termo municipal de Vigo | Revisión Salarial | CONVENIO 2019 - 2021 (BOP nº 203, 22/10/2019)<br>Táboa salarial 2020 no BOP nº 55, 20/03/2020<br>Táboa salarial 2021 no BOP nº 50, 15/03/2021<br><br>ARTIGO 2.-DURACIÓN E VIXENCIA:<br>1.-A duración do Convenio será de tres anos, polo que estenderá a súa vixencia dende o 1 de xaneiro do 2019 ata o 31 de decembro de 2021.<br>2.-Con todo, seguirase aplicando ata a sinatura do novo Convenio que o substitúa, intre no que se estará ao que determine a lexislación vixente en materia de Negociación Colectiva.<br>3.-O presente Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura. As Condicións Económicas terán a súa vixencia a partires do 1 de xaneiro de 2019.<br><br>ARTIGO 3.-DENUNCIA:<br>1.-O presente Convenio considerarase automaticamente denunciado, unha vez rematada a vixencia prevista no artigo anterior, sen necesidade de aviso previo ningún.<br><br>DISPOSICIÓNS FINAIS<br>SEGUNDA:<br>En todo o non previsto no vixente Convenio estarase ao disposto no Convenio Xeral do Sector de Limpeza Pública, Viaria, Regos, Recollida, Tratamento e Eliminación de Residuos, Limpeza e Conservacións de Sumidoiros, ao Estatuto dos Traballadores e demais lexislación vixente na materia. | | ARTIGO 18.-CONDICIÓNS SALARIAIS:<br>1.-SALARIOS:<br>Establécense os incrementos seguintes:<br>Ano 2019: As condiciones económicas serán as que para cada posto de traballo se establecen na táboa salarial anexa.<br>Ano 2020: Establécese para todo o persoal un incremento do 3% sobre as Táboas Salariais do 2019.<br>Ano 2021: o incremento salarial será o resultado da equiparación das cantidades dos conceptos salariais das táboas do ano 2020 coas cantidades que para os mesmos postos de traballo resulten das táboas do ano 2021 do CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA "FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A." PARA O PERSOAL DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS (FRACCIÓN RESTO, INCLUÍNDO "PROXECTO PILOTO" DE RECOLLIDA DA FRACCIÓN ORGÁNICA), RECOLLIDA TRANSPORTE E XESTIÓN DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS (INCLUÍDOS OS RAEE'S) E OS DERIVADOS DO SERVIZO DO "PUNTO LIMPO MUNICIPAL", ASÍ COMO A LIMPEZA URBANA E DE PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO, E A RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS DERIVADOS DESTE SERVIZO DE LIMPEZA, E REPOSICIÓN DE MAQUINARIA E VEHÍCULOS (en adiante "Convenio Vigo Lote 2").<br>2.-CLÁUSULA DE GARANTÍA SALARIAL<br>No caso que o IPC interanual real a nivel estatal, a data 31 de Decembro de 2019, supere o 1,5%, ese exceso sumarase ao porcentaxe no que se incrementaron as Táboas nese ano, cando así tivese sido. Estes incrementos aplicaranse sobre as Táboas Salariais Provisionais do 2019. Tal diferenza regularizarase con efectos do primeiro de Xaneiro de 2020, servindo de base para o cálculo salarial dese ano. | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36001791011991 | FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. - Persoal dos servizos de recollida e transporte de residuos municipais, residuos voluminosos e derivados do punto limpo municipal, limpeza urbana e de praias do termo municipal de Vigo | Revisión Salarial | CONVENIO 2018 - 2021 (BOP nº 68, 08/04/2019)<br>Revisión salarial 2020 no BOP nº 52, 16/03/2020<br>Revisión salarial 2021 no BOP nº 50, 15/03/2021<br><br>Artigo 2. ÁMBITO TEMPORAL<br>1. A duración do Convenio será de catro anos polo que se estenderá a súa vixencia dende o 1 de xaneiro do 2018 até o 31 decembro de 2021.<br>2. Porén, este Convenio seguirase aplicando ata a sinatura do novo Convenio que o substitúa. Nese intre estarase ó que determine a lexislación vixente en materia de negociación colectiva.<br>3. O presente Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura. As condicións económicas, terán a súa vixencia a partir do 1 de xaneiro de 2018.<br>Artigo 3. DENUNCIA<br>O presente Convenio considerarase automaticamente denunciado unha vez rematada a vixencia prevista no artigo anterior, sen necesidade de aviso previo ningún.<br>Estarase ao determinado no artigo 86 do Estatuto dos Traballadores.<br>DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA:<br>En todo o non previsto no vixente Convenio estarase o disposto no Convenio Xeral do Sector de Limpeza Pública, Viaria, Recollida, Tratamento e Eliminación de Residuos, Limpeza e Conservación do Rede de Sumidoiros (BOE nº 58 de 7.3.96), do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación laboral vixente. | 3 | Artigo 20. INCREMENTO SALARIAL<br>Establécense os seguintes incrementos salariais:<br>· Para o primeiro ano de vixencia establécese un incremento do 2% sobre as Táboas Salariais do 2017.<br>· Para o segundo ano de vixencia establécese un incremento do 2% sobre as Táboas Salariais do 2018.<br>· Para o terceiro ano de vixencia establécese un incremento do 3% sobre as Táboas Salariais do 2019.<br>· Para o cuarto ano de vixencia establécese un incremento do 3% sobre as Táboas Salariais do 2020.<br><br>Artigo 21.<br>No caso de que o IPC interanual real a nivel estatal, a data 31 de Decembro dos anos 1º e 2º de vixencia, supere o 1,5%, ese exceso sumarase ao % no que se incrementaron as Táboas no ano correspondente. Estes incrementos aplicaranse sobre as Táboas Salariais Definitivas do ano anterior. Tal diferenza regularizarase con efectos de primeiro de Xaneiro do ano que corresponda, servindo de base para as Táboas Salariais do ano seguinte. | Non | 3 |
| 36104832012016 | FRIGORÍFICOS ROSA DE LOS VIENTOS S.L. | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2025 (BOP nº 106, 07/06/2021)<br><br>ARTIGO 1.3.- VIXENCIA<br>Este Pacto entrará en vigor, para todos os efectos, a partir do 1 de xaneiro de 2021.<br>A duración do presente Convenio será de cinco anos, finalizando por tanto a súa vixencia o 31 de decembro de 2025.<br>ARTIGO 1.4.- DENUNCIA<br>O presente acordo colectivo deberá ser denunciado por algunha das partes con tres meses de antelación ao seu vencemento. Ao finalizar o período de vixencia, de non efectuarse denuncia ningunha polas partes, este quedará prorrogado por períodos anuais.<br>ARTIGO 1.6.- REMISIÓN LEGAL<br>En todo o non previsto neste Convenio estarase ao disposto no Estatuto dos Traballadores, Lei Orgánica de Liberdade Sindical e Convenio Colectivo Estatal das industrias do frío industrial. | 0 | ARTIGO 5.2.-REVISIÓN SALARIAL<br>Ata o ano 2022, as táboas salariais non se actualizarán en ningún sentido, non procedendo liquidar diferenzas ningunhas con efectos do 1 de xaneiro de 2021.<br>Para o ano 2022 e posteriores, incrementaranse as táboas salariais conforme á variación do IPC do ano anterior. | Non | 0 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36105231012018 | FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA | Revisión Salarial | CONVENIO 2018 - 2022 (BOP nº 9, 14/01/2019)<br>Modificación do artigo 7 do convenio *(nova publicación íntegra do convenio)* no BOP nº 188, 29/09/2021<br>Táboas salariais 2020 e 2021 publicadas no BOP nº 188, 29/09/2021<br>Táboa salarial 2019 e Modificación do convenio (artigo 14) publicados no BOP nº 41, 28/02/2020<br><br>Artigo 3.- Vixencia e denuncia do convenio<br>A vixencia do presente convenio estenderase desde o 01/01/2018 ao 31/12/2022, excepto con respecto a aquelas cláusulas para as cales se establecese unha vixencia e duración diferentes.<br>O convenio poderá ser denunciado por escrito por calquera das partes no prazo de dous meses antes da finalización da súa vixencia. Esgotada a súa vixencia sen que se producise denuncia expresa, considerarase tacitamente prorrogado por períodos anuais sucesivos respecto á data en que finalizaba a súa vixencia, podendo calquera das partes proceder á denuncia durante este período. En caso de prórroga tácita, o convenio será obxecto dunha revisión salarial anual en función do IPC. Esta revisión non se producirá en caso de ser denunciado o convenio por algunha das partes<br>Durante a negociación do novo Convenio, permanecerá vixente o Convenio Actual ata alcanzarse un novo acordo que o substitúa. | 0 | Na acta de acordo da revisión salarial para 2020 e 2021 indican:<br>...<br>1º REVISIÓN TÁBOAS SALARIAIS ANO 2020 e 2021<br>Ambas as partes acordan actualizar as táboas salariais en referencia ás diferentes categorías dentro da Fundación.<br>Preséntasenos a táboa salarial actualizada.<br>A parte social solicita que os grupos VIII, IX e X ao atoparse por baixo do SMI sexan actualizados como mínimo ata o SMI.<br>A entidade entende a nosa reivindicación e actualizarase axustándose á lexislación vixente.<br>Con respecto á táboa salarial do ano 2021; Tanto a parte social como a entidade somos coñecedores que o IPC foi negativo e acordamos que se manterán os salarios vixentes.<br>Dita modificación da táboa salarial producirá efecto no día da publicación no rexistro oficial correspondente. A entidade comprométese a aboar os atrasos correspondentes tras a súa publicación.<br>Adherimos Anexo II coa táboa salarial 2021<br>...<br><br>Artigo 29.- Revisión salarial<br>Durante a vixencia do Convenio, as táboas salariais serán revisadas en función do IPC anual.<br>Esta revisión non se producirá en caso de ser denunciado o convenio por algunha das partes á finalización da vixencia do convenio 2018-2022. | Non | 0 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36105382012021 | FUNDACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2022 (BOP nº 236, 07/12/2021)<br><br>Artigo 3. Vixencia e duración<br>Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no boletín oficial correspondente, cuns efectos iniciais de dous anos.<br>Non obstante, para o persoal que estea a traballar na Fundación no ano 2021, a aplicación das táboas salariais, tanto na súa parte fixa como na variable, que se recollen no seu anexo para a súa aplicación no primeiro ano de vixencia, terá efectos de forma retroactiva desde o 1 de xaneiro de 2021 ou desde a data da súa incorporación, con independencia da data da súa publicación e sen prexuízo do prazo de tres meses previsto para levar a cabo a adscrición do persoal ao grupo, subgrupo e nivel correspondente de acordo co sistema de clasificación profesional contida no convenio.<br>Do mesmo xeito, a aplicación das táboas salariais que se recollen no anexo do convenio para a súa aplicación no segundo ano de vixencia terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2022.<br>A vixencia deste convenio extinguiranse o 31 de decembro de 2022. Quedará prorrogado tacitamente por sucesivos períodos dun ano, a non ser que sexa obxecto de denuncia expresa por unha das partes.<br><br>Artigo 4. Denuncia<br>A denuncia para a revisión do convenio efectuarase por escrito e dentro dos tres meses anteriores á data do seu vencemento inicial ou á de calquera das súas prórrogas.<br>A denuncia poderá efectuala, a través do Comité de Empresa, a Dirección da Fundación ou calquera organización sindical con lexitimación inicial para a negociación do convenio e teráselle que comunicar á representación da Fundación e sindical que tamén teñan esta lexitimación inicial, así como á autoridade laboral nos termos que establece o Estatuto dos traballadores.<br><br>Artigo 5. Prórroga<br>Se ningunha das partes asinantes procede á denuncia do presente convenio, quedará automaticamente prorrogado ao finalizar a súa vixencia por períodos anuais.<br>Finalizada a vixencia deste convenio, denunciado ou non, e ata que se logre acordo expreso sobre outro que o substitúa, prorrogarase a totalidade do seu contido. Incrementarase anualmente o importe das retribucións establecidas no anexo do convenio, tanto na súa parte fixa como na variable, de cada categoría mentres se manteña a aplicación do convenio ata a formalización dun novo, con base na taxa de variación anual do ano anterior experimentada polo índice de prezos de consumo (IPC), cando esta sexa positiva. | | Artigo 39. Retribucións<br>1. A retribución anual de cada profesional será a que se determine nas bases da oferta de emprego ou convocatoria para o correspondente posto de traballo e respectaranse, en todo caso, as contías das retribucións mínimas que se establezan no convenio para cada categoría.<br>Sobre as devanditas condicións poderán ser de aplicación os complementos persoais ou establecidos pola institución ou os grupos de investigación para o grupo ou subgrupo profesional que puidesen corresponder.<br>2. No caso dos profesionais contratados con cargo a fondos ou subvencións procedentes dunha convocatoria externa competitiva, pública ou privada, as retribucións serán as que o programa que financie o contrato estableza como cantidade para percibir por ese concepto ou, de ser o caso, a cantidade máxima para financiar.<br><br>Disposición transitoria terceira<br>Sen prexuízo do establecido na cláusula 6 deste convenio, se finalizada a súa vixencia quedase prorrogado ata tanto se logre acordo expreso sobre outro que o substitúa, desde o 1 de xaneiro de 2023 sería de aplicación o incremento con base na taxa de variación anual do ano anterior experimentada polo índice de prezos de consumo (IPC), cando esta sexa positiva, tanto do importe das retribucións establecidas, tanto na súa parte fixa como na variable, de cada categoría de acordo coas táboas anexas como, de ser o caso, do complemento ad personam ou outros complementos que puidesen corresponder. | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36104953012017 | GRUPO RADIO VIGO | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2023 (BOP nº 140, 23/07/2021)<br><br>Artigo 3.- Vixencia<br>A vixencia deste Convenio colectivo será do 1 de xaneiro de 2020 ao 31 de decembro de 2023.<br><br>Artigo 4.- Denuncia<br>A denuncia do acordo deberá realizarse polo menos tres meses antes do seu remate. A comunicación debe formalizarse por escrito.<br>Unha vez denunciado o Acordo, ata que se alcance un acordo sobre o novo, entenderase que se estende provisionalmente todo o seu contido ata que se alcance un acordo expreso, aínda que se supere o prazo dun ano a que se refire o parágrafo. artigo 86.3 do Estatuto dos traballadores. | 0,5 | Artigo 18.- Táboas salariais<br>As táboas salariais anuais respectarán, en todos os grupos profesionais, o salario mínimo interprofesional establecido anualmente polo goberno da nación. Durante os anos de vixencia deste convenio, acórdanse as seguintes subas salariais nas táboas actuais:<br>Para o ano 2020: o incremento será o IPC real correspondente ao ano 2019 máis 0,5 puntos.<br>Para o ano 2021: o incremento será o IPC real correspondente ao ano 2020 máis 0,5 puntos.<br>Para o ano 2022: o incremento será o IPC real correspondente ao ano 2021 máis 0,5 puntos.<br>Para o ano 2023: o incremento será o IPC real correspondente ao ano 2022 máis 0,5 puntos.<br>En calquera caso, no caso de que o IPC non sexa positivo, non se aplicará negativamente e considerarase 0% para todos os efectos. Anexo Táboa 1. | Non | 0,5 |
| 36100101012013 | IMAR INGENIERÍA MODULAR, S.A. | Convenio colectivo | CONVENIO 01/05/2020 - 30/04/2024 (BOP nº 139, 22/07/2021)<br>Táboa salarial 2021 - BOP nº 50, 15/03/2021<br><br>ARTIGO 5.- EIDO TEMPORAL E DENUNCIA<br>Este acordo entrará en vigor o día da súa publicación, non obstante, os efectos salariais devolveranse ao 1 de maio de 2020 e serán válidos ata o 30 de abril de 2024. Posteriormente, entenderase que se prorroga de ano en ano, se por Ningunha das partes é denunciada expresamente tres meses antes da súa data de caducidade.<br><br>ARTIGO 41.- NORMATIVA SUBSIDIARIA<br>No non previsto neste convenio colectivo, o disposto no Real decreto lexislativo 2/2015, do 24 de outubro, texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e no Convenio colectivo de carpintería, ebanistería e actividades conexas de a Provincia de Pontevedra. | 0,6 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística: 0,60%<br><br>Na acta da revisión salarial 2021 indica: "Aprobar as táboas salariais para o ano 2021"<br><br>ARTIGO 22.- SALARIOS<br>1.-Todo o persoal afectado por este convenio percibirá, a partir do 1 de maio de 2020, a retribución establecida no anexo I.<br>2. A actualización salarial producirase en todo caso segundo o Convenio para o emprego e a negociación colectiva. Así, en 2021, o incremento dos salarios pactados debería axustarse á taxa de actividade da economía española, segundo os seguintes criterios:<br>Se o aumento do PIB a prezos constantes en 2020 é inferior ao 1%, o aumento do salario non superará o 0,6%.<br>Se o aumento do PIB a prezos constantes en 2020 é superior ao 1% e inferior a2%, o incremento salarial non superará o 1%.<br>Se o aumento do PIB a prezos constantes en 2020 alcanza ou supera o 2%, o incremento salarial non superará o 1,5%. | Non | 0,6 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36105301012021 | INDUSAL CENTRO, S.A. - Persoal que presta servizos durante a vixencia da concesión da estrutura organizativa de xestión integrada (EOXI) de Vigo | Convenio colectivo | CONVENIO 2018 - 2021 (BOP nº 71, 16/04/2021)<br><br>ARTIGO 2.- AMBITO TEMPORAL<br>O presente Convenio terá unha vixencia de catro anos, estendéndose a súa vixencia desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2021.<br>Para os efectos previstos no artigo 85.3.d) do Estatuto dos Traballadores, este Convenio enténdese denunciado automaticamente á finalización da súa vixencia.<br>O pago dos atrasos, consecuencia da aplicación do presente Convenio, realizarase dentro dos dous meses seguintes á firma do mesmo.<br>Denunciado o Convenio e chegada a finalización do mesmo sen que se acorde un novo, este manterá a súa vixencia de maneira indefinida no que respecta o contido normativo do mesmo. Trala perda da súa vixencia, o convenio non terá contido económico, salvo prórroga acordada por ambas partes, e que así se prevexa. No caso de prórroga acordada polas partes establecese unha revisión salarial de acordo a o incremento do IPC para cada ano. | | ARTIGO 21.-CONDICIÓNS ECONOMICAS<br>Para os catro anos de vixencia deste Convenio as táboas salariais son as que se recollen no ANEXO I do mesmo e que corresponde a incrementar, para cada categoría, en 200 euros / ano o salario base recollido na táboa do ano anterior.<br>Para o ano 2018:<br>· Se os beneficios anuais despois de impostos alcanzasen unha cantidade igual ou superior a 150.000 euros e inferior a 200.000, pago único non consolidable de 125 euros na nómina de abril do ano seguinte. a todo o persoal que, prestase servizos na mesma durante todo o ano anterior ou na parte proporcional que corresponda atendendo aos días de alta na mesma.<br>· Se os beneficios fosen superiores a 200.000 euros, pago de 150 euros coas mesmas condicións e ao mesmo persoal recollido no parágrafo anterior.<br>Para o ano 2019:<br>· Se os beneficios anuais fosen igual ou superiores a 300.000 euros e inferiores a 350.000, pago único non consolidable de 150 euros na nómina de abril do ano seguinte a todo o persoal que prestase servizos na mesma durante todo o ano anterior ou na parte proporcional que corresponda atendendo aos días de alta na mesma.<br>· Se os beneficios anuais fosen igual ou superiores a 350.000 euros e inferiores a 450.000 euros, pago de 200 euros coas mesmas condicións e ao mesmo persoal recolleito no parágrafo anterior.<br>· Se os beneficios fosen superiores a 450.000 euros, pago de 250 euros nas mesmas condicións que os parágrafos anteriores. Neste caso, dos 250 euros aboados, se os beneficios despois de impostos fosen superiores a 480.000, 50 euros, ou a parte proporcional no caso do persoal que non estivese de alta todo o ano, quedasen consolidados para os anos seguintes.<br>Para o ano 2020 e 2021:<br>· Se os beneficios anuais fosen igual ou superiores a 400.000 e inferiores a 550.000, pago único non consolidable de 150 euros na nómina de abril do ano seguinte a todo o persoal que, prestase servizos na mesma durante todo o ano anterior ou na parte proporcional que corresponda atendendo aos días de alta na mesma.<br>· Se os beneficios anuais fosen igual ou superiores a 550.000 euros e inferiores a 700.000 euros, pago de 200 euros coas mesmas condicións e ao mesmo persoal recollido no parágrafo anterior.<br>· Se os beneficios fosen superiores a 700.000 euros, pago de 250 euros nas mesmas condicións que os parágrafos anteriores.<br>· Se nos anos 2020 e 2021 os beneficios anuais antes de impostos fosen superiores a 700.000 euros, do pago realizado segundo os parágrafos anteriores, consolidaranse 70 euros/ano ou a parte proporcional no caso do persoal que non estivese de alta todo o ano, no ano 2018 e seguintes. Se o beneficio anual antes de imposto fose superior a 700.000 euros, os 70 euros consolidados incrementaranse en 10 euros mais.<br>Durante a de vixencia do presente convenio, si o IPC superase o 1.5% (IPC publicado polo INE), o diferencial resultante de restar o IPC real do 1,5, repercutirase como incremento salarial, aplicando á taxa resultante (diferencial ) como subida sobre o salario base de cada categoría, xerando atrasos desde o mes en que se supere o 1.5%. No suposto de que se leve a cabo o citado incremento elaborarase unha nova táboa salarial do ano correspondente. | Si | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36002871011996 | KIWI ATLÁNTICO, S.A. | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2022 (BOP nº 180, 17/09/2021)<br><br>ARTIGO 2.- VIXENCIA E DURACIÓN<br>O presente Convenio Colectivo terá unha duración de dous anos, a contar dende o 1 de xaneiro do 2021, finalizando o seu efecto o 31 de decembro do 2022. O remate da súa vixencia entenderase denunciado automaticamente, e manterase a súa vixencia ate que sexa substituído por un convenio do mesmo ámbito. | 1,2 | ARTIGO 12.- RETRIBUCIÓNS<br>Todo o persoal afectado polo presente Convenio percibirá as retribucións consignadas nas táboas anexas I e II, para os anos 2020 e 2021. Os incrementos para a vixencia do presente convenio serán os seguintes:<br>Ano 2021: 1.2% sobre a táboa salarial do 2020.<br>Ano 2022: 1.2% sobre a táboa salarial do 2021. | Non | 1,2 |
| 36004422012010 | LASER GALICIA, S.L. | Convenio colectivo | CONVENIO 2019 - 2021 (BOP nº 68, 13/04/2021)<br><br>Artigo 2º. Vixencia, prórroga e denuncia<br>O presente Convenio Colectivo terá unha vixencia de TRES anos, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2019 e rematando o 31 de decembro de 2021.<br>Quedará automaticamente denunciado con tres meses de antelación ao seu vencemento, prorrogándose o actual convenio ata a entrada en vigor do seguinte.<br><br>No Artigo 1º. Ámbito de aplicación, consideracións iniciais indica: Para todos os asuntos que non estean recollidos neste Convenio de Empresa, ambas as partes acordan someterse ao "Convenio Colectivo de Industrias do Metal sen convenio propio da provincia de Pontevedra" vixente en cada momento. | 1,25 | Artigo 44º. Revisión Salarial<br>Os salarios dos anos 2019, 2020 e 2021 actualizaranse cun incremento lineal anual dun 1,25% sobre as respectivas táboas salariais do ano anterior.<br>Establécese que durante os anos 2019 e 2020 adoptaranse as mesmas revisións salariais do Convenio Colectivo de Industrias do Metal sen convenio propio da provincia de Pontevedra, de modo que se manteña a diferenza de percepcións. | Non | 1,25 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36004552012010 | LEAR CORPORATION PONTEVEDRA, S.L. *[antes GRUPO ANTOLÍN PGA, SAU]* | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2023 (BOP nº 148, 04/08/2021)<br><br>2/ Prórroga e Denuncia<br>O presente convenio non requirirá denuncia ningunha, quedando automaticamente denunciado ao seu vencemento. Con todo, calquera das partes poderá anticipar a súa denuncia dentro dos tres meses previos ao seu vencemento.<br>As partes comprométense a constituír a mesa de negociación ao cabo dun mes da denuncia ou a requirimento de calquera das partes unha vez se produza o vencemento deste de forma automática. En tanto non quede substituído por outro convenio colectivo do mesmo ámbito, o presente quedará prorrogado, salvo do disposto legalmente respecto a este extremo.<br>4/ Duración<br>O presente Convenio Colectivo terá unha duración de 4 anos, iniciando a súa vixencia o 1 de xaneiro de 2020 e rematando esta o 31 de decembro de 2023. Comprendendo, por tanto, os anos 2020, 2021, 2022 e 2023, salvo aqueles artigos que recollan un período específico diferente.<br>1/ Alcance<br>O presente Convenio regulará as condicións laborais de todo o persoal da empresa LEAR CORPORATION PONTEVEDRA, entendendo como empresa o seu centro de traballo actual con sede no Polígono Industrial As Gándaras, Nave R metade norte 36475 Porriño-Pontevedra, e calquera outro que puidese establecerse no futuro, na provincia de Pontevedra, así como por extensión onde o persoal de Lear Corporation Pontevedra realizase servizos en nome da Empresa.<br>Neste convenio recóllense medidas dirixidas a promover a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres no ámbito laboral, sendo este o espírito que anima o seu articulado.<br>A actividade económica á que se aplica o presente Convenio é a Fabricación doutros compoñentes, pezas e accesorios para vehículos de motor. O obxecto social da empresa engloba diversas actividades para a fabricación de Compoñentes para carrocería e chasis, tales como o deseño e industrialización, a través de procesos de Perfilado, Soldadura e Estampaxe.<br>As condicións que se establezan no Convenio colectivo de Lear Corporation Pontevedra non poderán ser inferiores en cómputo global ás establecidas no Convenio Colectivo do Metal da provincia de Pontevedra para empresas sen convenio propio.<br>66/ Lexislación subsidiaria<br>En todo o non expresamente regulado neste Convenio estarase ao previsto no Convenio Colectivo do Metal da provincia de Pontevedra para empresas sen convenio propio e ao regulado no Estatuto dos Traballadores. | 1,5 | 41/ Táboa salarial<br>Establécese unha táboa de percepcións económicas mínimas garantidas pola xornada laboral ordinaria, que será, para cada persoa traballadora, a que corresponda á súa categoría profesional ou nivel salarial, sen discriminación ningunha por razón de sexo, e que se atopan no Anexo II deste Convenio.<br>Establécese como suba salarial dos salarios fixos brutos determinados para a vixencia do presente convenio, os seguintes: A vixencia do presente convenio comprende desde o 1 de xaneiro de 2020 ao 31 de decembro de 2023. Durante a vixencia deste, establécense os seguintes incrementos salariais:<br>· 2020: Incremento do 0,75%<br>· 2021: Incremento do 1,50%<br>· 2022: Incremento do 1,75%<br>· 2023: Incremento do 2,00%<br>Os atrasos derivados da revisión salarial que se levará a cabo no ano 2021 aboaranse na nómina de marzo. O resto dos conceptos, de ser procedente, actualizaranse de igual forma non xerándose retroactividade dos conceptos que non sexan única e exclusivamente táboas salariais. | Non | 1,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36000882011982 | LICEO MARÍTIMO DE BOUZAS | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2023 (BOP nº 233, 01/12/2021)<br><br>Artigo 3. Ámbito temporal e denuncia<br>A vixencia deste convenio colectivo esténdese desde o día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2023 con independencia da data na que o organismo administrativo competente leve a efecto a súa publicación oficial.<br>O convenio denunciarase 2 meses antes do seu vencemento por calquera dos asinantes; as partes reuniranse antes dos tres meses seguintes ao termo do ano natural de vencemento do convenio.<br>Denunciado o convenio, e mentres non se chegue a acordo sobre o novo, durante todo o período de negociación, para a súa renovación, este convenio permanecerá plenamente vixente mentres non sexa substituído por outro do mesmo ámbito. | 0 | Artigo 43. Incrementos salariais<br>O incremento salarial, na vixencia do presente convenio, será dun 1%, excepto cando o IPC do ano anterior sexa cero ou negativo. No caso de que o IPC do exercicio anterior sexa superior ao 1%, aplicarase a porcentaxe do IPC correspondente co tope do 1,50%.<br>Tendo en conta que o IPC do ano 2020 foi -0,5% e o do presente ano prevese que peche nun 2,9%, no anexo das táboas salariais aplicáronse as seguintes porcentaxes :<br>- Ano 2021: 0 %.<br>- Ano 2022: 1,50 %.<br>- Ano 2023: 1,00 %.<br>Para o caso que o IPC no ano 2021 finalmente non alcance o 1,5% e no ano 2022 sexa negativo, cero ou superior ao 1%, deberá modificarse e actualizarse o anexo das táboas salariais dos anos 2022 e 2023, conforme ao incremento salarial pactado no presente convenio.<br>Os efectos económicos deste convenio entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2021. | Si | 0 |
| 36003552012002 | Mª CARMEN PORTO DIÉGUEZ | Convenio colectivo | CONVENIO 01/01/2019 - 31/07/2021 (BOP nº 66, 09/04/2021)<br><br>ARTIGO 2.- VIXENCIA, DURACIÓN E DENUNCIA<br>O presente Convenio Colectivo terá unha duración de dous anos e medio, a contar dende o 1 de xaneiro do 2019, finalizando o seu efecto o 31 de xullo do 2021. O remate da súa vixencia entenderase denunciado automaticamente, e manterase a súa vixencia ate que sexa substituído por un convenio do mesmo ámbito. | 1 | Incremento salarial 2021 calculado: 1%<br><br>ARTIGO 10.- RETRIBUCIÓNS<br>Todo o persoal afectado polo presente Convenio percibirá as retribucións consignadas nas táboas anexas. | Non | 1 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36004202012007 | MAIER FERROPLAST, S.C.G. | Convenio colectivo | CONVENIO 01/05/2019 - 30/04/2023 (BOP nº 59, 29/03/2021)<br><br>Art. 2º. Vixencia.<br>O presente Convenio terá vixencia ordinaria desde o 1 de maio de 2019 e ata o 30 de abril de 2023.<br><br>Art. 3º. Prórroga e denuncia.<br>Quedará automaticamente denunciado, con 3 meses de antelación ao seu vencemento, prorrogándose o actual Convenio ata a entrada en vigor do seguinte.<br><br>Art. 72º. Lexislación Subsidiaria.<br>En todo o que non estea expresamente regulado neste Convenio estarase ao previsto no Estatuto dos Traballadores e no convenio xeral supletorio de aplicación, así como disposicións legais vixentes ou que poidan promulgarse durante a vixencia do Convenio. | | Art.40º. Salarios e incremento salarial.<br>As táboas salariais aplicables durante a vixencia deste convenio son as que aparecen no anexo I e que se corresponden coas que se fixaron no ano 2015. Son as denominadas "Táboas salariais de mínimos".<br>Sobre esas táboas salariais consolidadas as partes alcanzan os seguintes acordos.<br>Ano 2019: Incremento salarial do 1,5% dende abril do 2019 sobre todos os conceptos. Así mesmo os seguintes incrementos por grupos profesionais, que se aboarán en cada unha das catorce pagas e incorporaranse ó salario base, tal e como xa constan reflectidos no anexo dous.<br>Comp1 Comp2<br>Grupo 1 y 2 17,8751 0,56078<br>Grupo 3 9,3974 0,56078<br>Grupo 4 3,8606 0,56078<br>Grupo 5 0,6345 0,56078<br>Grupo 6 0,3284 0,56078<br>Grupo 7 0 0,56078<br>Para os seguintes anos de vixencia deste convenio, o persoal ao que lle afecte terá dereito aos mesmos porcentaxes de incremento que para si acorden os socios cooperativistas. Serán efectivos de forma automática no mesmo mes a partir do cal estes os perciban.<br>En todo caso, no momento que os socios cooperativistas acorden en calquera dos anos de vixencia minorar as súas retribucións, ao persoal afectado por este convenio tamén se lle minorarán as súas no mesmo porcentaxe ata o límite máximo das táboas salariais de mínimos do ano 2015 que se contemplan no primeiro apartado deste artigo. Para que teña efectos a minoración contemplada, debe existir coñecemento previo dos representantes legais dos traballadores e que se acredite a mesma mediante copia do acordo do Consello Reitor no que conste tal circunstancia.<br>No suposto de cos socios cooperativistas acorden aplicar un novo sistema retributivo na cooperativa, este será explicado ós representantes legais dos traballadores, así como a todos os traballadores por conta allea, para a súa comprensión.<br><br>Art. 41º. Revisión salarial.<br>Durante a vixencia deste convenio non haberá revisión salarial. | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36104852012016 | MONTAJES ROTELU, S.L. | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2022 (BOP nº 106, 07/06/2021)<br><br>Artigo 3.- Vixencia e tácita recondución.<br>O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e estará vixente ata o 31 de decembro de 2022. Iso con todo, os efectos económicos retrotraeranse ao 1 de xaneiro de 2021.<br>Rematada a súa vixencia, o convenio prorrogarase por períodos anuais se, polo menos con tres meses de antelación ao seu termo ou ao de calquera das súas prórrogas, ningunha das partes solicitara forma legal a súa revisión ou rescisión. | 2 | Incremento salarial 2021 calculado: 2%<br><br>Artigo 19.- As remuneracións para o ano 2021 serán as establecidas no Anexo.<br>O salario revisarase anualmente, conforme a variación do IPC, agás que esta sexa negativa, nese caso non se modificará a remuneración.<br>No período de vixencia do convenio colectivo e en todos os supostos, respectarase o salario mínimo interprofesional vixente en cada anualidade que estableza o goberno da nación. | Si | 6,5 |
| 36105342012021 | POREXGAL, S.L. | Convenio colectivo | CONVENIO 2019 - 2025 (BOP nº 163, 25/08/2025)<br><br>Artigo 3º.-Ámbito temporal.<br>O presente convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2021 con independencia da súa data de publicación. Con todo, aplicarase aos anos 2019 e 2020 o disposto no mesmo en relación coa contía dos salarios e retribucións.<br>O presente convenio terá vixencia ata o día 31 de decembro de 2025.<br>Artigo 4º.-Denuncia.<br>Este convenio colectivo enténdese automaticamente denunciado á finalización do mesmo, comprometéndose ambas as partes para iniciar a negociación do novo convenio un mes antes da súa finalización. | 0 | Incremento salarial 2021 calculado: 0%<br><br>Artigo 9º.-Retribución.<br>As retribucións para o ano 2019 serán as recollidas na táboa anexa.<br>As retribucións para o ano 2020 serán as recollidas na táboa anexa.<br>As retribucións para o ano 2021 serán as recollidas na táboa anexa<br>As retribucións para os seguintes anos incrementaranse na mesma proporción en que o faga o IPC anual. Con todo, garántese en todo caso unha subida mínima do 0,50% anual para o caso de que o incremento do IPC sexa inferior á devandita porcentaxe. | Non | 0 |
| 36000051011981 | PREMIUM MIX GROUP, S.L. - Centro de traballo de MONDARIZ | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2021 (BOP nº 233, 01/12/2021)<br><br>Articulo 3) VIXENCIA E DURACIÓN<br>Este Convenio entrará en vigor o día da súa aprobación sen prexuízo do cal, as condicións económicas aplicaranse a partir do 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2021. Con todo, subsistirán os seus preceptos normativos, ata a entrada en vigor do que lle substitúa.<br>O presente Convenio será denunciado por escrito con tres meses de antelación ante a autoridade laboral e a outra parte.<br>Artigo 36) DENUNCIA DO CONVENIO<br>O presente Convenio será denunciado por escrito con tres meses de antelación ante a autoridade laboral e a outra parte.<br>Artigo 29) RELACIÓNS LABORAIS<br>Todo o que non se cita neste Convenio, rexerase polas normas xerais do Estatuto dos Traballadores, e a normativa vixente de Embotelladores de Augas Minerais Naturais. | | No Artigo 9) AUMENTO SALARIAL INDICA:<br>A) Os soldos e xornadas e plus de antigüidade vixentes, quedan substituídos pola táboa de soldos base e complementos antigüidade que figuran nos Anexos 2 e 3 deste convenio.<br>Aumento fixo<br>Para cada un dos anos de vixencia do acordo, páctase un incremento salarial lineal consolidado de 125€ bruto, baixo o concepto Complemento Produtividade, repartido en 12 mensualidades (importe: 10,42€ mes). | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36105372012021 | REMOLCADORES NOSA TERRA, S.A. - Persoal buques e oficinas | Convenio colectivo | CONVENIO 01/07/2020 - 31/12/2024 (BOP nº 236, 07/12/2021)<br><br>Artigo 1.2 Vixencia.<br>Entrará en vigor a partir do día seguinte á data da súa firma e despregará a súa vixencia ordinaria ata o 31 de decembro de 2024, salvo en toda materia económica que se retrotraerá a primeiro de xullo de 2020 exclusivamente para o persoal de alta á firma do convenio.<br>A denuncia será automática; manterán vixencia as súas cláusulas normativas e obrigacionais ata a consecución dun novo convenio colectivo que o substitúa. | 0,75 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística: 0,75%<br><br>Artigo 7.2 Incrementos retributivos<br>Son os que se fixan nas táboas salariais anexas en atención ao servizo que se presta. Os incrementos retributivos en relación coas táboas anteriores fixados para o ano 2020, aínda que fixados en termos anuais, percibirase a partir do primeiro de xullo de 2020, sen que caiba pedir actualizacións ou atrasos dos meses previos, isto é, de xaneiro a xuño, ambos inclusive. | Non | 0,75 |
| 36100041012011 | RODICUT INDUSTRY S.A.U. | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2021 (BOP nº 163, 25/08/2021)<br><br>Artigo 2º. Vixencia.<br>O presente Convenio Colectivo terá unha vixencia de dous anos, entrando en vigor a partir do 1º de xaneiro de 2020 e finalizando o 31 de decembro de 2021.<br><br>Artigo 3º. Prórroga e denuncia.<br>O presente Convenio Colectivo quedará automaticamente denunciado, con 2 meses de antelación ao seu vencemento. Unha vez denunciado o presente Convenio Colectivo, continuará vixente ata que entre en vigor un novo Convenio Colectivo de Empresa que os substitúa.<br>Durante as negociacións do mesmo e ata que se asine e entre en vigor o novo Convenio Colectivo de Empresa, aplicarase ás táboas do presente Convenio o incremento salarial establecido no Convenio Colectivo de traballo para empresas do metal sen convenio propio da provincia de Pontevedra, vixente o 1 de xaneiro de 2022 e sucesivos. | 1,5 | Artigo 41º. Salarios<br>Acordase un incremento salarial para 2020 do 1,50% sobre os valores das táboas salariais de 2019, que será de aplicación con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2020 e un incremento salarial do 1,50% para 2021 sobre os valores das táboas salariais de 2020, que será de aplicación con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2021.<br>Revisión salarial: se a 31 de decembro de 2020 o IPC real do devandito ano superase o 1,50%, efectuarase unha actualización salarial no exceso sobre o citado 1,50% que exclusivamente servirá de base de cálculo para as táboas salariais do ano 2021.<br>Respectaranse as condicións económicas derivadas das condicións persoais do traballador. | Non | 1,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36002202011992 | Servizo de limpeza do Hospital Álvaro Cunqueiro e Xeral pertencentes a EOXI Vigo - ACCIONA FACILITY SERVICES SA | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2022 (BOP nº 164, 26/08/2021)<br><br>Artigo 2. ÁMBITO TEMPORAL: DURACIÓN E VIXENCIA.<br>O presente convenio terá unha duración de tres anos, dende o día 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2022, sendo revisables e aplicables os salarios establecidos nel en función dos aumentos que se produzan no persoal laboral da Xunta de Galicia en dita data.<br>Entrará en vigor o día do seu asinamento, se ben os seus efectos económicos terán carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro de 2020.<br>a) O presente Convenio considerarase automaticamente denunciado, unha vez rematada a vixencia prevista no artigo anterior, sen necesidade de aviso previo ningún. Unha vez rematada a vixencia, as partes deberán constituír a mesa no prazo dun mes, é dicir o 31 de xaneiro de 2023. O remate da vixencia será comunicado a todas as partes negociadoras.<br>a) O prazo máximo para a negociación dun novo convenio será de doce meses, a contar dende a data da perda da súa vixencia.<br>b) Por penalización, se no transcurso dos meses posteriores á constitución da mesa non se negociase un novo convenio, o texto do presente convenio quedaría prorrogado, agás as táboas salariais, que se verán incrementadas no 1,5 % por riba da suba que estipule o SERGAS para as súas persoas traballadoras.<br>c) Se a entrega do anteproxecto se efectuase no período de licitación do Profesional de limpeza, os meses para a penalización comezarían a contar dende o día da adxudicación do concurso de limpeza.<br><br>DISPOSICIÓN FINAL. LEXISLACION SUBSIDIARIA<br>O non contemplado neste convenio colectivo estarase ao disposto no Estatutos dos Traballadores e no Convenio Provincial de limpeza de edificios e locais de Pontevedra. | 0,9 | Incremento salarial 2021 calculado: 0,90%<br><br>Artigo 21. RETRIBUCIÓNS.<br>As retribucións correspondentes as distintas categorías afectadas por este convenio faranse efectivas o último día de cada mes. Aplicaranse a partir do 1 de xaneiro de 2020 ate o 31 de decembro de 2022, sendo revisadas o día 1 de xaneiro de 2020 cos incrementos que se produzan entre o persoal laboral da Xunta de Galicia do SERGAS. No caso de que se produza revisión salarial para o persoal do SERGAS, será aplicada aos afectados por este convenio na mesma contía. | Non | 0,9 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36004291012008 | SETEX APARKI, S.A. - Servizo de retirada, inmobilización, depósito e xestión de cobramento dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública do Concello de Vigo | Convenio colectivo | CONVENIO 2021-2024 (BOP nº 234, 02/12/2021)<br><br>ART 2º VIXENCIA.<br>O convenio entra en vigor a todos os efectos o día seguinte da súa publicación no BOP, agás os económicos que se retrotraerán ao 1 de xaneiro de 2021, a excepción do que expresamente se pacte respecto á súa aplicación.<br>O devandito convenio entenderase prorrogado no seu contido, en tanto non sexa substituído por outro posterior.<br><br>ART 3º DURACIÓN.<br>O presente Convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2021 estendéndose ata o 31 de decembro de 2024.<br>As partes asinantes do presente convenio acordan que este quedará automaticamente denunciado nos termos contemplados no art. 86 do Estatuto dos Traballadores, acordándose o inicio das negociacións para a súa renovación no ano 2025 e manténdose en vigor o texto e as táboas salariais do mesmo ata a firma do novo convenio-.<br><br>ART 8º LEXISLACIÓN SUPLETORIA<br>Para todo o non previsto neste convenio, seralle de aplicación a Lexislación Laboral vixente, e en especial o Convenio colectivo xeral de ámbito estatal para o sector do estacionamento regulado en superficie e retirada e depósito de vehículos da vía pública. (código do convenio número 99012845012001) e no non previsto, a Lei do Estatuto dos Traballadores, Texto Refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015. | 0,5 | CLÁUSULA ADICIONAL<br><br>Incremento salarial sobre os conceptos da táboa salarial<br><br>O INCREMENTO SALARIAL PARA O ANO 2021 SERA 0,50 %<br><br>O INCREMENTO SALARIAL PARA O ANO 2022 SERA 0,50 %<br><br>O INCREMENTO SALARIAL PARA O ANO 2023 SERA 0,75 %<br><br>O INCREMENTO SALARIAL PARA O ANO 2024 SERA 0,75 % | Non | 0,5 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36100141012014 | SNOP ESTAMPACIÓN S.A. - Centro de traballo de Vigo | Convenio colectivo | CONVENIO 01/06/2021 - 31/05/2023 (BOP nº 232, 30/11/2021)<br><br>Artigo 3. Ámbito temporal.<br>3.1.- O presente Convenio entrará en vigor o día 1 de xuño de 2021 e a súa duración finalizará o 31 de maio do 2023, con independencia da data da súa publicación oficial.<br>3.2.- Con todo, unha vez terminada a súa vixencia inicial, e ata que non se logre acordo expreso, para os efectos previstos no Art. 86 punto 3 e 4 de E. T., entenderase que se mantén a vixencia do seu contido normativo.<br><br>Artigo 4. Denuncia e revisión.<br>4.1.- O convenio considerarase prorrogado, ano a ano, automaticamente en caso de non producirse denuncia por ningunha das partes asinantes.<br>4.2. - Calquera das partes asinantes poderá denunciar o convenio dentro dos tres últimos meses da súa vixencia ou en calquera momento no caso de prórrogas.<br>4.3.- As negociacións para a revisión do novo convenio deberán iniciarse no prazo máximo dun mes a partir da recepción da comunicación da denuncia, na que a parte denunciante do convenio acompañará un documento escrito razoado sobre os motivos da denuncia e unha plataforma dos puntos a deliberar coas súas propostas de negociación.<br>4.4.- As partes negociarán de boa fe, e procurarán que as negociacións se desenvolvan coa continuidade necesaria a fin de alcanzar un acordo.<br>4.5.- Mentres non se asine un novo convenio, este permanecerá en ultraactividade, salvo acordo entre as partes.<br><br>Artigo 39. Dereito supletorio.<br>En todo o non previsto no presente Convenio, estarase ao disposto no Convenio Colectivo de traballo do sector do metal da provincia de Pontevedra, o Convenio colectivo Estatal da Industria, a Tecnoloxía e Servizos do Sector do Metal e no Estatuto dos traballadores e nas demais leis e disposicións complementarias. | | Artigo 22. Criterios para os incrementos salariais<br>Establécense os seguintes incrementos salariais:<br>· A partir do 1 de xuño do 2021 aplicarase unha subida salarial do 2%.<br>· A partir do 1 de xuño do 2022 aplicarase unha subida salarial do IPC* + 0,5%<br>O IPC interanual ao 30 de abril será o do período comprendido entre o 01 de maio do 2021 ao 30 de abril do 2022, publicado en maio do ano da revisión, para aplicar a partir do 1 de xuño de 2022.<br>Os incrementos salariais a partir do 1 de xuño de 2021 en diante aplicaranse sobre os conceptos seguintes:<br>· Salario base.<br>· Complemento posto de traballo.<br>· Horas extras.<br>· Plus nocturno<br>· Plus cuarta quenda.<br>· Complemento ad personam<br>· Plus tóxico-penoso.<br>· Plus suplencia de encargado<br>· Plus de dispoñibilidade mantemento<br>· Plus almacén.<br>· Gastos xornada completa, media xornada e quilometraxe<br>· Gran invalidez, incapacidade permanente e morte.<br>· Subsidio escolaridade (mensual de setembro a xuño, ambos inclusive). | Si | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36100121012014 | SOCIEDAD AGRÍCOLA GALLEGA S.L. - SOAGA | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2025 (BOP nº 164, 26/08/2021)<br><br>Artigo 4. Ámbito temporal.<br>O presente convenio colectivo terá unha vixencia de cinco (5) anos, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2021, e finalizando o día 31 de decembro de 2025, con independencia da súa publicación no "Boletín Oficial" correspondente.<br><br>Artigo 5. Denuncia e prórroga.<br>A denuncia do convenio colectivo poderá realizarse por calquera das partes lexitimadas para iso, a través de comunicación escrita, que deberá dirixirse á outra parte asinante, cunha antelación mínima de tres (3) meses con respecto ao vencemento do prazo de vixencia do mesmo, ou de calquera das súas prórrogas, se as houbese, contendo os preceptos que se pretenden revisar, así como o alcance da revisión.<br>No prazo máximo dun (1) mes desde a recepción da comunicación da denuncia efectuada por unha das partes asinantes, ambas as partes están obrigadas a celebrar a reunión constitutiva da Comisión Negociadora do presente convenio, na cal se establecerá un plan de negociación do novo convenio colectivo. As partes obríganse a negociar de boa fe.<br>Unha vez denunciado, manterase vixente na súa totalidade ata tanto non se logre un novo convenio colectivo que o modifique ou substitúa, por acordo das partes lexitimadas para negocialo.<br>De non mediar denuncia ao respecto, finalizado o período de vixencia, o presente convenio colectivo entenderase prorrogado de ano en ano natural. | 1,6 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística: 1,60%<br><br>Artigo 25. Estrutura salarial.<br>1.- Con efectos do día 1 de xaneiro de 2021, aplicarase esta nova estrutura salarial, ou sistema de remuneración, en substitución plena da que se viñese aplicando ata esa data; adaptándose os conceptos salariais ata o de agora vixentes aos aquí recollidos, sen que iso supoña un incremento na percepción bruta anual do persoal, independentemente da diferenza dos importes dos conceptos anteriores respecto dos actuais.<br>En consecuencia, sen diminución ningunha do importe bruto de remuneración fixa (incluídas pagas extraordinarias), considerada a nivel individual, e en cómputo global anual, adaptarase todo o persoal ao sistema de remuneración contido neste convenio colectivo.<br>2.- O sistema de remuneración queda determinado polos seguintes conceptos:<br>a) Salario base.<br>b) Complementos salariais.<br>Os importes dos conceptos salariais que figuran neste convenio son, en todo caso, cantidades brutas, debendo a Empresa reter as cargas sociais e fiscais que corran a cargo da persoa contratada, de conformidade co legalmente disposto.<br><br>Artigo 26. Salario base.<br>Entenderase por salario base a parte da retribución aboada ao persoal, en función do seu grupo profesional de encadramento, pola realización do traballo convido durante a xornada ordinaria anual efectiva fixada no presente convenio e os períodos de descanso legalmente establecidos. O persoal con contrato a tempo parcial percibirá o salario base en proporción á xornada pactada.<br>Se nalgún suposto o salario anual da persoa contratada non alcanzase o Salario Mínimo Interprofesional vixente en cada momento, en proporción ao tempo de traballo, aboarase un complemento salarial adicional ata que as retribucións totais anuais alcancen o devandito Salario Mínimo.<br>O salario base de cada grupo profesional, anual a tempo completo e con inclusión de pagas extraordinarias, a partir do 1 de xaneiro de 2021 será de:<br>... | Non | 1,6 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36003351012004 | TRAINASA (Tratamiento Industrial de Aguas, SA) - Centro de traballo EDAR río Lagares | Convenio colectivo | CONVENIO 2019 - 2022 (BOP nº 68, 13/04/2021)<br><br>Artigo 3.- Ámbito temporal.<br>Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura. Non obstante, os efectos económicos salariais terán vixencia desde o 1 de xaneiro de 2019 independentemente da data da súa publicación. A duración do presente convenio será de 4 anos, ata o 31 de decembro de 2022.<br><br>Artigo 4.- Denuncia.<br>Ambas as partes consideran automaticamente denunciado este convenio ao final da súa vixencia, 31 de decembro de 2022, comprometéndose a iniciar a negociación do próximo convenio un mes antes da finalización da vixencia do actual, quedando vixente o presente convenio ata a sinatura dun novo que o substitúa.<br><br>Artigo 32.- Lexislación subsidiaria.<br>En todo o non recollido no presente convenio, rexerase polo disposto no VI Convenio Colectivo Estatal de las Industrias de Captación, Elevación, Condución, Tratamento, Distribución, Saneamento e Depuración de Augas Potables e Residuais (2018-2022), publicado no Boletín Oficial do Estado do 3 de outubro de 2019, actualmente en vigor, e posteriormente na futura regulación que a este respecto se estableza no convenio colectivo que o substitúan, sen supoñer ningún coste económico adicional ao pactado no presente convenio colectivo. | | Artigo 6.- Conceptos Retributivos.<br>As retribucións do persoal estarán compostas polo salario base de convenio e os complementos que para cada actividade, grupo profesional e nivel se determinan no articulado do convenio.<br>O pagamento da nómina mensual efectuarase mediante transferencia bancaria á entidade previamente designada polo persoal, dentro dos cinco derradeiros días do mes.<br>O abono da nómina correspondente ao mes de decembro efectuarase o día 22 de dito mes.<br><br>Artigo 7.- Salario Base.<br>As retribucións en concepto de salario base serán as establecidas nas táboas anexas ao presente convenio colectivo. | Non | |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36104632012012 | TREVES GALICIA, S.L.U. | Convenio colectivo | CONVENIO 2019 - 2021 (BOP nº 72, 19/04/2021)<br><br>Art. 1.4. Ámbito temporal<br>O convenio colectivo entrará en vigor para todos os efectos o primeiro de xaneiro de 2019 e estenderá a súa vixencia ata o próximo 31 de decembro de 2021. Unha vez expirada a súa vixencia, este seguirase aplicando nos seus propios termos, mentres non fose substituído por novo convenio ou norma de específica aplicación.<br><br>Art. 1.5. Denuncia do convenio<br>A denuncia propoñendo a resolución ou revisión do convenio deberá comunicarse á outra parte coa antelación mínima de dous meses respecto da data de remate da vixencia. O escrito de denuncia axustarase á normativa legal vixente en cada momento, e unha copia deste será remitida á administración competente correspondente.<br><br>Art. 1.6. Prazos de negociación<br>Unha vez que se produciu a denuncia do convenio, no prazo máximo de 15 días a partir da recepción da comunicación, procederase a constituír a comisión negociadora; a parte receptora da comunicación deberá responder á proposta de negociación e ambas as partes establecerán un calendario ou plan de negociación, debéndose iniciar esta, nun prazo máximo de quince días a contar desde a constitución da comisión negociadora.<br>Iniciada a negociación para a revisión do convenio, o prazo máximo de negociación será de catro meses. Finalizado o devandito prazo sen se ter alcanzado un novo convenio, as partes acordan que a discrepancia se dilucidará mediante o procedemento de mediación previsto no AGA.<br><br>Art. 11. DISPOSICIÓN ADICIONAL UNHA<br>Agás as remisións expresas que existan neste convenio a outro de ámbito diferente, nos capítulos non regulados expresamente as partes remítense por esta orde ao Convenio Xeral do Sector Téxtil, ao disposto no Estatuto dos Traballadores e ás demais normas con rango de lei de carácter xeral. | 1 | Art. 6.1. Salario base<br>Establécese, con efectos a partir de xaneiro de 2019, unha nova táboa salarial (que se achega anexa). Neste anexo, contémplase igualmente o incremento para o ano 2020 e para o ano 2021.<br><br>Na táboa salarial 2021 indica:<br>Ano_2021<br>· Persoal Operario: Aplicar o 1% de incremento con respecto a 2020 e incrementar o complemento persoal do grupo Nivel I e o Nivel ll de 40 € / mes a 70 € / mes.<br>· Líderes: Reparto equitativo dos complementos desde o nivel III en diante + 1% de incremento con respecto a 2020 e incrementar o complemento persoal do grupo Nivel I e neste caso do Nivel ll, de 40 € / mes a 70 € / mes. | Non | 1 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 36100231012016 | VILARMABA RETAIL, S.L. | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2022 (BOP nº 180, 17/09/2021)<br><br>Artigo 2. Ámbito temporal.<br>O Convenio colectivo entrará en vigor desde a data da firma finalizando o 31 de decembro de 2022, salvo para as materias que teñan unha vixencia específica expresada no propio Convenio.<br>Os efectos económicos das táboas salariais entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2021, salvo disposición expresa contida no propio Convenio.<br><br>Artigo 3. Denuncia.<br>1. A denuncia do Convenio Colectivo, ou da parte que se pretenda revisar ao termo da súa vixencia parcial, efectuarase de conformidade co artigo 89 do Estatuto dos Traballadores, debendo notificarse a mesma cun prazo mínimo de quince días antes da finalización da súa vixencia.<br>De conformidade co previsto no artigo 86.3 do Estatuto dos Traballadores, se no período de negociación non se alcanzase un acordo as partes someterán as súas diferenzas a unha mediación nos termos previstos neste convenio para resolver as discrepancias que xurdan na Comisión Paritaria, aínda que no presente caso o sometemento a arbitraxe das diferenzas terá carácter voluntario.<br>2. As condicións pactadas no presente Convenio colectivo subsistirán, en todo caso, ata a súa nova revisión; con todo, a partir do inicio das deliberacións, perderán vixencia soamente as súas cláusulas obrigacionais, manténdose en vigor, en cambio, o seu contido normativo. | 2 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística: 2%<br><br>Artigo 24. Salario base de grupo.<br>O salario base en cómputo anual a partir do 01/01/2021 será o seguinte:<br>Salario Anual - Euros<br>Grupo III: Profesionais 13.566€<br>Grupo II. Especialistas 13.933,39€ €<br>Grupo I. Mandos 15.565,98€<br>O salario base anual aquí establecido, refírese á execución da xornada máxima anual de traballo efectivo pactada no presente convenio colectivo, sendo de aplicación tanto aos traballadores que actualmente prestan servizo como aos traballadores que ingresen ou reingresen na empresa.<br><br>Artigo 25. Actualización e Incremento Salarial.<br>1- Actualización Salarial: O incremento pactado para os anos 2019 e 2020 incorporouse ás táboas salariais fixadas no artigo 24. Salario Base de Grupo do presente convenio. Nos citados anos, os Salarios Base de Grupo experimentan un incremento do 1% respectivamente, quedando establecidas do seguinte modo:<br>Ano 2019:<br>Salario Anual - Euros<br>Grupo IV: De iniciación Profesional 12.600€<br>Grupo III: Profesionais 12.759,85€<br>Grupo II. Especialistas 13.525,43€<br>Grupo I. Mandos 15.197,18€<br>Ano 2020<br>Salario Anual - Euros<br>Grupo IV: De iniciación Profesional 13.300€<br>Grupo III: Profesionais 13.300€<br>Grupo II. Especialistas 13.795,93€<br>Grupo I. Mandos 15.349,15€<br>2- Incremento Salarial: Para o ano 2022 e con efectos dun de xaneiro, os salarios base Grupo incrementaranse nun 2%, percibíndose por cada traballador en proporción á súa xornada de traballo efectiva, calculado sobre as Táboas salariais do artigo 24 do convenio.<br>Os salarios base persoais incrementaranse na mesma porcentaxe que se aplique aos salarios base de Grupo profesional, de acordo co disposto nos parágrafos anteriores, en proporción á súa xornada anual de traballo efectivo. | Non | 2 |

# COMUNIDADE AUTÓNOMA - EMPRESA. CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 82100172012021 | AIRA, S.C.G. | Convenio colectivo | CONVENIO 2020 - 2022 (DOG nº 130, 09/07/2021)<br><br>Artigo 4. Ámbito temporal<br>As condicións económicas deste convenio rexerán desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2022, con independencia da data da súa publicación no boletín oficial correspondente. O resto de cláusulas, desde a súa sinatura polas partes negociadoras.<br><br>Artigo 5. Denuncia<br>A denuncia do presente convenio efectuaraa por escrito calquera das partes lexitimadas cunha antelación mínima de dous meses á terminación da vixencia deste. En caso de non efectuar tal denuncia na debida forma e antelación, entenderase prorrogado de ano en ano. Unha vez denunciado, permanecerá vixente o seu contido normativo ata que sexa substituído polo novo convenio. | 1,25 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística: 1,25%<br><br>Artigo 39. Salarios<br>Considérase salario a totalidade das percepcións económicas do cadro de persoal, en diñeiro ou en especie, pola prestación profesional dos seus servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa o sentido da remuneración, como os períodos de descanso computables como de traballo.<br>Non terán a consideración de salario as cantidades percibidas polo persoal en concepto de indemnización ou compensacións polos gastos realizados como consecuencia da súa actividade laboral, as prestacións ou indemnizacións de seguridade social, os complementos a estas prestacións ou indemnizacións de seguridade social que poida aboar a empresa como consecuencia de pacto en convenio, contrato individual, traslados, suspensión, cesamentos ou despedimentos.<br>Establécese unha táboa de percepcións económicas mínimas garantidas para a xornada laboral ordinaria que será para cada traballador/a a que lle corresponda segundo o seu grupo profesional de pertenza, sen discriminación de ningunha clase ou tipoloxía.<br>A retribución do persoal suxeito a este convenio colectivo efectúase de acordo coa táboa do anexo I, que comprende o salario bruto anual por grupo profesional e área de actividade.<br>Partidas salariais:<br>As remuneracións económicas dos/das traballadores/as afectados/as por este convenio estarán constituídas por retribucións de carácter salarial e non salarial, é dicir:<br>Retribucións salariais:<br>Salario base: é a parte da retribución do/da traballador/a fixada con carácter básico por unidade de tempo.<br>Na táboa anexo I descríbense as retribucións que por este concepto corresponden a cada traballador/a de acordo co seu grupo profesional, área de actividade e rendemento normal durante a xornada de traballo.<br>Pagas extra: as dúas pagas extra regulamentarias, de verán e Nadal, aboaranse de acordo coas normas respecto diso. Así, aboaranse a razón de 30 días de salario base cada unha delas e conforme os salarios vixentes na data en que se fagan efectivas, e poderán ser rateadas mensualmente por acordo entre empresa e comité ou logo de petición do/da traballador/a.<br>Complementos persoais ou complemento ad personam: estarán integrados por aquelas cantidades que, no momento de entrada en vigor do presente convenio, se percibisen e que derivasen das condicións persoais do/da traballador/a, e que fosen valoradas ao fixar o salario individual excedendo o salario base que lle corresponda de acordo coas táboas. Estes complementos poderán ser absorbibles ou non absorbibles, e en ningún caso se incluirán aquelas partidas de carácter variable, xa sexan incentivos, obxectivos, gratificacións ou calquera outro complemento non consolidado.<br>Este complemento terá natureza de non absorbible ata alcanzar o 25 % do importe que indique a táboa salarial do anexo 1 para cada grupo profesional, as cantidades que excedan esta porcentaxe destinaranse a un complemento de natureza absorbible.<br>Outros complementos por funcións, xornadas especiais e produtividade que poida establecer a empresa ou por acordos co comité de empresa ou contrato de traballo. | Non | 1,25 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 82000252011993 | AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO, CONCESIONARIA ESPAÑOLA, S.A. | Convenio colectivo | CONVENIO 2021 - 2024 (DOG nº 95, 24/05/2021)<br><br>Artigo 4. Ámbito temporal<br>Este convenio, calquera que for a data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG), retrotraerá os seus efectos ao día 1 de xaneiro de 2021 e finalizará o día 31 de decembro de 2024, quedando prorrogado tacitamente por sucesivos períodos dun ano, a non ser que sexa obxecto de denuncia expresa por unha das partes, formulada por escrito cunha anticipación mínima de tres meses á data de conclusión da súa vixencia. Unha vez denunciado, observarase o disposto no artigo 86 de Estatuto dos traballadores.<br><br>Artigo 5. Prelación de normas<br>As normas contidas no presente convenio regulan as relacións entre a empresa e o seu persoal con carácter preferente e prioritario a outras disposicións de carácter xeral, mesmo naquelas materias en que as súas estipulacións difiran das normas que regulan as actividades específicas da empresa, cuxas derivacións e consecuencias se consideran compensadas co conxunto das melloras e condicións do presente convenio en cómputo global anual.<br>Con carácter supletorio, e no non previsto nel, será de aplicación a lexislación laboral vixente en cada momento e demais disposicións de carácter xeral. | 0 | Incremento salarial 2021 indicado na folla estatística e calculado: 0%<br><br>Artigo 24. Retribución<br>A. Soldo convenio.<br>Soldo convenio é o que figura no anexo 4 para cada posto de traballo.<br>Na cantidade que o/a traballador/a percibe en cada unha das catorce pagas formada polo soldo convenio quedan incluídos os complementos de distancia e transporte e demais que durante a vixencia do convenio puideren establecerse e ser de aplicación, así como o concepto de beneficios que establecía a ordenanza laboral de transportes.<br>B. Complemento de posto de traballo.<br>É un complemento de carácter persoal en función do posto de traballo desempeñado e de acordo coa experiencia e os coñecementos profesionais do/da traballador/a na empresa.<br><br>Artigo 25. Complemento de tráfico<br>Calcúlase en función de porcentaxe sobre as táboas salariais, o cal será individual, consolidable e formará parte das retribucións fixas para todos os efectos e que funcionará da seguinte forma:<br>1. Ano 2021: o incremento será igual a 0 %.<br>2. Para os anos 2022, 2023 e 2024, un complemento de tráfico fixo consistente nun incremento a conta do 1 %, o cal será individual, consolidable e formará parte das retribucións fixas para todos os efectos e será aboado desde a primeira nómina do ano en curso. Ao final de cada un dos anos de convenio, revisarase segundo o seguinte:<br>- Ano 2022: o incremento será igual ao 80 % do IPC.<br>- Ano 2023: o incremento será igual ao 85 % do IPC.<br>- Ano 2024: o incremento será igual ao 85 % do IPC.<br>Nos anos 2022, 2023 e 2024, no caso de que as mencionadas porcentaxes do índice de prezos de consumo (IPC) establecido polo Instituto Nacional de Estatística (INE) rexistrasen en 31 de decembro de cada un dos anos 2022, 2023 e 2024 unha porcentaxe de incremento inferior ou igual ao 1%, manterase o 1%.<br>3. Para os anos 2022, 2023 e 2024, un complemento de tráfico variable e non consolidable, só no caso de que o incremento da IMD de peaxe sobre o ano anterior sexa superior ao 1 %, consistente en:<br>a) Unha porcentaxe equivalente ao 20 % do incremento da IMD de peaxe dese ano sobre o ano anterior, o cal se considerará como complemento de tráfico, será non consolidable e aboarase nunha soa paga tan pronto como se constate a IMD de peaxe definitiva.<br>b) Un incremento equivalente á diferenza entre a porcentaxe que o índice de prezos de consumo (IPC) establecido polo Instituto Nacional de Estatística (INE) rexistrase en 31 de decembro e a porcentaxe resultante de aplicar ao IPC anterior a porcentaxe do complemento de tráfico fixo consolidable, o cal se considerará como complemento de tráfico, será non consolidable e aboarase nunha soa paga, tan pronto se constate oficialmente a dita circunstancia, pola diferenza real existente sobre a indicada cifra. Tal diferenza aboarase con efectos do 1 de xaneiro de cada ano.<br>Exemplo:<br>Exemplo 1 Exemplo 2<br>% IPC real ano 2019 1,80 % 2,00 %<br>% INC. IMD 2019 5,34 % 5,34 %<br>Complemento de tráfico fixo 2019 (85 % IPC) 1,53 % 1,70 %<br>Complemento tráfico non consolidable por IMD 1,07 % 1,07 %<br>Complemento tráfico non consolidable por IPC 0,27 % 0,30 %<br>% Total incremento 2,87 % 3,07 % | Non | 0 |

| Código convenio | Denominación convenio | Natureza acordo | Vixencia - Ultraactividade | Incremento salarial pactado inicialmente (%) | Incremento salarial e Cláusula de revisión salarial | Cláusula de revisión salarial 2021 | Incremento final (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 82000292011996 | VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. | Convenio colectivo | CONVENIO 2020-2025 (DOG nº 238, 14/12/2021)<br><br>Artigo 4. Ámbito temporal<br>Este convenio entrará en vigor o día da súa publicación, unha vez homologado pola autoridade laboral. Producirá efectos económicos desde o día 1 de xaneiro de 2020 e terá unha duración de seis anos, que se contará desde a dita data. Rematará a súa aplicación o 31 de decembro de 2025. O devandito convenio será prorrogado tacitamente de ano en ano, mentres calquera das partes non lle manifeste á outra, con antelación mínima dun mes á data de extinción ou de calquera das súas prórrogas, a súa vontade de dalo por rematado.<br>Denunciado, de ser o caso, o convenio colectivo, este permanecerá ultraactivo ata o prazo máximo de tres (3) anos desde a data de denuncia, coas retribucións definitivas establecidas correspondentes ao ano de expiración.<br><br>Artigo 1. Ámbito funcional<br>As normas presentes rexerán na empresa Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., e, en todo o non expresamente previsto nelas, aplicarase o convenio colectivo estatal do ciclo integral da auga e demais normas reguladoras do dereito de traballo. | 1,5 | Artigo 60. Incremento salarial<br>O incremento salarial para cada un dos anos de vixencia do convenio será:<br>Ano 2020: 0,75 %<br>Ano 2021: 1,5 %<br>Ano 2022: 1,5 % con revisión IPC ano anterior (sempre que sexa superior)<br>Ano 2023: 1,75 % con revisión IPC ano anterior (sempre que sexa superior)<br>Ano 2024: 2 % con revisión IPC ano anterior (sempre que sexa superior)<br>Ano 2025: IPC ano anterior + 0,5 % (en caso de ser negativo, computará 0)<br>Garántese que ningunha das categorías estará por debaixo das táboas do convenio estatal do sector. | Non | 1,5 |